

PLENO DO EXCMO. CONCELLO. - NUM. 1

SESION ORDINARIA DO 30 DE XANEIRO DE 2006

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa
Arias Moreira, José Carlos
Barros Puente, Miguel
Bermúdez Pérez, Silvia
Caballero Miguez, Gonzalo
Calviño Rodríguez, Xullo
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Cotobad Tombo, Elías Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Fernández Fernández, Amador
Figuroa Vila, José Manuel
Graña Barcia, María Luisa

Iglesias Carrera, José Manuel
López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Méndez Piñeiro, María Xosé
Molares Pérez, Lucía Emilia
Polo Lima, María Soledad
Porteiro García, María Josefa
Ruiz Cenicerros, Mauricio
Sío Lourido, Belén
Soto Ferreiro, Manoel
Toba Girón, Xabier
Vieitez Alonso, Henrique

NON ASISTEN:

Alonso Vázquez, Xulio
Guerra Fernández, Javier Jorge

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e dez minutos do día trinta de xaneiro do ano dous mil seis, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, Da^a Ma^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figuroa Vila, Graña Barcia, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten os Sres. Alonso Vázquez e Guerra Fernández. Está tamén presente o Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

Antes de comezar a sesión, a Corporación Municipal, máis todos os asistentes no Salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas mulleres vítimas da violencia doméstica.

1.- (1).- ACTA ANTERIOR. (SESIÓN EXTRAORD. 21.11.05)

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez e Guerra Fernández).

Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta correspondente á sesión extraordinaria do Pleno que tivo lugar o día 21 de novembro de 2005.

2.- (2).- PROPOSTA DE SUBSTITUCIÓN DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA CORRESPONDENTE A UN CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.

ANTECEDENTES.- Con data 18 de xaneiro de 2006 o Alcalde accidental formula a seguinte proposta:

“Ó amparo do sinalado no art. 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, tendo en conta o sinalado no art. 157.2.3 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral e a condición de Senadora que ostenta a Alcaldesa, incompatible co desempeño de calquera outro posto retribuído, o Concello Pleno, na súa sesión de data 28 de xuño de 2004, modificou parcialmente o seu acordo de data 29 de decembro de 2003, substituindo a dedicación exclusiva correspondente ó cargo de Alcaldesa pola do cargo de Primeiro Tenente de Alcalde.

En datas próximas a Alcaldía renunciará a súa condición de Senadora, procede, polo tanto, voltar á situación que existía en data anterior ó 28 de xuño de 2004.

En virtude do exposto, ó amparo do sinalado no art. 13.4 do RD 2568/1986, do 26 de novembro, e previa fiscalización pola Intervención Municipal, propónse ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Modificar o acordo plenario de data 28 de xuño de 2004 referente ás dedicacións dos diferentes cargos da Corporación no senso de

S.Ordinaria 30.01.06

substituír a dedicación exclusiva correspondente a un Concelleiro do grupo municipal do Partido Popular pola do cargo de Alcalde/sa.

Segundo.- A retribución a percibir será a determinada para o mesmo cargo no acordo plenario de data 29 de decembro do 2003 coas actualizacións habidas a esta data nos distintos anos nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal ó servizo das Administracións Públicas, os efectos deste acordo produciranse á data na que se concrete a renuncia ó cargo de Senadora.

Terceiro.- No suposto de que a Alcaldía en posterior resolución de execución de acordo adoptado, dictada ó amparo no previsto no art. 75.5 "in fine" da Lei 7/1985, de 2 de abril, suprima da súa dedicación exclusiva a un concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular que ostente cargo representativo na Asemblea Autonómica, o concelleiro en cuestión non se integrará no réxime de dedicación parcial previsto no acordo de 29 de decembro para o "resto dos concelleiros", polo que poderá percibir as indemnizacións que lle correspondan pola asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación dos que forme parte co límite anual das retribucións previstas para os cargos con dedicación parcial.

Cuarto.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboeiro Municipal."

Por escrito de data 20 de xaneiro o Presidente do Senado comunica a aceptación de renuncia da Senadora designada polo Parlamento de Galicia, D^a M^a Corina Porro Martínez, con efectos do día 20 de xaneiro de 2006.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 23 de xaneiro de 2006, dictaminou favorablemente a proposta transcrita anteriormente.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez e Guerra Fernández).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta formulada pola Alcaldía Accidental de data 18 de xaneiro de 2006, tendo en conta que os efectos deste acordo a que se refire o apartado segundo da proposta, produciranse á data de 20 de xaneiro en que se aceptou a renuncia como Senadora da Sra. Porro Martínez.

3.- (3).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 28.11.05 DE NOMEAMENTO DO INTERVENTOR XERAL DO CONCELLO.

S.Ordinaria 30.01.06

ANTECEDENTES.- Con data 28 de novembro de 2005, a Alcaldía-Presidencia dictou a seguinte resolución:

"Con data 4 de xullo de 2005 e 26 de xullo seguinte (corrección de erro), a Xunta de Goberno Local aprobou expediente contendo convocatoria e bases de selección para a provisión do posto vacante de Interventor do Concello de Vigo, mediante o procedemento de libre designación.

Con datas 11 e 25 de agosto de 2005 (corrección de erros), insértase anuncio no Diario Oficial de Galicia, referente á resolución do 27 de xullo de 2005, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se publica a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación dun posto de interventor xeral, reservado a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional do Concello de Vigo (Pontevedra).

Por resolución do 1 de setembro de 2005, da Dirección xeral de Cooperación Local, publicase extracto da convocatoria, no Boletín Oficial do Estado nº 221, do 15 de setembro de 2005.

Que durante o prazo sinalado para a presentación de solicitudes da convocatoria, únicamente o fixo un aspirante que reúne as condicións esixidas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

De conformidade co disposto no art. 99.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local en concordancia co art. 27 do RD 1732/1994, polo que se aproba o regulamento para a provisión de postos de traballo de funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, poderanse cubrir polo sistema de libre designación entre habilitados de carácter nacional da subescala e categoría correspondentes, os postos a estes reservados que se determinen nas relacións de postos de traballo, sempre que o Concello teña unha poboación superior a 100.000 habitantes, que o posto en cuestión a cubrir teña asignado un nivel 30 de complemento de destino e a contía mínima do orzamento vixente ordinario da Corporación sexa superior a 18.030.363,13 (no Concello de Vigo ascende 192.138.507,32). Estando previsto expresamente na relación de postos de traballo do ano 2005, publicada no Boletín Oficial da Provincia de data 7 de xuño de 2005, como sistema de provisión o procedemento de libre designación.

Segundo o disposto no art. 99.2 da Lei 7/1985 (segundo redacción dada por Lei 24/2001 do 27 de decembro de Medidas fiscais, administrativas e de orde fiscal), en concordancia co disposto no art. 27 do RD 1732/94, a convocatoria e as bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local con sometemento ós requisitos formais establecidos no art. 28 do citado RD 1732/94 polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo de funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

É competencia da Alcaldía-Presidencia a resolución desta convocatoria de conformidade co disposto na Disposición adicional oitava da Lei de Bases de Réxime Local, engadida por Lei 57/2003 en concordancia co disposto no art. 28.3 del RD 1732/94 e en base a dito precepto a resolución motivarase con referencia ó cumprimento por parte do candidato a elixir de que reúne os

requisitos e especificacións esixidos na convocatoria e a competencia para proceder ó nomeamento.

Por todo isto, e unha vez cumprimentados os trámites establecidos na lexislación de aplicación e visto o perfil curricular do único aspirante presentado, así como a constatación de que reúne os requisitos e especificacións da convocatoria, no uso das competencias conferidas á Alcaldía-Presidencia pola lexislación de bases de réxime local e o art. 28.3 do RD 1732/1994, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo de funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional,

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear a D. Juan Ramón González Carnero (NIF 34.249.488-G), para o posto de Interventor Xeral do Concello de Vigo.

Segundo.- Dease traslado da presente resolución ó Pleno do Concello de Vigo, na próxima sesión que se realice, así como ó órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia e á Dirección Xeral da Función Pública para anotación e publicación conxunta no Boletín Oficial do Estado.

Terceiro.- O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles, se o destino anterior radica na mesma localidade ca do novo destino, e dun mes, se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ó servizo activo do funcionario. Este prazo comezará a contar a partir do día seguinte ó do cesamento que deberá producirse dentro dos tres días hábiles seguintes ó da publicación da resolución desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado."

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando iste enterado.

4.- (4).- ARQUIVO DE EXPEDIENTE DE REVISIÓN DE OFICIO PARA A DECLARACIÓN DE NULIDADE DO CONVENIO FORMALIZADO ENTRE "MIRAFLORES VIGO, S.A." E O CONCELLO DE VIGO O DÍA 26 DE OUTUBRO DE 1992 E INICIO DE NOVO EXPEDIENTE DE REVISIÓN PARA OS MESMOS FINS. EXPTE. 4619/401.

ANTECEDENTES.- Con data 13 de xaneiro de 2006, o xefe do Servizo de Recursos e Asesoramento emite o seguinte informe:

"Primeiro.- Con data 3 de maio de 1992 o ministro de Obras Públicas e Transportes e o alcalde-presidente do Concello de Vigo asinaron un convenio, ratificado polo Concello-Pleno o 10 de xullo de 1992, no que entre outras estipulacións e con relación a rede viaria no medio urbano da cidade de Vigo, acordabase o que segue:

S.Ordinaria 30.01.06

"A realización das actuacións relativas á rede viaria e que máis adiante se describen quedan condicionadas á efectiva dispoñibilidade dos solos necesarios para a súa execución.

O Concello de Vigo, aprobará no seu Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU) toda a rede viaria a que se fai referencia no presente convenio. Con carácter xeral, a Administración Municipal, no exercizo das súas potestades en materia de ordenación do territorio, arbitrará fórmulas no marco do PXOU para que o Estado poda compensarse dos gastos de expropiación mediante a adxudicación do solo co aproveitamento urbanístico.

A fin de conseguir no prazo máis breve posible os terreos afectados nos casos nos que expropie o MOPT, unha vez iniciado o expediente expropiatorio pola Administración Estatal, o Concello ofrecerá ós propietarios afectados a posibilidade de materializar o aproveitamento urbanístico dos seus terreos sobre outros aptos para ser edificadas, a cambio da cesión inmediata do solo afectado.

Para a obtención dos terreos destinados á realización do primeiro cinto (tramos Avda. de Madrid-Castrelos e Zona Franca-Bouzas), o MOPT actuará como Administración expropiante".

Iniciada polo entón Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo a expropiación dos terreos necesarios para a execución do primeiro cinto de circunvalación de Vigo --Proxecto 40-PO-2590, de "Acceso a poboación. Avda. de Madrid-Vigo. Estrada N-120 PQ 639.3 ó 641.3. Termo municipal de Vigo"-- no cal figuraba afectada de expropiación, como finca número 5, a parcela propiedade de "Miraflores Vigo, S.A." á que de seguido nos referiremos, levantouse, con data 4 de agosto de 1992, acta previa á ocupación desta parcela, na que se sinalaba como superficie necesitada de ocupación a de 8.808 m².

Con posterioridade ó levantamento da devandita acta e seguindo as liñas de actuación marcadas no convenio antes referido, o entón concelleiro de Planeamento Urbanístico, en representación do Concello de Vigo e a mercantil "Miraflores Vigo, S.A." asinaron, con data 26 de outubro de 1992, un convenio a virtude do cal a devandita entidade comprometeuse a ceder ó Concello de Vigo unha parcela da súa propiedade de 16.482 m² de superficie, segundo rexistro, sita na parroquia de Sárdoma, afectada pola expropiación do vial de circunvalación entre a Avda. de Madrid e a de Castrelos e o Concello de Vigo, pola súa parte, a tramitar un Plan Especial de Reforma Interior, ou a correspondente figura de planeamento urbanístico derivada do expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo á LASGA, no que se ordenaría, sobre a primeira das parcelas que no convenio se describen, entoutros, o aproveitamento que no mesmo convenio se lle recoñece á parcela cedida --2 m²/m²-- que é de 32.964 metros cadrados. Dito convenio ratificouse polo Concello-Pleno por acordo do 27 de novembro de 1992.

Nas estipulacións do convenio fíxose constar como condición especial a de que "se por calquera razón non chegase a se aprobar definitivamente a figura de planeamento mencionada no prazo de oito meses contados a partires do momento da presentación da mesma no Rexistro Xeral do Concello, para a súa tramitación, "Miraflores Vigo, S.A." poderá esixir que se reinicie polo Ministerio de Obras Públicas e Transportes o expediente para a

determinación do xustiprezo correspondente ó solo da finca cedida por este convenio ó Concello de Vigo".

Por resolución da Xefatura da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, de data 19 de febreiro de 1993, acordouse ampliar a expropiación da expresada finca nº 5 do proxecto de expropiación, obxecto do convenio de cesión ó Concello de Vigo, en 4.855 m² de superficie e que polo Representante da Administración se procedese a efectuar o levantamento da acta de ocupación complementaria. Da dita ampliación resulta unha superficie total ocupada de 13.663 m².

Se ben a cesión da parcela de referencia ó Concello de Vigo non se elevou a escritura pública ata 1999, a mesma púxose a disposición desta Administración local e ocupada polo actual Ministerio de Fomento a virtude dos devanditos convenios. Non obstante o cumprimento da cesión convenida por parte da entidade "Miraflores Vigo, S.A.", esta Administración municipal non logrou dar cumprimento o seu compromiso de tramitación do Plan Especial de Reforma Interior prometido para ordenar os aproveitamentos recoñecidos a "Miraflores Vigo, S.A" en virtude do devandito convenio, pero si aprobou, co Plan Xeral de 1993, para os terreos nos que se pretendía a aprobación do devandito Plan Especial de Reforma Interior, a delimitación dun Plan Parcial, o denominado Plan Parcial Quirós e as determinacións da súa ficha de características, que incluían a edificabilidade prevista no convenio: "1m²/m² (*)-(*) segundo convenio con Miraflores, S.A., incorporando 2 m²/m² de finca cun total de 32.964 m² a engadir".

Así as cousas, "Miraflores Vigo, S.A.", con data 20 de decembro de 1996, a medio da formulación de consulta previa, solicitou que a edificabilidade recoñecida no repetido convenio se materializase no ámbito do Plan Parcial Quirós, previsto no PXOU de 1993, de conformidade coa súa ficha. Sen embargo, por considerar que tal posibilidade conlevaba unha importante sobreintensificación de uso no ámbito, proscriba polo artigo 26 da Lei 11/1985, do 22 de agosto, de adaptación da do solo a Galicia, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 4 de abril de 1997, pronunciouse sobre esta petición no sentido de dispoñer a redacción do Plan Parcial de acordo coa edificabilidade de 1 m²/m², prevista na súa ficha de características, que se aplicaría á superficie real do polígono, e trasladar a edificabilidade recoñecida á parcela de cesión a solos vacantes, con establecemento de criterios de ponderación en función da futura localización.

De conformidade con este pronunciamento, o Pleno do Concello de Vigo, en data 3 de agosto de 1998, acordou: "Transferir 31.786 m² edificables dos 32.964 m² recoñecidos á entidade Miraflores Vigo, S.A., por acordo plenario de 27 de novembro de 1992 ás parcelas de titularidade municipal núms. 9 ó 13, ámbalas dúas inclusive, do proxecto de compensación do polígono I do PERI A Bouza Sur", precisando que "os 1.178 m² edificables que restan por adjudicar, materializaranse a nome da dita entidade na aprobación do correspondente proxecto de compensación do Plan Parcial Quirós, deducíndose do aproveitamento urbanístico que corresponda á Administración municipal, e coa seguinte observación: A totalidade da edificabilidade que se transfira debe destinarse a vivendas en réxime de protección oficial: vivendas libres de prezo taxado, vivendas de réxime xeral ou vivendas de réxime especial (...)"

A medio de escritura pública do 9 de xuño de 1999, autorizada polo notario de Vigo D. Alejo Calatayud Sempere, co número 1.497 de orde do seu protocolo, produciuse a transmisión á entidade mercantil "Miraflores Vigo, S.A." de cinco parcelas municipais, sitas no polígono 1 do PERI da Bouza Sur, resultantes do correspondente proxecto de compensación (fincas núms. "9", "10", "11", "12" e "13"), cunha edificabilidade total de 31.786 m², afectas ó destino de vivendas en réxime de protección oficial e ó pagamento da correspondente cota de urbanización. Tamén, na mesma escritura, "Miraflores Vigo, S.A." ratificou a cesión ó Concello de Vigo da finca obxecto do convenio do 26 de outubro de 1992, elevando nese acto o convenio a escritura pública.

Ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e co número 02/6866/1998, seguiu-se recurso contencioso-administrativo en impugnación deste acordo plenario, no que, con data 17 de xullo de 2003, recaiu sentenza, na actualidade firme, anulatoria do mesmo.

Á vista das recentes resolucións xudiciais recaídas en relación con ámbitos contiguos ó do Plan Especial da Bouza Sur e con xustificación na conveniencia de reordenar os aproveitamentos urbanísticos da zona --e dentro destes, os previstos para vivendas de protección pública no polígono 1 do PERI da Bouza Sur, para o cal entendiase necesaria a súa adquisición--, posta de manifesto con ocasión da necesidade de execución das ditas resolucións xudiciais, o alcalde-presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, con data do 19 de setembro de 2001, formulou á entidade "Miraflores Vigo, S.A." unha oferta de precontrato de permuta das devanditas parcelas por bens do Patrimonio Municipal do Solo a determinar no momento da negociación da permuta prometida. Tal oferta de precontrato de permuta, aceptada por "Miraflores Vigo, S.A." en data do 25 de setembro de 2001 e aprobada polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión do 4 de outubro de 2001, non obtivo, sen embargo, a ratificación do Concello-Pleno, á que se subordinou a dita aprobación.

Non obstante, con data do 14 de febreiro de 2003, en base ó devandito acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 4 de outubro de 2001, sobre aprobación do precontrato de permuta referido, e a efectos de concretar o mesmo, a mercantil "Miraflores Vigo, S.A." presentou unha proposta de posibles parcelas municipais a permutar polas da súa propiedade na Bouza Sur e o Concello-Pleno, con data 28 de abril de 2003, acordou aprobar, nos termos e coas condicións establecidas na parte expositiva do propio acordo, a permuta das parcelas municipais, actuais e futuras, que se describen na citada parte expositiva, polas repetidas parcelas propiedade de "Miraflores Vigo, S.A.", sitas no polígono 1 da Bouza Sur; permuta que se someteu a unha condición resolutoria expresa consistente no feito futuro e incerto de que no recurso contencioso administrativo pendente, interposto contra o acordo plenario de data 3 de agosto de 1998, sobre transferencia de edificabilidade, recaise sentenza anulatoria do mesmo.

A permuta foi outorgada en escritura pública de data 10 de xuño de 2003, autorizada polo notario de Vigo D. José Antonio Rodríguez González, actuando en substitución e para o protocolo do seu compañeiro de residencia D. Luis Rajoy Brey, co número 539 de orde do seu protocolo. Nesta escritura pública, na súa estipulación cuarta, precisouse que, no caso de que a resolución tivese lugar, a Administración municipal podería optar entre esixir a restitución dos inmobles entregados en permuta ou ben considerar entregados os mesmos en concepto de pagamento por equivalencia das obrigas

asumidas polo Concello de Vigo no convenio do 26 de outubro de 1992, ratificado polo Concello-Pleno o 27 de novembro seguinte, para a obtención dunha parcela afectada pola expropiación do vial de circunvalación entre a Avda. de Madrid e a de Castrelos.

Con data do 17 de xullo de 2003, segundo xa adelantamos, a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dictou sentenza no repetido recurso contencioso-administrativo núm. 02/6866/1998, pola cal, estimando o mesmo, resolveu anular "o acordo plenario do Concello de Vigo do 3 de agosto de 1998, sobre transferencias de aproveitamento urbanístico que se tiña recoñecido á sociedade "Miraflores Vigo, S.A." en convenio do 26 de outubro de 1992, aprobado polo Concello en 27 de novembro seguinte".

Resolta a permuta a virtude da condición resolutoria expresa nela pactada o Concello-Pleno, con data 21 de novembro de 2003, acordou requirir da entidade "Miraflores Vigo, S.A." a restitución dos bens entregados por esta Administración municipal en permuta, e, así mesmo, facer entrega, xa que logo, a "Miraflores Vigo, S.A." das fincas recibidas polo Concello da dita mercantil, sitas na Bouza Sur, a virtude do mesmo contrato.

Segundo.- Con estes antecedentes, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, en sesión do 4 de decembro de 2003, resolveu ordenar a incoación de expediente de revisión de oficio para a declaración de nulidade do convenio de 1992, sobre a base da imposibilidade legal orixinaria de aprobar os aproveitamentos urbanísticos contemplados no mesmo nun solo cualificado como urbanizable como é o do Plan Parcial Quirós. Neste expediente con datas 18 de novembro de 2003 e 2 de xuño de 2004 emitíronse sendos informes técnicos sobre o valor da parcela ocupada polo cinto de circunvalación a restituir por equivalencia e sobre as responsabilidades estimadas procedentes. Non obstante, transcorrido o prazo de tres meses, establecido no artigo 102.5 LRX-PAC, para dictar resolución no procedemento, sen que esta se adoutara, o Concello-Pleno, en sesión do 28 de xuño de 2004, acordou declarar a caducidade do expediente e ter por iniciado, a virtude do mesmo acordo, novo expediente de revisión de oficio para a declaración de nulidade do convenio ó que se terían por incorporados os informes emitidos no declarado caducado.

Formuladas por "Miraflores Vigo, S.A. no novo procedemento as alegacións que considerou oportunas e practicada a proba proposta por ista, formulouse polo técnico informante, con data 13 de outubro de 2004, no novo expediente, o informe-proposta que figura no expediente. No obstante, suspendido por dous meses, a petición de Miraflores Vigo, S.A., o prazo para resolver o novo procedemento a fin de iniciar negociacións con vistas a alcanzar unha terminación por convenio do expediente e prolongadas as negociacións máis alá das datas nas que finalizaba o prazo fixado para acadar a terminación convencional do procedemento e o legal para resolver e notificar a a resolución, sen que se acadara a terminación do procedemento por acordo e sen que por "Miraflores Vigo, S.A." se manifestara o propósito de ampliar o prazo para lograr tal solución convencional, o Concello-Pleno, en sesión do 28 de febreiro de 2005, acordou, novamente, a caducidade do procedemento e a iniciación dun novo expediente de revisión de oficio, con incorporación ó mesmo de todas as actuacións, probas practicadas e informes emitidos no declarado caducado.

No curso das devanditas negociacións aportouse por "Miraflores Vigo, S.A." escritura pública de compravenda de data 31 de xullo de 2003, autorizada polo notario de Madrid D. Carlos María García Ortiz, co número 2.950 de orde do seu protocolo, a virtude da cal a dita mercantil transmitiu á Tesorería General de la Seguridad Social, unha parcela sita na unidade de execución I do plan parcial de Quirós, próxima á parcela obxecto do expediente, por un prezo de 7.327.586,20 €, cun aproveitamento de 10.400,00 m2 construídos de uso residencial.

Á vista desta transmisión o arquitecto técnico municipal emitiu novo informe sobre a valoración da parcela obxecto de cesión no convenio de 1992, do que, resultaba un valor para esta de 4.693.140,55 €.

Terceiro.- Instruído este último procedemento, o Consello Consultivo de Galicia no seu dictame preceptivo e vinculante, emitido en sesión do 30 de xuño de 2005, informou desfavorablemente a proposta de resolución emitida no mesmo. Se ben o Consello Consultivo entende que o convenio de 1992 é un convenio urbanístico de planeamento e non un convenio expropiatorio, como pretende Miraflores Vigo, S.A., informa desfavorablemente a proposta de resolución formulada no expediente por entender que a imposibilidade legal orixinaria da prestación municipal contemplada no convenio non é subsumible dentro da categoría de actos de contido imposible do artigo 62.1.c) LRXPA, xa que tal imposibilidade ten de ser material, non xurídica e que, en consecuencia, non pode admitirse a imposibilidade alegada por este Concello como causa de nulidade de pleno dereito do convenio.

Non obstante, o dictame coida de precisar que tal pronunciamento non exclúe a posibilidade de explorar outras eventuais ilegalidades do convenio que puideran conformar auténticas circunstancias motivadoras da súa radical nulidade, "en especial unha falla absoluta de competencia polo exercizo por parte da Administración dunha facultade que lle era absolutamente indispoñible como ocorre coa pretensión de recoñecer un aproveitamento urbanístico sobre un inmovible que carece del", sen que esta última observación --puntualiza o dictame-- "prexulgue, para o futuro un hipotético pronunciamento que corresponda realizar, no seu caso, a este organismo, no suposto de que a cuestión fose sometida de novo ao seu coñecemento por un motivo distinto ó aquí analizado".

Cuarto.- Por escrito da Alcaldía do 15 de xullo de 2005, solicitouse clarexamento do anterior dictame, así como a súa ampliación sobre se entre as eventuais ilegalidades conformadoras de auténticas circunstancias motivadoras de nulidade radical á que o dictame se refire poderían, *prima facie*, explorarse as que no escrito de solicitude se refiren.

O Consello Consultivo, en sesión do 28 de xullo seguinte, informou que: "non procede anticipar criterios sobre unha cuestión que non foi obxecto de estudo nunha tramitación previa e sobre a que, no seu caso, este Consello Consultivo terá que se pronunciar con carácter preceptivo e vinculante se o Concello decide incoar un novo expediente de revisión de oficio para o caso de que considere que concorre algún motivo de nulidade distinto do contemplado na proposta de resolución que foi informada no dictame CCG 383/05".

Quinto.- Á vista dos devanditos dictames do Consello Consultivo de Galicia e do escrito de solicitude de clarexamento e ampliación do primeiro deles, o concelleiro-delegado de Urbanismo, con data de 2 de setembro de

2005, solicitou do arquitecto técnico municipal e da Intervención Xeral Municipal informes sobre o valor, á data, da finca cedida a virtude do convenio e sobre a existencia de crédito orzamentario suficiente para aprobación do convenio, se de este se pretendiera derivar a obriga de satisfacer por equivalencia o importe económico dos aproveitamentos urbanísticos contemplados no mesmo no caso de que estes aproveitamentos non puideran chegar crearse, respectivamente. Igualmente, dispuxo o concelleiro-delegado de Urbanismo que por este informante se formulara informe-proposta para a iniciación de novo expediente de declaración de nulidade do acordo aprobatorio do convenio de 1992.

Sexto.- O aparelador municipal, con data 5 de setembro de 2005, emitiu o informe solicitado sobre o valor da parcela á data do mesmo, no que, á vista da devandita escritura pública de compravenda do 31 de xullo de 2003, pola que Miraflores vigo, S,.A. transmitiu á Tesorería General de la Seguridad Social, unha parcela sita na unidade de execución I do plan parcial de Quirós, próxima á parcela obxecto do expediente, e dos datos de mercado actuais, fixa com valor da parcela o de 5.046.545,10 €, ó que lle engade o 5% do premio de afección --252.327,25 €-- o que supón un valor total de 5.298.872,30 €.

Noutro informe do mesmo técnico e igual data cífranse os xuros acumulados ata finais de xullo de 2004, para un capital de 1.050.379,60 € --no que se estima o valor da parcela á data da súa ocupación--, en 828.924,57 €

Pola súa parte, o xefe de Contabilidade, co conforme do Interventor Xeral Municipal, en data 12 de setembro de 2005, respecto da existencia de crédito orzamentario suficiente para aprobación do convenio, se deste se pretendiera derivar a obriga de satisfacer por equivalencia o importe económico dos aproveitamentos urbanísticos contemplados no mesmo no caso de que estes aproveitamentos non puideran chegar crearse, informou que: "Os orzamentos Xerais da Entidade Local non contemplaron en ningún ano dotación ningunha en relación ó convenio de referencia entre o Concello de Vigo e a sociedade mercantil Miraflores, S.A..

En relación con este mesmo asunto, o organismo autónomo "Xerencia Municipal de Urbanismo" dende a súa creación, os orzamentos aprobados tampouco contemplaron tal dotación en ningún ano".

Sétimo.- Con estes antecedentes o Concello-Pleno en sesión do 21 de outubro de 2005, acordou declarar a improcedencia de acordar a nulidade de pleno dereito pola causa do artigo 62.1.c) LRPAC: actos de contido imposible, invocada no procedemento nº 4490/401, iniciado por acordo plenario do 28 de febreiro de 2005, para a revisión de oficio do convenio de 26 de outubro de 1992, así como ter por iniciado novo expediente de revisión de oficio para a declaración de nulidade do convenio polas causas que se especifican no apartado segundo das consideracións de dereito do citado acordo plenario do 21 de outubro de 2005, con fixación das indemnizacións que proceda recoñecer a "Miraflores Vigo, S.A." como consecuencia de tal declaración, ó que se terían por incorporados todas as actuacións, probas practicadas e informes emitidos que figuran unidos ó expediente que pola dita resolución se concluíu. No mesmo acordo acordábase, igualmente, ter por iniciado, tamén, expediente para a declaración da resolución do mesmo convenio --habida conta a imposibilidade legal do levar a cumprimento--, con carácter subsidiario, para o caso de que non proceda a declaración da súa nulidade de pleno dereito.

Oitavo.- Posto de manifesto o expediente á interesada por esta con data 7 de novembro de 2005, formuláronse as alegacións que figuran no expediente, na que repasa as posturas dos distintos grupos municipais nas diferentes votacións de acordos relacionados con este asunto e rexeita a concorrencia das causas de nulidade invocadas no acordo iniciador do novo procedemento.

Noveno.- Solicitado pola Xerencia Municipal de Urbanismo ó catedrático de Dereito Administrativo da Universidade Autónoma de Madrid, D. Ángel Menéndez Rexach, dictame sobre as posibles causas de nulidade do convenio en cuestión, por iste, en decembro de 2005, emitiuse o dictame que figura incorporado ó expediente no que formula as seguintes

"CONCLUSIONES

A) En cuanto a las causas de nulidad

Primera.- En el marco de la legislación vigente cuando se suscribió el convenio, que es la que debe aplicarse para la apreciación de su posible nulidad, existen dos motivos que justifican por sí solos la revisión de oficio del convenio al amparo del artículo 102 de la LRJPAC:

1º) La atribución de edificabilidad a unos terrenos que carecían de aptitud para ello, lo que se debía considerar un acto de contenido imposible conforme al artículo 47.1, apartado b), de la Ley de Procedimiento Administrativo de 1958. Este motivo de nulidad está actualmente regulado en el artículo 62.1, apartado f) de la LRJPAC, que es una concreción del anterior, según consolidada doctrina del Consejo de Estado.

2º) La infracción de la prohibición de reservas de dispensación sancionada con nulidad de pleno derecho en el artículo 57.3 de la Ley del Suelo de 1976. Esta prohibición se infringe porque se atribuye a la finca cedida en virtud del convenio una edificabilidad superior (exactamente el doble) de la de los terrenos del entorno, sin justificación alguna y sin respaldo alguno en el planeamiento, lo que supone un trato discriminatorio a favor de la propiedad de la parcela cedida.

Segunda.- Hay otros dos motivos de nulidad que podrían invocarse, pero que carecen, a mi juicio, por sí solos, de consistencia suficiente para justificar la revisión de oficio. Se trata de la incompetencia manifiesta y la omisión total del procedimiento (apartados "a" y "b" del artículo 47.1 de la LPA). Estos motivos podrían invocarse por conexión con los anteriores, pero es dudoso que tengan en este caso sustantividad propia.

Tercera.- Finalmente, puede invocarse como causa de nulidad de Derecho civil, la infracción de normas imperativas, sancionada con esa consecuencia en el artículo 6.3 del Código civil. En este caso, la norma imperativa infringida es el artículo 1.261 CC, dado que cabe imputar al convenio la nulidad por falta de objeto por aplicación de lo dispuesto en los artículos 1.271 y 1.272 CC, que no permiten considerar como objeto de un contrato ni las cosas que están fuera del comercio de los hombres, ni las cosas o servicios imposibles, respectivamente. En aplicación de estos preceptos, se considera determinante de la nulidad del contrato por falta de objeto el haber pactado una edificabilidad de 2m²/m² cuando el artículo 26 de la LASGA

prohibía una edificabilidad superior a 0,825 m²/m². Pero este motivo de nulidad no puede hacerse valer en vía de revisión de oficio, sino por el procedimiento de revisión de los actos anulables (declaración de lesividad y posterior impugnación en vía contenciosa), si bien no es de aplicación el plazo de cuatro años establecido en el artículo 103 de la LRJPAC.

Cuarta.- El Ayuntamiento de Vigo puede utilizar ambas vías para la anulación del convenio. Sin embargo, existiendo base suficiente para la revisión de oficio por motivos de nulidad de Derecho administrativo, no parece necesario que inicie otro procedimiento paralelo para la anulación por la causa de Derecho civil mencionada.

B) En cuanto a las consecuencias indemnizatorias derivadas de la nulidad del convenio

Primera.- La declaración de nulidad del convenio, que se fundamenta en la ilegalidad de la edificabilidad pactada en el mismo como objeto de la prestación asumida por el Ayuntamiento, supone que la citada edificabilidad no puede ser la referencia para el cálculo de la indemnización que debe prestar el Ayuntamiento. Se debe indemnizar el valor de la superficie cedida en virtud del convenio con referencia al momento de la ocupación y a la clasificación urbanística que tenía en esa fecha, que era la de suelo urbanizable no programado.

Segunda.- Dicho valor debe ser actualizado conforme al IPC. Resulta conceptualmente incompatible añadir a ese valor actualizado los intereses de demora devengados desde el momento de la reclamación de la indemnización en virtud de responsabilidad hasta la fijación de dicha indemnización, dado que ambos conceptos cumplen idéntica función: compensar el tiempo transcurrido hasta la fijación de la indemnización, sin perjuicio de que, en su caso, pueda proceder con posterioridad el abono de intereses por demora en el pago de la indemnización establecida.

Tercera.- Además, deberán ser indemnizados los daños y perjuicios que puedan ser efectivamente acreditados por "Miraflores Vigo S.A.". No cabe reclamar indemnización por lucro cesante dado que las ganancias dejadas de obtener tienen carácter incierto y además se imputan al desarrollo de actividades que tienen como soporte el producto de una prestación previamente declarada como nula de pleno Derecho".

Cuarta.- Las conclusiones anteriores no resultarían sustancialmente modificadas en la hipótesis de que se calificase como expropiatorio el convenio suscrito entre "Miraflores Vigo S.A." y el Ayuntamiento de Vigo.

Décimo.- Por último, consta ó folio 6 do expediente nº 4619/401, informe do aparelador municipal, de data 5 de setembro de 2005, no que a efectos de determinar os xuros devengados sobre o valor da parcela á data da súa ocupación polo Ministerio de Fomento en decembro de 1992, valora a parcela cedida á dita data en 70,685 €/m² (11.761 Ptas./m²); prezo xusto fixado pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso nº 03/9167/95, para os terreos afectados de expropiación polo mesmo vial de circunvalación, sitios en solo clasificado como urbano, no ámbito do PEPRI Finca do Conde, cun aproveitamento de 0,5 m²/m². Do que resulta un valor da parcela na data da súa ocupación de 1.050.379,60 € (174.768.460 Ptas.), resultado de multiplicar a superficie

real cedida da parcela, a devolver por equivalencia, de 14.860 m2 por 70,685 €/m2, valor do metro cadrado deste solo.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- O carácter preceptivo e vinculante que, de acordo co artigo 102 LXPAC, ten o dictame do Consello Consultivo nos expedientes de revisión de actos nulos de pleno dereito, determinou a necesidade de resolver o anterior expediente de revisión de oficio de conformidade co dito dictame e, xa que logo, declarar a improcedencia de declarar a nulidade do acordo aprobatorio do convenio de 1992 pola causa terceira do artigo 62.1.c) LXPAC --actos de contido imposible-- e proceder ó arquivo do expediente.

SEGUNDA.- Non obstante, segundo xa dixemos, o dictame do Consello Consultivo coidou de precisar que tal pronunciamento non exclúe a posibilidade de explorar outras eventuais ilegalidades do convenio que puideran conformar auténticas circunstancias motivadoras da súa radical nulidade, "en especial unha falla absoluta de competencia polo exercizo por parte da Administración dunha facultade que lle era absolutamente indispoñible como ocorre coa pretensión de recoñecer un aproveitamento urbanístico sobre un inmoble que carece del". E así, o Concello-Pleno na dita sesión do 21 de outubro de 2005, acordou iniciar novo expediente de revisión de oficio para a declaración de nulidade do convenio ó abeiro do disposto nos artigo 62.1.b) LXPAC --actos dictados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia--; 62.1.f) LXPAC --actos expresos contrarios ó ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos, cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición--; 62.1.e) LXPAC --falla total e absoluta de procedemento-- e 62.c) TRLCAP --carencia ou insuficiencia de crédito--.

A petición da Xerencia de Urbanismo, D. Ángel Menéndez Rexach analiza no seu dictame todas estas causas de nulidade e chega ás conclusións que vimos de transcribir o que obriga a modificar os motivos de nulidade do convenio que fundamentan a súa revisión de oficio e, daquela, a iniciar un novo expediente de revisión de oficio e ó arquivo do iniciado por acordo plenario do 21 de outubro de 2005.

TERCEIRA.- Tal e como se recolle no dictame, se ben na data de ratificación do convenio polo Pleno municipal -27 de novembro de 1992- aprobárase xa a Lei 30/1992 LXPAC, que se publicou ese mesmo día, a mesma non entrou en vigor ata tres meses despois, o 27 de febreiro de 1993, conforme ó establecido no parágrafo segundo da súa Disposición Final. Daquela, os posibles vicios de nulidade do convenio deben explorarse no marco da lexislación anterior, é dicir no marco da vixencia da LPA de 1958.

Ó abeiro desta pretérita normativa, e seguindo o dictame, cabe apreciar os seguintes motivos de nulidade:

I.- A do artigo 47.b) LPA/1958:actos de contido imposible. Se ben é certo que que o Consello Consultivo rexeitou expresamente a existencia desta causa de nulidade no seu dictame, é verdade, tamén, que o concepto de acto de contido imposible tiña na LPA unha amplitude maior que a que lle atribuíu despois a LXPAC. A razón de esta diferenza radica en que a LXPAC, no seu artigo 62.1 acuñou novos supostos de nulidade non previstos expresamente no artigo 47 LPA, se ben algún deles podía reconducirse ó enunciado deste precepto.

Particularmente, a causa de nulidade do artigo 62.1.f) LRXPAC -actos expresos contrarios ó ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos, cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición- invocada como causa de nulidade do convenio no procedemento que se archiva estaba comprendida dentro dos actos de contido imposible do artigo 47 LPA/1958.

"El Consejo de Estado -di o dictame- lo ha explicado con gran claridad:

"(...) la Ley de Procedimiento de Administrativo de 17 de julio de 1958 no contemplaba esta causa de nulidad radical. El origen de la misma puede encontrarse en la doctrina del Consejo, que durante la vigencia de la Ley de 1958 entendió, en diversos expedientes, que la ausencia de los presupuestos esenciales para adquirir un derecho es un vicio que determina la nulidad de pleno derecho del acto que lo sufra, ya que su contenido deviene imposible, como se puso de manifiesto en los dictámenes 50.710, de 1 de octubre de 1987, 52.139, de 27 de julio de 1989, 52.761, de 21 de septiembre de 1989 y 54.115, de 23 de noviembre de 1989. En tales casos, se aplicó el apartado 1.b) del artículo 47 de la Ley de Procedimiento Administrativo de modo que, el acto deviene imposible por la ausencia de un presupuesto fáctico básico exigido para dictarlo" (dictamen 2.047/95, sección 1ª, de 21.12.95, Repertorio de Doctrina Legal 1995, pág. 341, subrayado no original).

"Eso es justamente -continúa o dictame- lo que ocurre en el convenio urbanístico a que se refiere la presente Consulta, en cuanto atribuye un aprovechamiento urbanístico (traducido en una edificabilidad de 2m²/m²) a un terreno sin aptitud para recibirlo conforme al planeamiento urbanístico en vigor en ese momento. Mediante esa atribución se está reconociendo al propietario del terreno ("Miraflores Vigo S.A.") el derecho a una determinada edificabilidad_cuando carece de los requisitos básicos para su adquisición, ya que la clasificación del suelo no permite la atribución de esa edificabilidad ni el convenio es el cauce jurídico adecuado para alterar esa situación. Esta no es una opinión, más o menos fundada, de quien suscribe, sino la rotunda tesis en que se apoya el fallo de la sentencia del TSJ de Galicia de 17 de julio de 2003, hoy inatacable y a la que, por tanto, está obligado a atenerse el Ayuntamiento. Como hemos puesto de relieve en los Antecedentes (apartado 6), la sentencia declara categóricamente que "la indebida asignación del aprovechamiento determina la inexistencia legal del mismo, y por consecuencia, la imposibilidad de transferirlo a cualquier otro PERI (...)"

Daaquí, que o dictame recomende insistir ante o Consello Consultivo na concorrencia desta causa de nulidade do convenio, sobre a base desta distinta normativa aplicable.

II.- A prohibición de reservas de dispensación contida no artigo 57.3 da Lei do Solo de 1976.

O artigo 57.3 da Lei do Solo de 1976 establece que *"serán nulas de pleno derecho las reservas de dispensación que se contuvieren en los Planes u ordenanzas, así como las que con independencia de ellos se concedieren"*. Dito precepto legal era de aplicación en Galicia na data na que se asinou o convenio, xa que a LASGA non establecía outra cousa.

A prohibición das reservas de dispensación é unha manifestación no ámbito urbanístico do principio de inderrogabilidade singular dos regulamentos e, daquela, como unha garantía do principio de igualdade.

"En el convenio suscrito con "Miraflores Vigo S.A." -di o dictame a este respecto- el Ayuntamiento infringió la prohibición legal comentada, al asignar arbitrariamente una edificabilidad a la parcela cedida por dicha mercantil, que suponía un trato discriminatorio a su favor, sin apoyo legal alguno. Al contrario, con infracción manifiesta de normas legales imperativas.

En efecto, el convenio concede una reserva de dispensación fuera del planeamiento, en cuanto atribuye a la parcela cedida por "Miraflores Vigo S.A." una edificabilidad de 2m²/m², mientras que a las fincas de otros propietarios ("enclaves", se las denomina), así como a la otra finca de la propia mercantil que no es objeto de cesión, únicamente se les asigna la edificabilidad de 1m²/m² (dispositivo segundo). No hay explicación ni justificación alguna de esta diferencia de trato. La asignación de una mayor edificabilidad a la finca cedida es puramente voluntarista, como también lo es la del resto de las fincas. Pero aquí nos interesa subrayar el tratamiento discriminatorio de la finca cedida, que es lo que infringe la prohibición de reserva de dispensación. No tenía cobertura en el planeamiento y constituía una derogación singular de sus determinaciones edificatorias. No sólo de las del Plan, sino las de la propia LASGA, ya que la estipulación en cuestión infringía manifiestamente el límite legal de edificabilidad establecido en su artículo 26, que era de 0,825 m²/m² frente a los 2 m²/m² atribuidos en el convenio".

Derrogación singular, non dun regulamento senón da Lei -LASGA- e, daquela, vulneración do principio de igualdade e, xa que logo, tamén, reserva de dispensación, é igualmente, a atribución á primeira das parcelas que no convenio se describen dos aproveitamentos que no mesmo se recoñecen a esta parcela e á cedida, en canto vulnera os artigos 17 LS/76, 83.1 RPU/78 e 85 TRLS/92, por un lado, --o solo no que se contemplaba o emprazamento dos aproveitamentos urbanísticos previstos no convenio ten a clasificación de urbanizable, o que imposibilitaba a aprobación dun plan especial de reforma interior para o mesmo-- e os artigos 26 da LASGA/85 e 24 da Lei do solo de Galicia de 1997, por outro, que establecían unha densidade máxima de 75 vivendas por hectárea, cunha superficie de 110 m² construídos por vivenda, puidendo establecerse densidades de ata 100 vivendas/Ha., sempre que a superficie total construída non superase os 8.250 m² por hectárea.

CUARTA.- Estes supostos de nulidade, como todos os do artigo 47 LPA eran tamén aplicables ós contratos administrativos; natureza da que participan os convenios urbanísticos de planeamento. Así o dispoñía o artigo 41 do Regulamento Xeral de Contratación do Estado, aplicable no ámbito local en virtude do establecido no artigo 112 TRRL, cuxo contido, no substancial, elevouse de rango mediante a súa inclusión na LCAP/1995 e reproducíase no TRLCAP/2000.

QUINTA.- Se ben os motivos de nulidade deben determinarse conforme á LPA de 1958, o procedemento a seguir para a declaración da nulidade haberá de se rexer pola LRXPAC, por ser o vixente cando se inicia a acción de nulidade. E, así, de acordo co artigo 64.1 TRLCAP: "A declaración de nulidade dos contratos polas causas expresadas no artigo 62 poderá ser acordada polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia dos

interesados, de conformidade cos requisitos e prazos establecidos no artigo 102 LRXPAC". Coa declaración de nulidade do contrato, este "entrará en fase de liquidación, debendo restituirse ás partes reciprocamente as cousas que houberan recibido a virtude do mesmo e se isto non fose posible se devolverá o seu valor. A parte que resulte culpable deberá indemnizar á contraria os danos e prexuízos que sufrira". (artigo 65 TRLCAP).

Pola súa parte, o artigo 102. 1. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común establece que: "As Administracións públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou a solicitude do interesado, e previo dictame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, se o houber, declarararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxesen fin á vía administrativa ou que non foran recorridos en prazo, nos supostos previstos no artigo 62.1".

SEXTA.- No que atinxe ás consecuencias indemnizatorias da nulidade do convenio, sinala, tamén, o dictame que: *"(...) a efectos de determinar las consecuencias indemnizatorias, la legislación aplicable será la vigente en el momento en que se produjo la lesión indemnizable. En consecuencia, los artículos 121 a 123 de la Ley de Expropiación Forzosa (LEF), que era la regulación en vigor en materia de responsabilidad patrimonial aplicable al ámbito local en el momento en que fue suscrito el convenio. Sustancialmente la regulación de la LEF fue recogida por los artículos 40 y siguientes de la Ley de Régimen Jurídico de la Administración del Estado (LRJAE) de 1957, y, posteriormente, por los citados artículos 139 y siguientes de la LRJPAC. (...) Ahora bien, aunque el régimen sustantivo aplicable a la responsabilidad patrimonial de la Administración sea el vigente en la fecha de aprobación del convenio, el procedimiento para exigirla será ya el regulado en la LRJPAC"; norma, que no dito artigo 102, apartado 4º establece que: "As Administracións públicas, ó declara-la nulidade dunha disposición ou acto, poderán establecer, na mesma resolución, as indemnizacións que proceda recoñecer ós interesados, se se dan as circunstancias previstas nos artigos 139. 2 e 141. 1 desta Lei (...)"*.

SÉTIMA.- O dictame analiza, así mesmo, os conceptos indemnizables derivados da nulidade do convenio urbanístico de planeamento que nos ocupa e coída de precisar que ditas consecuencias indemnizatorias non sufrirían alteracións substanciais no caso de que o convenio se calificara de expropiatorio; natureza esta última, que tanto os informes do expediente como o Consello Consultivo xustificadamente rexeitan.

Mantén o dictame, en orde ás indemnizacións procedentes, unha postura máis restrinxida que a mantida por este informante; postura que pola autoridade de quen a sustenta facemos nosa

De acordo co artigo 141.3 LRJPAC: "A contía da indemnización calcúlase con referencia á data na que a lesión efectivamente produciuse, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ó procedemento de responsabilidade, con arranxo ó índice de prezos ó consumo, fixado polo Instituto Nacional de Estadística e dos xuros que procedan por demora no pagamento da indemnización fixada, os cales se esixirán con arranxo ó establecido na Lei Xeral Orzamentaria".

"En ausencia de regulación expresa de esta cuestión en la LEF -sinala o dictame--, los criterios regulados por el artículo 141.3 LRJPAC habían sido

manejados por la jurisprudencia hasta la aprobación en 1992 de la LRJPAC y su reforma por Ley 4/1999, por lo que son susceptibles de aplicación en el caso que nos ocupa.

De conformidad con lo establecido en los preceptos analizados, la indemnización derivada de la declaración de nulidad del convenio deberá cubrir:

1º) **El valor del inmueble cedido**, hasta la actualidad sin contraprestación por parte del Ayuntamiento, lo que determina un enriquecimiento injusto de la Administración municipal. Dicho valor debe ser calculado con referencia a la clasificación urbanística que tenía dicho inmueble en el momento en que se produjo la cesión (suelo urbanizable no programado), que identifica en este supuesto el momento en que se produjo la lesión indemnizable.

2º) Los posibles **daños y perjuicios** que pueda acreditar "Miraflores Vigo S.A., derivados de haber suscrito con el Ayuntamiento de Vigo un convenio urbanístico nulo". O chamado interese negativo no contrato.

Valores estes que deberán ser actualizados á data en que se poña fin ó procedemento de responsabilidade con arranxo ó índice de prezos ó consumo (IPC), fixado polo Instituto Nacional de Estadística, en virtude do disposto polo artigo. 142.3 LXPAC.

OITAVA.- En canto ó lucro cesante derivado da nulidade do contrato -non do seu incumprimento-, que integra tamén o interese negativo, so é indemnizable na medida en que sexa posible acreditar a efectividade do mesmo. Como sinala a STS do 18 de marzo de 2000, Aranzadi 3077, "es doctrina consolidada la que declara que las expectativas o ganancias dudosas o contingentes no son indemnizables" (SSTS de 18 de octubre de 1993, Aranzadi 7498; do 11 de febreiro de 1995, Aranzadi 2081; do 12 de mayo de 1997, Aranzadi 3976; do 14 de febrero e 10 de outubro de 1998, Aranzadi 2204 y 8835; do 20 de febreiro, 20 de marzo e 2 de outubro de 1999, Aranzadi 3016, 3783 e 8323). "La práctica jurisprudencial -continúa o dictame- ofrece un criterio restrictivo en relación con el otorgamiento de indemnizaciones por lucro cesante.

La efectividad del daño es un criterio fundamental para considerar indemnizable un daño causado por una actuación administrativa -según hoy dispone el art. 139.2 LRJPAC, y en el momento en el que se produjo la lesión, el art. 122.1 LEF-, por lo que necesariamente debe resultar aplicable en relación con el reconocimiento de las partidas relativas al lucro cesante. En este sentido se ha pronunciado la jurisprudencia, por ejemplo, en la STS de 3 de febrero de 1989, Aranzadi 809:

"(...) al valorar esta partida se desconocen no sólo los beneficios que haya podido producir la sociedad, sino incluso el hecho mismo de la existencia de la misma. En consecuencia, se trata de daños eventuales o meramente posibles, resultado de un cálculo apoyado en factores inciertos. En consecuencia, esta falta de certeza, unida a la no aportación de prueba alguna justificadora de lo pedido, conduce inexcusablemente al rechazo de esta partida, como así se formula en la propuesta de resolución".

La posición del Tribunal Supremo -prosegue o dictame- es muy rigurosa en relación con la indemnización de las posibles ganancias derivadas de actos

contrarios a Derecho. En este sentido, la Sentencia de 27 de septiembre de 1985, Aranzadi 4295, declara que:

"(...) si bien la indemnización debe abarcar tanto el daño emergente como el lucro cesante, es lo cierto que no pueda computarse a efectos indemnizatorios, el beneficio que se pensaba obtener de una actividad ilícita, aunque haya mediado autorización administrativa para tal actividad, posteriormente anulada".

El Tribunal destaca dos razones:

(...) primera, porque tal beneficio es antijurídico, por derivar de una actividad no permitida por la Ley y en consecuencia el sujeto está obligado a acatar tal prohibición, y en definitiva la privación no es imputable a la actividad administrativa, sino al mandato de la Ley y, segunda, porque el reconocimiento de tal lucro cesante supondría la consolidación a favor del sujeto, del efecto económico-material de una actividad cuya ilicitud, en cuanto derivada de norma de carácter general, debió conocer de antemano, sin que este planteamiento resulte afectado por la deficiente actuación administrativa.

En segundo lugar, se afirma también en la misma sentencia que:

"es poderosa razón para que ese lucro dejado de obtener no se indemnice la de que no puede reputarse reparable cuando el cálculo de su importe, como el hecho mismo de su producción, se fundamenta en simples posibilidades o hipótesis para y en el caso de que la construcción proyectada hubiera llegado a feliz término entendiéndose por esto que las viviendas y locales intentados construir se hubieran podido vender una vez terminada totalmente su construcción, y no pudieron, por el contrario, serlo en condiciones económicas y reales previstas por consecuencia de la actuación administrativa, lo que no ocurre en este caso en el que, por el contrario, se acciona en base a posibles beneficios no actuales sino futuros y, por ende, eventuales e inciertos por siempre dependientes de fluctuaciones y coyunturas del mercado cuando las obras se hubieran totalmente terminado, lo que, naturalmente, no autoriza a que, sin más y porque lo calculado no tenga realidad, haya de responder la Administración de tan inciertas consecuencias".

En los mismos términos se pronuncia la STS de 28 de mayo de 1997, Aranzadi 4412:

"Por otra parte, según la doctrina de esta Sala, la imposibilidad de obtener beneficios esperados de la edificación frustrada, en caso de anulación de la licencia, obedece al carácter contrario al ordenamiento jurídico de ésta al que objetivamente responde aquella anulación, de tal suerte que sólo son indemnizables los perjuicios consistentes en los gastos que la expectativa suscitada por el otorgamiento indebido de la licencia pudo ocasionar".

En consecuencia, --conclúe o dictame en canto a este aspecto indemnizatorio-- a la vista de la jurisprudencia del Tribunal Supremo, cabe afirmar que no concurren en este caso elementos que justifiquen la indemnización por lucro cesante".

Miraflores Vigo, S.A. non acreditou nos distintos procedementos nos que se lle recabou esta xustificación outros danos e prexuízos que os derivados da transmisión das parcelas da Bouza Sur, operada en cumprimento do acordo plenario de 3 de agosto de 1998, de transferencia de aproveitamentos urbanísticos á Bouza Sur e transmisión a Miraflores Vigo, S.A. das parcelas destinatarias dos ditos aproveitamentos; acordo que foi anulado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na sentenza que motiva este expediente. Estes danos e prexuízos acreditados, en canto que directamente derivados do acordo plenario do 3 de agosto de 1998, de transferencia de aproveitamentos urbanísticos á Bouza Sur e non da nulidade deste convenio son obxecto de reparación no procedemento de responsabilidade patrimonial incoado, de oficio, polo Consello da Xerencia de Urbanismo, en sesión do 18 de novembro de 2004.

De acordo co dito, a indemnización que procedería recoñecer a Miraflores Vigo, S.A. como consecuencia da nulidade do convenio sería a do valor da parcela cedida no momento da ocupación -1.050.379,60 € (174.768.460 ptas.)- actualizado á data en que se poña fin ó procedemento de responsabilidade con arranxo ó índice de prezos ó consumo, fixado polo Instituto Nacional de Estadística.

NOVENA.- Con independencia dos vicios de nulidade de pleno dereito que afectan ó convenio de 1992, as normas prohibitivas dos artigos 26 LASGA/85, 24 LSG/97 e 46.3 LOUGA/2002, sobre densidade máxima en solos urbanizables, impiden levar ó dito convenio a cumprimento, o que determina a súa resolución coas mesmas consecuencias indemnizatorias vistas para os casos de nulidade de pleno dereito, habida conta a culpa in contrahendo municipal na conclusión do convenio e a súa natureza de convenio urbanístico de planeamento, a virtude da cal esta Administración municipal contraeu a obriga de tramitar o procedemento de aprobación da pertinente figura de planeamento pero non a de aprobar o planeamento co contido determinado previsto no convenio, así como, tampouco, a asunción do risco financeiro de que tales aproveitamentos non puideran chegar a crearse, esto é a obriga de satisfacer o seu equivalente económico para tal eventualidade.

DÉCIMA.- De acordo co principio de economía procesual que rexe no noso procedemento administrativo procede incorporar ó presente procedemento todas as actuacións, probas practicadas e informes emitidos no expediente que por esta resolución se conclúe.

DECIMOPRIMEIRA.- Sendo o convenio que nos ocupa, aprobado no seu día polo Concello-Pleno, un convenio urbanístico de planeamento, en canto incluía e pretendía ter como resultado unha modificación de planeamento, e correspondendo a aprobación dos tales convenios ó Pleno da Corporación (artigos 235. 4. d) LOUGA e 123. 1. i) LRBRL), é competente para a súa revisión de oficio, de conformidade co artigo 123, apartado 1.1) LRBRL, o mesmo Concello-Pleno; competencia que comprende tanto o arquivo do expediente de revisión de oficio iniciado por acordo plenario do 21 de outubro de 2005, que por esta resolución se conclúe, como acto que é de finalización do dito procedemento, como a incoación dun novo expediente para a declaración de nulidade do convenio fundado nas causas de nulidade de pleno dereito que se especifican nas precedentes consideracións de dereito."

Por lo anteriormente exposto e de acordo co dictame de D. Ángel Menéndez Rexach, catedrático de Dereito Administrativo da Universidade Autónoma de Madrid, o xefe do Servizo Recursos e Asesoramento emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 19 de xaneiro de 2006, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da proposta que se contén na parte dispositiva.

INTERVENCIÓN DO SR. SOTO FERREIRO: Se esta Corporación fixera máis veces caso do que o Partido Galeguista di estaríamos máis puntualmente defendendo os intereses do Concello.

Pedín, aínda non mo deron pero eu coma teño notas, que conste que o 19.09.2001, o 14.02.2003, o 28.04.2003 e o 10.06.2003 preconiceí unha resolución coma a que hoxe ven e xa choveu, Sra. Alcaldesa, e xa vai sendo hora de que algúns se vaian poñendo as pilas para realmente defender os intereses da cidade. Hoxe vaise facer pero anos logo do que deberamos.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez e Guerra Fernández).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dez votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima, Soto Ferreiro e a Presidencia, e quince abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Toba Girón e Vieitez Alonso, acórdase:

Primeiro.- Arquivar o procedemento de revisión de oficio nº 4619/401, iniciado por acordo do Concello-Pleno oe 21 de outubro de 2005, para a declaración de nulidade do convenio do 26 de outubro de 1992, ratificado polo Concello-Pleno por acordo do 27 de novembro de 1992, realizado entre "Miraflores Vigo, S.A." e esta Administración local, a virtude do cal a devandita entidade cedeu ó Concello de Vigo unha parcela da súa propiedade, sita na parroquia de Sárdoma, afectada pola expropiación do vial de circunvalación entre a Avda. de Madrid e a de Castrelos e o Concello de Vigo, pola súa parte, obrigouse a tramitar un Plan Especial de Reforma Interior, ou a correspondente figura de planeamento urbanístico derivada do expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo á LASGA, no que se ordenaría, sobre a primeira das parcelas que no convenio

se describen, entoutros, o aproveitamento que no mesmo convenio se lle recoñece á parcela cedida --2 m2/m2-- que é de 32.964 metros cadrados.

Segundo.- Ter por iniciado, a virtude do presente acordo, novo expediente de revisión de oficio para a declaración de nulidade do referido convenio polas causas que se especifican nas precedentes consideracións de dereito e para a fixación das indemnizacións que proceda recoñecer a "Miraflores Vigo, S.A." como consecuencia de tal declaración; por incorporados ó mesmo todas as actuacións, probas practicadas e informes emitidos que figuran unidos ó expediente que por esta resolución se conclúe, agás no que se refiren á procedencia da causa de nulidade do artigo 62.1.c) LXPAC, e por iniciado, tamén, expediente para a declaración da resolución do mesmo convenio -habida conta a imposibilidade legal orixinaria do levar a cumprimento-, con carácter subsidiario, para o caso de que non se estimase procedente a declaración da súa nulidade de pleno dereito.

Terceiro.- Toda vez que no expediente que por este acordo se inicia figuran incorporadas todas as probas propostas e practicadas por "Miraflores Vigo, S.A." no expediente declarado concluído, para a determinación dos prexuízos sufridos por esta como consecuencia da realización do convenio de 1992, así como todos os informes técnicos e xurídicos precisos para dictar resolución, pónase o expediente de manifesto á interesada a fin de que no prazo de dez días poida, de conformidade co artigo 84 LXPAC, presentar as alegacións, documentos e xustificacións que estime pertinentes en defensa dos seus dereitos.

Cuarto.- Notifíquese, en legal forma, a presente resolución á interesada no expediente.

5.- (5).- CORRECCIÓN DE ERROS NA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 3 DO PLAN PARCIAL DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VIGO (VALLADARES).
EXPTE. 9353/411.

ANTECEDENTES.- Con data 16 de xaneiro de 2006, o técnico de administración xeral de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe:

"En data 26 de maio de 2005 o Pleno municipal acordou:

"Primeiro.- Aprobar definitivamente a MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 3 DO PLAN PARCIAL DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO de Valladares, promovida polo

S.Ordinaria 30.01.06

Consortio da Zona Franca de Vigo, segundo a documentación técnica redactada pola entidade mercantil "EPTISA", asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Vicente Alcón Vidal, polo arquitecto D. Alfonso Botana Castelo, e polo biólogo D. Calixto Varela Castejón; visado polo Colexio de enxeñeiros de camiños no 16/11/2004; así como o TEXTO REFUNDIDO DO PLAN PARCIAL resultante das modificacións puntuais aprobadas, datado en xullo de 2005 e redactado polo enxeñeiro de camiños D. Roberto Aya Duarte -expte. 9353/411. (...)"

As normas e ordenanzas dese texto refundido publicáronse no BOP núm. 169, do 02/09/2005.

Nos días 15/09/2005 e 29/12/2005 o equipo redactor do proxecto técnico da devandita modificación puntual e o delegado do CZFV presentaron senllos escritos nesta Administración municipal comunicando a existencia de varios erros materiais na transcripción das ordenanzas do Plan Parcial no texto refundido resultante da modificación puntual núm. 3 antes citada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O art. 105.2 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXA-PAC) dispón que: "*As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos*".

No presente caso constatouse a existencia dun erro material ou de mera transcripción en varios artigos da parte normativa do texto refundido do Plan Parcial do Parque Tecnolóxico resultante da súa modificación puntual núm. 3. A corrección dos ditos erros non implica ningunha alteración nas determinacións substantivas das citadas ordenanzas, que simplemente se axusta á modificación puntual núm. 3 do Plan Parcial.

Tal e como recoñeceu o Tribunal Supremo (S^a 3^a, Secc. 5^a) na súa sentenza do 16/06/2000 e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (S^a do Cont.-Ad., Secc. 2^a) na do 13/04/2000, dita subsanación de meros erros materiais non esixe dun procedemento especial. Sen embargo neste caso, e por motivos evidentes de seguridade xurídica, procede formalizar a devandita aclaración mediante o procedente acordo plenario e publicación no BOP da ordenanza corrixida."

En consecuencia co anterior e por aplicación do principio de unidade de procedemento e de conformidade co disposto no art. 123.1.i) LBRL, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 26 de xaneiro de 2006, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez e Guerra Fernández).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Corrixir os erros materiais detectados no tomo de ordenanzas do Texto Refundido do Plan Parcial do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo resultante da súa modificación puntual núm. 3 aprobada definitivamente por acordo plenario municipal do 26 de xullo de 2005, no senso que se recolle na documentación aportada polo Consorcio da Zona Franca de Vigo no 29 de decembro de 2005 (expte. 9353/411).

Segundo.- Publíquese este acordo no DOG e o texto corrixido das ordenanzas no BOP. Notifíquese o seu contido íntegro ó Consorcio da Zona Franca de Vigo, á oficina municipal de licenzas, ós propietarios incluídos no ámbito do Plan Parcial e á CPTOPV da Xunta de Galicia, con indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

6.- (6).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO.

ANTECEDENTES.- O Consello de Administración do Consorcio do Casco Vello de Vigo, en sesión do 6 de outubro de 2005, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación dos estatutos do Consorcio do Casco Vello de Vigo nos seguintes termos:

a) Dase nova redacción ó artigo 14.2, que queda redactado do seguinte xeito:

2.- O Consello de Administración estará composto por representantes das entidades consorciadas, consonte á seguinte distribución:

- a) Catro representantes do Consorcio da Zona Franca de Vigo elixidos polo seu Comité Executivo.
- b) Catro representantes do Instituto Galego da Vivenda e Solo designados polo seu presidente.
- c) Catro representantes do Concello de Vigo elixidos polo Pleno.

b) Dase nova redacción ó parágrafo segundo do artigo 33, que queda redactado do seguinte xeito:

2.- O réxime orzamentario do Consorcio do Casco Vello de Vigo axustarase ó disposto na normativa reguladora das facendas das entidades locais.

Segundo.- Someter o expediente ós trámites indicados no artigo 143 da Lei 5/1997 de Administración local de Galicia."

Con data 2 de xaneiro de 2006, o secretario do Consorcio Casco Vello de Vigo certifica que, durante o prazo sinalado no BOP num. 231, do 1 de decembro de 2005, non se presentaron nas oficinas de dito Consorcio alegación nin reclamación ningunha.

Igualmente certifica que remitido o acordo á Deputación Provincial e máis á Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e transcorrido o prazo dun mes dende a recepción das comunicacións, só emitíu informe a Deputación Provincial, sendo iste en sentido favorable.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 23 de xaneiro de 2006, dictamina favorablemente.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez e Guerra Fernández).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar definitivamente a modificación dos estatutos do Consorcio Casco Vello de Vigo nos mesmos termos da súa aprobación polo Consello de Administración do devandito Consorcio, que se transcriben nos antecedentes deste acordo.

7.- (7).- APROBACIÓN INICIAL DE PROPOSTA DE SUPRESIÓN DO ARTIGO 25 DOS ESTATUTOS DO ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL PARQUE DAS CIENCIAS VIGO-ZOO.

ANTECEDENTES.- O Consello de Administración do organismo autónomo municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo, en sesión do día 25 de novembro de 2005, acordou propoñer ó Pleno da Corporación a supresión do artigo 25 dos estatutos do devandito organismo autónomo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 23 de xaneiro de 2006, dictamina na forma que se expón na parte dispositiva deste acordo.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Só comentar que coido que con esta decisión dalgún xeito se crea un baleiro de poder, que eu entenda non hai funcións concretas, estimadas como atribuíbles a unha dirección concreta de Vigo-Zoo.

S.Ordinaria 30.01.06

Fágolles esta reflexión por se están a tempo de corrixir este, para min, erro porque un organismo oficial non pode estar sen unha dirección concreta, con atribucións de dirección concreta. Alá vostedes. Eu dende logo non vou votar a favor.

SR. COUTO PÉREZ: Trátase concretamente de suprimir o artigo 25 dos Estatutos para os adaptar á nova RPT, suprimilo e logo mandalo á comisión correspondente.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez e Guerra Fernández)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezaseis votos a favor dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobade Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, oito abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Porteiro García, Ruiz Ceniceros e Sío Lourido, e o voto en contra do Sr. Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación dos estutos do organismo autónomo municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo, consistente na supresión do seu artigo 25, relativo ás funcións do director veterinario.

Segundo.- Someter a devandita modificación a información pública mediante a inserción de anuncio no BOP a efectos de que, no prazo de 30 días hábiles, os interesados efectuen as reclamacións ou suxerencias que consideren convenientes, debéndose entender definitivamente aprobada no suposto de que non se produxeran.

Terceiro.- No caso da súa aprobación definitiva, proceder á publicación do acordo no BOP a efectos da súa entrada en vigor.

Explicación de voto da Sra. Graña Barcia polo Grupo municipal do PSdeG-PSOE:

Non podemos apoiar esta modificación dos Estatutos do Vigo-Zoo co noso voto favorable porque o Goberno municipal tería que ter presentada a modificación completa dos estatutos.

Coma vimos reiterando, son xa case dous anos de retraso por inactividade do Goberno na adaptación da normativa municipal á Lei de modernización e sen

embargo, coma unha burla, hoxe preséntase esta modificación puntual que só afecta a un artigo.

8.- (8).- TOMA DE COÑECEMENTO DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, SESIÓN DO 21.10.05, DE DESAFECTACIÓN DE TERREOS DE PROPIEDAD MUNICIPAL PERTENCENTES Ó CEIP EMILIA PARDO BAZÁN, AFECTADOS POR OBRAS NO CAMIÑO DO CHOUZO. EXPTE. 17295/240.

ANTECEDENTES.- Con data 31 de outubro de 2005, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

"17. SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DE DESAFECTACIÓN DE TERREOS DE PROPIEDAD MUNICIPAL, PERTENCENTES AO CEIP EMILIA PARDO BAZÁN, AFECTADOS POR OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO MURO E ENSANCHE DA CALZADA NO CAMIÑO DO CHOUZO. EXPTE. 17295/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 11.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- Polo Servizo de Educación comunicouse a execución dunha beirarrúa e muro de contención no camiño do Chouzo no que se verán afectados terreos correspondentes ó CEIP Emilia Pardo Bazán, interesando a súa desafectación ó uso educativo e incorporación à vía pública. Así mesmo, solicita a agrupación de 842,35 m² ós terreos do devandito CEIP, que foron cedidos o Concello como resultado da UE II-08 Coruña

SEGUNDO.- Segundo resulta dos antecedentes que obran na oficina do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, o Concello adquiriu dúas parcelas por unha superficie total de 842.35 m², trala aprobación definitiva do proxecto de compensación da UE II-08 Coruña, adxacentes ó Colexio Público Emilia Pardo Bazán, coa seguinte descrición e reflectidas no plano do servizo de Cartografía de data outubro de 2005.

Zona 1.- Sup. 734,15 m².

Norte.- Parcela de cesión para espazo libre posterior en liña de 7.51 m e parcela de cesión para viais e calzadas en liña de 2d1.53 m.

Sur.- Parcela de cesión para viais e calzadas.

Leste.- Parcela de cesión para viais e calzadas.

Oeste.- Finca pertencente ó Colexio Público Emilia Pardo Bazán en liña de 38.82 m.

Zona 2.- Sup. 99,20 m².

Norte.- Finca pertencente ó Colexio Público Emilia Pardo Bazán en liña de 9.24 m

Sur.- Finca pertencente ó Colexio Público Emilia Pardo Bazán

Leste.- Parcela de cesión para espazo libre posterior en liña de 34.18 m.

S.Ordinaria 30.01.06

Oeste.- Finca pertencente ò Colexio Público Emilia Pardo Bazàn en liña de 27.60 m.

TERCEIRO.- Na instrucción do expediente emitíu informe a Oficina de educación (29.04.2005 e 15.07.2005), remitindo copia do proxecto de construción do muro e ensanche calzada no camiño do Chouzo, e plano de situación das parcelas resultantes do proxecto de compensación da UE II-08 Coruña lindantes co CEIP.

En data 26 de maio de 2005 a Dirección do CEIP Emilia Pardo Bazàn comunica a súa conformidade á desafectación da superficie vencellada ò proxecto de obras do camiño do Chouzo, e á incorporación dos novos terreos ò uso educativo.

Polo arquitecto de Patrimonio emítese informe (23.05.2005 e 25.08.2005) sinalando que a superficie a agregar os terreos do Colexio corresponden a dúas parcelas de 743,15 m² e 99,20 m² adxacentes a propiedade municipal n^o 83 polo linde leste, resultando a afectada polas obras do camiño do Chouzo dunha superficie de 200.50 m².

O Servizo de Cartografía remitiu en data outubro 2005 o parcelario do Colexio Público no camiño do Chouzo correspondente ás Parcelas segregadas e incorporadas (plano 1) e parcela resultante (plano 2).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO.- O Grupo Escolar Pardo Bazàn, na parroquia de Coia, consta de titularidade municipal inscrita no Inventario municipal de bens e dereitos baixo o número de propiedade 000083, coa natureza xurídica de ben de servizo público afecto ò servizo educativo, unha superfice de 10.076 m² e os seguintes lindeiros

Norte: Propiedades particulares (Hdeiros. Leiros)
Sur: Travesía Coruña.
Leste: N^o 13,15,17,19 Rúa Coruña; n^o 10 Trav. Coruña.
Oeste: Cño. Chouzo.

De acordo cos antecedentes sinalados, procede levar a efecto a segregación de dita parcela dos terreos que nunha superficie de 200.50 m² vense afectados polas obras de mellora do Camiño do Chouzo, e ó mesmo tempo a agrupación das dúas parcelas de 743 .15 m² e 99.20 m² adquiridas polo Concello para o Colexio Público Emilia Pardo Bazàn.

A parcela municipal n^o 000083 resultante do CEIP, tralas devanditas segregacións e agrupacións, reflíctese no plano n^o 2 do servizo de cartografía, cunha superficie total de 10.413, 85 m² e os seguintes lindeiros, de acordo co informe do arquitecto de Patrimonio:

Norte: Propiedades particulares (Hdeiros. Leiros), patio interior Comunidades R/Coruña 21 e 23.
Sur: 1^a Travesía Coruña.
Leste: N^o13,15,17,19 da Rúa Coruña; terreos privados e rúa A en proxecto.
Oeste: Cño. Chouzo.

SEGUNDO.- A facultade das Entidades Locais para proceder á alteración da cualificación xurídica dos seus bens ven recoñecido no art. 81 da Lei 7/85 RBRL, art. 269 da Lei 5/97 de ALG e art. 8 do RD 1372/86 RBEL, ó dispoñer que dita alteración xurídica levarase a cabo mediante a tramitación do correspondente expediente administrativo no que se acredite a oportunidade e legalidade desta, requirindo a súa adopción a cumprimentación de diversos requisitos que a mesma normativa establece.

TERCEIRO.- A modificación no destino (servizo público educativo) dos terreos correspondentes ó CEIP Emilia Pardo Bazàn que resultan afectados polas obras do camiño do Chouzo e conseguinte incorporación ó uso público viario, constitúe unha mutación demanial, mediante a desafectación e afectación simultánea á outro fin público (art. 71 LPAAPP).

Conseguentemente non incide na natureza xurídica do ben que mantén a súa característica de dominio público municipal, pero si nos fins a que se destinan, alterándose a condición de ben afecto ó servizo público polo de uso público integrante da rede viaria municipal, ven motivada e xustificada pola necesidade de executar o proxecto de obras do Camiño do Chouzo, de interese xeral, ó permitir unha mellora na seguridade vial nos accesos ó propio centro educativo, que dá resposta así mesmo ás demandas feitas por dita comunidade educativa (CEIP Emilia Pardo Bazan).

CUARTO.- A mutación demanial dos bens pertencentes ás Entidades Locais, súxéitanse ó réxime xurídico regulador das alteracións na calificación xurídica destes e neste senso élle de aplicación, no suposto que nos ocupa, a alteración automática prevista no art. 81.2 letra a, da LRBRL ó establecer que se produce coa "Aprobación definitiva dos plans de ordenación urbana e dos proxectos de obras e servizos."

Neste senso, a execución do planeamento urbanístico, coa aprobación definitiva do proxecto de compensación da UE II-08 Coruña, e a do proxecto de obras de construción de muro e ensanche calzada no Camiño do Chouzo, pódese entender acaecida a alteración automática dos bens municipais referidos, resultando afectados ó uso educativo as parcelas procedentes do proxecto de compensación da UE II-08 Coruña, e por outra banda a modificación no seu destino das afectadas polo proxecto de obras, se ben neste suposto condicionada a outras autorizacións pertinentes.

QUINTO.- Non obstante, a concorrencia competencial doutras administracións públicas no destino a que resultan afectados os devanditos terreos, fai preciso acadar a autorización pertinente daquelas no ámbito competencial que lle é propio.

De acordo co decreto 1373/82 do 24 de xullo, polo que se levou a cabo a transferencia de funcións e servizos do estado en materia de educación a favor da Comunidade Autónoma de Galicia, ista ostenta na actualidade a condición de Administración xestionante do servizo educativo no ámbito desta Comunidade e, consecuentemente, requírese como trámite previo e necesario a obtención da Consellería de Educación da Xunta de Galicia da autorización correspondente para a alteración xurídica da natureza de dito ben, desafectándoo do servizo educativo, tal e como se recolle na disposición decimosétima, parágrafo 1º da Lei Orgánica 1/1990 de Ordenación Xeral do Servizo Educativo, ó establecer que ditos edificios non poderán destinarse a outros servizos ou finalidades sen autorización previa da Administración Educativa correspondente.

SEXTO.- Correspóndelle à Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación dos actos de xestión do patrimonio municipal, de acordo co disposto no art. 127.1.f) da LRBRL.

Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Interesar da Consellería de Educación da Xunta de Galicia o outorgamento da autorización para a desafectación ó servizo educativo dos terreos, nunha superficie de 200.50m², pertencentes ó CEIP Emilia Pardo Bazàn (propiedade municipal nº 000083), afectados polas obras de construción do muro e ensanche da calzada no Camiño do Chouzo.

2º.- Aprobar a segregación da superficie de 200.50 m² da parcela correspondente á propiedade municipal nº 000083 "Grupo Escolar Pardo Bazàn" e, así mesmo, a agrupación á mesma das parcelas zona 1 e zona 2 do proxecto de compensación da UE II-08 Coruña, cunha superficie respectivamente de 743.15 m² e 99.20 m², afectándoas ó uso público educativo ó que se destina a matriz.

3º.- Efectuar, unha vez acadada a autorización instada, a rectificación da propiedade nº 000083 Grupo Escolar Pardo Bazàn do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, actualizando o seu rexistro consonte a seguinte parcela resultante:

Propiedade Municipal nº 000083.

Superficie: 10.413,85

Lindeiros:

Norte: Propiedades articulares (Hdeiros. Leiros), patio interior Comunidades R/Coruña 21 e 23.

Sur: 1ª Travesía Coruña.

Leste: Nº13,15,17,19 da Rúa Coruña; terreos privados e rúa A en proxecto.

Oeste: Cño. Chouzo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe."

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando iste enterado.

9.- (9).- TOMA DE COÑECEMENTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, SESIÓN DO 21.10.05, DE NOVA DELIMITACIÓN DA PROPIEDAD MUNICIPAL Nº 000037, COLEXIO PREESCOLAR PALENCIA, A SOLICITUDE DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS. EXPTE. 6774/332.

S.Ordinaria 30.01.06

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 31 de outubro de 2005, adoptou o seguinte acordo:

"39. NOVA DELIMITACIÓN DA PROPIEDAD MUNICIPAL Nº 000037 COLEXIO PREESCOLAR PALENCIA: SOLICITUDE DE CONFORMIDADE Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS. EXPTE. 6774/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 27.10.05, conformado pola xefa de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- Polo Servizo de Educación proxéctase a construción dunha gardería infantil na parcela municipal nº 000735 da rúa Palencia de acordo co proxecto do arquitecto D. Alberto Cominges Molins, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo do 3 de outubro do 2005.

SEGUNDO.- A Xerencia de Urbanismo, à solicitude da Concellería de Educación co obxecto de viabilizar a construción proxectada consonte a proposta de reparcelación reflectida no proxecto do arquitecto D. Alberto Cominges Molins, tramitou a modificación puntual do estudo de detalle IV-02 Palencia, aprobado definitivamente por acordo do Pleno do 12 de setembro de 2005, efectuándose unha reordenación dos volumes edificábeis no seu ámbito, da que resultou unha reparcelación entre as propiedades municipais 000735 e a colindante nº 000037 (Colexio Preescolar Palencia).

TERCEIRO.- Polo arquitecto de Patrimonio emítese informe o 21.10.2005 sinalando os novos lindeiros das parcelas municipais resultantes trala reparcelación, no que no se ven afectadas as súas superficies totais.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO.- No Inventario Municipal de Bens e Dereitos, aprobado por acordo plenario do 4 de maio de 1993, constan as seguintes parcelas:

A) Colexio Preescolar Palencia: Baixo o número de propiedade 000037, coa natureza xurídica de ben de servizo público, dunha superficie de 1086,35 m2 e os seguintes lindeiros

*Norte: Rúa Palencia
Sur: Hdos. Francisca González Gómez.
Leste: Rúa Palencia 36 a Rúa Soria.
Oeste: Evaristo González Gómez.*

B) Parcela 941 m2 para gardería: Baixo o número de propiedade 000735, coa natureza xurídica de ben de servizo público, dunha superficie de 941 m2 e os seguintes lindeiros

*Norte: Rúa Palencia e Preescolar pdad. Municipal
Sur: Sendeiro Peonil
Leste: Casa nº 22 Avda. Martínez Garrido.*

S.Ordinaria 30.01.06

Oeste: Sendero Peonil.

SEGUNDO.- De acordo cos antecedentes sinalados, as devanditas parcelas modificanse na súa delimitación sen alteración significativa de superficies, resultando da reparcelación cos actuais lindeiros, consonte ó informe do arquitecto de Patrimonio:

Colexio Preescolar Palencia (propiedade 000037)

Superficie: 1091 m².

Norte: Rúa Palencia

Sur: Rúa Soria.

Leste: Parcela Escola Infantil.

Oeste: Evaristo González Gómez.

Parcela 941 m² para gardería (propiedade 000735)

Superficie: 941 m².

Norte: Rúa Palencia

Sur: Rúa Soria.

Leste: Edificaciób R/Palencia nº 36.

Oeste: Parcela Preescolar.

TERCEIRO.- A facultade das Entidades Locais para proceder á alteración da cualificación xurídica dos seus bens ven recoñecida no art. 81 da Lei 7/85 RBRL, art. 269 da Lei 5/97 de ALG e art. 8 do RD 1372/86 RBEL, ó dispoñer que dita alteración xurídica levaráse a cabo mediante a tramitación do correspondente expediente administrativo no que se acredite a oportunidade e legalidade desta, requirindo a súa adopción á cumprimentación de diversos requisitos que a mesma normativa establece.

Non obstante, prevese entre outros supostos, a posibilidade de que se alcance unha alteración automática na natureza xurídica dos bens, cando concorra a "Aprobación definitiva dos plans de ordenación urbana e dos proxectos de obras e servizos." (art. 81.2 letra a, da LRBL), o que podería, no seu caso, estimarse de aplicación á presente reordenación, trala aprobación definitiva da modificación puntual do estudo de detalle IV-02 Palencia e o proxecto de obras do arquitecto D. Alberto Cominges Molins para a construción da gardería infantil.

CUARTO.- A aprobación da modificación do ED IV-02 Palencia e o proxecto de obras, posibilitan a execución dunha dotación pública, polo tanto de interese xeral, que dá resposta ás necesidades no servizo educativo, circunscribíndose ós seus efectos, en relación ás parcelas afectadas, a unha reordenación dos lindes, ó completar as aliñacións e ordenar os volumes edificábeis (AP 12-09-2005), coñecida e aprobada polo propio Consello Escolar do EEI Rúa Palencia en sesión do 27.06.2005.

A reparcelación ou reordenación de lindes realizada, non incidiu na natureza xurídica das parcelas municipais que manteñen a mesma calificación de ben demanial e afectación ó servizo público educativo.

Segundo resulta da modificación puntual do estudo de detalle IV-02 Palencia, esta modificación é compatible e cumpre tanto o planeamento xeral de 1993, en canto cualificaba o ámbito coa ordenanza 3.3 de zonas culturais e sociais e en parte remitía ó estudo de detalle que se modifica, así como ó Plan Xeral resultante da revisión que se vai aprobar inicialmente que

cualifica toda a parcela dotacional como equipamento escolar...(AP 12-09-2005).

Conseguentemente cabe considerar, que ó non resultar modificada a cualificación urbanística das parcelas e manterse o vencellamento a fins públicos educativos tanto da parcela correspondente ó Colexio Preescolar Palencia, como a destinada á construción da gardería infantil, a reparcelación aprobada non altera en modo ningún a natureza xurídica destas que continúan afectas ó servizo público educativo sen que se estime polo tanto a concorrencia dun suposto de afectación, desafectación ou mutación demanial que motive a necesidade da instrución do procedemento previsto no artigo 81 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, ó incidir as actuacións acadadas unicamente no marco das características físicas das parcelas sen transcendencia na súa calificación xurídica.

QUINTO.- De acordo co decreto 1373/82 do 24 de xullo, polo que se levou a cabo a transferencia de funcións e servizos do Estado en materia de educación a favor da Comunidade Autónoma de Galicia, ista ostenta na actualidade a condición de Administración xestionante do servizo educativo no ámbito desta Comunidade.

Que o Concello de Vigo, no ámbito das súas competencias en materia educativa e no marco da lexislación vixente, participa e coopera coa administración educativa competente na creación, construción e sostemento de centros públicos docentes, sendo propietario do Centro de Preescolar da rúa Palencia que xestiona a Xunta de Galicia na súa condición de administración educativa (art. 25.2 LRBRL e DA 1ª LO 8/1985).

Que modificada a delimitación da parcela sobre a que se sitúa dito centro educativo, e sen prexuízo do trámite de comunicación à CPTOPV da Xunta de Galicia da aprobación definitiva do ED (art. 92 da L.9/2002 LOUGA), resulta pertinente acadar da Consellería de Educación a conformidade na reparcelación acometida en tanto vironse afectados ós seus lindes.

SEXTO.- Correspóndelle á Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación dos actos de xestión do patrimonio municipal, de acordo co disposto no art. 127.1.f) da LRBRL.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Solicitar da Consellería de Educación da Xunta de Galicia a súa conformidade á nova delimitación da propiedade municipal nº 000037 Colexio Preescolar Palencia, resultante da modificación puntual do estudo de detalle IV-02 Palencia, aprobado por acordo do Pleno en data 12.09.2005.

Colexio Preescolar Palencia (Propiedade 000037)
Superficie: 1.091 m².

Norte: Rúa Palencia
Sur: Rúa Soria.
Leste: Parcela Escola Infantil.
Oeste: Evaristo González Gómez.

2º.- Efectuar as rectificacións das propiedades nº 000037 e 000735 do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, actualizando a súa delimitación consonte as seguintes parcelas resultantes:

Colexio Preescolar Palencia (Propiedade 000037)

Superficie: 1091 m2.

*Norte: Rúa Palencia
Sur: Rúa Soria.
Leste: Parcela Escola Infantil.
Oeste: Evaristo González Gómez.*

Parcela 941 m2 para garderia (Propiedade 000735)

Superficie: 941 m2.

*Norte: Rúa Palencia
Sur: Rúa Soria.
Leste: Edificación R/Palencia nº 36.
Oeste: Parcela Preescolar.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe."

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando iste enterado.

10.- (10).- PROPOSTA DE DENOMINACIÓN DA PRAZA DO PAZO SOLITA. EXPTE. 261/234.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido pola xefa de Estatística con data 12 de decembro, co desenvolvemento do PP 01-11, Finca Solita, na parroquia de Alcabre, creouse unha praza pública que na actualidade carece de nome coas dificultades que iso lle significa para os veciños.

Unha vez consultado o Departamento de Patrimonio Histórico sobre os topónimos existentes na zona, a xefa de Estatística emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 23 de xaneiro de 2006, dictamina favorablemente a devandita proposta.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez e Guerra Fernández).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear á praza pública obtida polo desenvolvemento do plan parcial 01-11, na parroquia de Alcabre, co nome de "Praza do Pazo Solita".

11.- (11).- DENOMINACIÓN DE RÚAS NO PAU CAMBESES EN LAVADORES. EXPTE. 259/234.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido pola xefa de Estatística con data 12 de decembro:

"A Asociación Veciñal Lavadores, presentou neste Concello proposta para a denominación de catro viais obtidos no desenvolvemento do PAU Cambeses coa súa xustificación correspondente que se achega neste expediente. Destes catro viais, a devandita asociación propón dar a un deles o topónimo de Prado Vello e para os outros tres a súa proposta é dar o nome de persoas de recoñecido prestixio en Lavadores.

Con data 4 de novembro de 2005, o Pleno municipal acordou deixar pendente este asunto pola existencia previa dun acordo unánime da Corporación de data 25 de outubro de 2004 referido a "...que sempre se preferirá un topónimo tradicional antes de fórmulas de nova invención..."

A xefa de Patrimonio Histórico informou daquela sobre os topónimos existentes na zona de Cambeses cos nomes de "Os campos de Menxego" e "O Eido de Madruga".

Consultada a Asociación di que estes topónimos non son tales, senón que se corresponden con fincas particulares."

Polo anteriormente exposto a xefa de Estatística emite a proposta que se contén na parte dispositiva.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 23 de xaneiro de 2006, dictamina favorablemente a devandita proposta.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez e Guerra Fernández).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Nomear ó vial núm. un do plano que se achega ó expediente, de cor rosa, co nome de rúa "Obdulia Simón (mestra)"

S.Ordinaria 30.01.06

Segundo.- Nomear ó vial núm. dous do plano que se achega ó expediente, de cor azul, co nome de rúa "Ignacio Grobas (aparellador)".

Terceiro.- Nomear ó vial núm. tres do plano que se achega ó expediente, de cor verde, co nome de rúa "Marcelina Panete (mestra)".

Cuarto.- Nomear ó vial núm. catro do plano que se achega ó expediente, de cor amarela, co nome de rúa "Prado Vello".

12.- (12).- PROPOSTA DE DENOMINACIÓN DE RÚA E DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DA PRAIA DE SAMIL CO NOME DE "ANTONIO NIETO FIGUEROA "LERI".

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, en sesión do día 20 de decembro de 2005, de conformidade co acordo plenario de data 4 de novembro, acordou incoar expedientes para denominar co nome de "Antonio Nieto Figueroa, "Leri" a un camiño e máis ó complexo deportivo da praia de Samil.

A xefa de Estatística, con data 17 de xaneiro de 2006, informa do que segue:

"O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria do 4 de novembro de 2006, acordou por unanimidade dar o nome de Antonio Nieto Figueroa "Leri" a unha rúa da nosa cidade.

A Xunta de Voceiros, na súa sesión de data 20 de decembro, en cumprimento do anterior, acorda por unanimidade iniciar expedientes para denominar co nome de Antonio Nieto Figueroa "Leri" á vía pública denominada Baixada a Smil e tamén para denominar co mesmo nome ó Complexo deportivo municipal existente na praia de Samil".

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 23 de xaneiro, dictamina favorablemente a anterior proposta.

DEBATE.- SR. TOBA GIRÓN: O noso Grupo quere que a votación deste punto se divida, por unha parte na votación do centro deportivo municipal, que foi unha proposta nosa, e por outra parte a denominación da rúa, é dicir, que votemos por separado as dúas cousas tal e coma está no acordo da Xunta de Voceiros.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Alcaldesa, os demais Voceiros lembrarán que este foi un acordo conxunto e non por separado, polo tanto se ten que votar conxuntamente igual que se acordou.

SR. TOBA GIRÓN: Non hai máis que botar unha ollada ó acordo da Xunta de Voceiros, a acta está no expediente e establécense dous puntos: o nomeamento do centro deportivo municipal de Samil e o nomeamento da rúa. Polo demais non hai inconveniente en que se produza unha división na posición de voto, non vexo problema.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Alcaldesa, non sei se neste punto procedimental cómpre explicar ou non porque este é un tema que se votou conxuntamente na Xunta de Voceiros. En todo caso eu sométome á súa decisión coma Presidenta, non teño ningún problema, non é unha cuestión de gabinete para nós pero as cousas son coma son e cando hai pactos e compromisos, dende logo eu coma persoa e o Partido Galeguista vainos cumprir sempre. Hai un acordo conxunto da Xunta de Voceiros sobre este tema e polo tanto pido que se actúe e se vote. Cada quen que vote o que lle pete pero hai un acordo da Xunta de Voceiros, hai un proceso e se queren llo explico pero ó mellor sería entrar máis no fondo da cuestión. Se hai que entrar agora en expoñer os criterios de por qué pedimos isto, Sra. Alcaldesa, estou disposto a facelo.

A PRESIDENCIA: Teño diante a proposta e ten dous puntos e polo tanto se poden votar os dous ó pedilo un dos Voceiros.

Primeiro punto: "Nomear a rúa baixada a Samil que comeza no número 232 da rúa Redondo e remata na avenida de Samil coma rúa de Antonio Nieto Figueroa "Leri".

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Alcaldesa, quero falar sobre este asunto.

A PRESIDENCIA: Pode falar sobre o asunto antes de que se expoña a votación, de todos os xeitos voulle dar a palabra pero lle estou dicindo que debe pedir a palabra antes de expoñer a votación o tema.

SR. SOTO FERREIRO: Non me deu tempo porque puxo vostede a votación o tema sen mirar se alguén pedía a palabra, vostede non pediu palabras pero eu llela pido de novo.

A PRESIDENCIA: Ten a palabra, Sr. Soto.

SR. SOTO FERREIRO: Antonio Nieto Figueroa, na opinión de quen fala e na do Partido Galeguista é un home merecente de honra, a súa memoria debe quedar na historia da cidade polas moitas cousas que fixo.

Quero dicir para que conste en acta que eu coñecino bastante ben e era un home de conviccións firmes, o seu talante progresista, na miña opinión socialdemócrata, viulle do amor polo seu pai que foi militante da UXT e foi un sentimento que mantivo durante toda a súa vida. Iso non lle impediu de ningún xeito prestarlle atención, por riba da súa maneira de pensar, a outras ideas que defendeu sempre por riba de calquera circunstancia coma a defensa da cidade de Vigo e do que el coidaba as mellores situacións para defender os intereses de Vigo e dos vigueses. Iso prevaleceu sempre e mesmo diante da súa maneira de pensar que a tiña moi clara e sabémolo os que o coñecemos ben. Sempre por riba deses talantes, dos seus xeitos de pensar, estaba o seu amor de Vigo.

"Polas súas obras o coñeceredes", di a Biblia. Hai algúns que non teñen, nin seguramente terán na súa vida a enésima parte de obras que Antonio deixou atrás. Por exemplo, o feito de que no tema do deporte popular contribuíse a que moitísimos milleiros de vigueses durante decenios da súa vida poidesen practicar deportes de xeito gratuíto, sen ter que pagar custos de instalacións deportivas, aí está. Coas súas propias mans e coa axuda doutros entusiastas colaboradores traballou a prol do deporte popular coma ninguén o fixo nesta cidade e como será moi difícil que se volte repetir seguramente.

O público asistente no salón de Plenos interrompe a intervención do Sr. Soto con berros.

A PRESIDENCIA: Por favor, garden silencio. Sr. Soto, rematou?

SR. SOTO FERREIRO: Non, nin moito menos, estaba esperando a que mo permitisen para seguir falando porque dende logo que vou seguir falando de Antonio Nieto, un home que non merece estas circunstancias de hoxe e das que algún son culpables.

Sra. Alcaldesa, falaba da entrega e do traballo de Antonio Nieto a prol do deporte popular. En calquera cidade unha acción dese tipo sería merecente de todas as glorias e da aquiescencia de todos, aquiescencia que imos ver se se produce hoxe, pero dende logo vai contar sempre co afecto e co respecto por suposto de quen fala e do Partido Galeguista porque só polos

feitos da súa traxectoria política sería merecente da homenaxe que esta Corporación lle pretende render.

Esta Corporación, actuando democrática e lexitimamente no nome do mandato popular, ten capacidade para tomar as decisións sobre estes temas e vaino facer segundo a conciencia de todos e cada un de nós. A miña conciencia, independentemente do que falaba da defensa de Antonio a prol do deporte, se me permiten a opinión está tamén contaminada por ver a súa actuación. Ás veces eu non comulgaba con todo o que facía el, coma lles pasará seguramente a moitos de vostedes, pero o que si sabemos todos e que Antonio, con moitísimos acertos e con algún erro, traballou sempre polo que coidaba os mellores intereses de Vigo, toda a súa vida, sacrificando horas de familia, de estar cos demais, dedicándolle todo o tempo que puido e soubo e iso ás veces xerou envexas políticas, humanos e veciñais pero foi insobornable defendendo os conceptos que quería para Vigo.

Quen fala o vai facer tamén, insobornablemente en función dos intereses de Vigo honrar a Antonio Nieto Figueroa é unha das mellores cousas que pode facer e que máis pode dignificar a esta Corporación e por iso presentei esta moción no seu día e por iso naturalmente deféndoa con orgullo diante do Pleno da Corporación.

A intervención do Sr. Soto Ferreiro foi interrompida en varias ocasións por berros do público asistente á sesión plenaria.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez e Guerra Fernández).

A petición do voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Toba Girón, a Presidencia somete a votación separadamente os dous puntos da proposta.

VOTACIÓN DO PRIMEIRO PUNTO: Con dezaoto votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Graña Barcia, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e a Presidencia, e sete abstencións dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Fernández Fernández, Cotobad Tombo, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Toba Girón e Vieitez Alonso,
ACÓRDASE:

Nomear á vía denominada Baixada a Samil, que comeza no número 232 da rúa Redondo e remata na avenida de Samil, como rúa de "Antonio Nieto Figueroa "Leri".

VOTACIÓN DO SEGUNDO PUNTO: Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Nomear ó Complexo deportivo municipal existente na praia de Samil co nome de "Antonio Nieto Figueroa "Leri".

13.- (13).- CAMBIO DE DENOMINACIÓN DO CENTRO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAIXA DE AFORROS DE VIGO POR "CENTRO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAIXANOVA".
EXPT. 7421/332.

ANTECEDENTES.- A xefa do departamento de Educación, coa conformidade do concelleiro delegado, con data 11 de xaneiro de 2006, informa do que segue:

"A dirección do "Centro de educación primaria Caixa de Aforros de Vigo" solicita, mediante escrito de data de entrada no Rexistro municipal do día 21.11.2005, que o Concello de Vigo preste a súa conformidade ó cambio de nome deste colexio, sito na rúa Filipinas núm. 4 da nosa cidade, para que se chame "Centro de educación primaria Caixanova", actual denominación daquela entidade e por solicitude da mesma."

Polo exposto a xefa de Educación emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 23 de xaneiro de 2006, dictamina favorablemente a devandita proposta.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez e Guerra Fernández)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Prestar conformidade á solicitude da dirección do centro para que o "Centro de educación primaria Caixa de Aforros de Vigo", pase a denominarse "Centro de educación primaria Caixanova".

14.- (14).- MOCIÓN DA XUNTA DE VOCEIROS POLA DEFENSA DAS LIBERDADES PÚBLICAS.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiro, en sesión que tivo lugar o día 26 de xaneiro de 2006, acordou presentar ó Pleno da Corporación a seguinte moción:

"O 19 de novembro tiñamos coñecemento da queima do coche do concelleiro do BNG no Concello de Nigrán, David Giráldez. O pasado venres, 13 de xaneiro, outro representante público do BNG, neste caso Domingos Solla, vocal da Entidade Local Menor de Morgadáns, no Concello de Gondomar, sufría outro atentado contra os seus bens e a súa vivenda, podendo lamentar desgrazas persoais se non fora pola rápida reacción que tiveron.

En menos de dous meses téñense producido dous atentados, dous feitos con prácticas terroristas contra representantes públicos, neste caso do BNG no Val Miñor. Se alguén pensou na casualidade no primeiro atentado, o segundo confirma que están relacionados coa actividade política desenvolta polo BNG e os seus representantes. O último acto representa un salto cualitativo importante, non só pola achega: dous coches e a casa, senón porque puidemos lamentar danos nas vidas das persoas afectadas.

Esta política, que busca infundir terror ós representantes públicos, neste caso a dous representantes do BNG, pretende intimidar e limitar a función para a que foron electos cargos públicos, trantando impoñer pola forza e os actos do terror, o que non son quen de convencer coa palabra, o diálogo e nas canles da legalidade vixente.

Estas agresións non poden impedir o exercizo da actividade política, nin converter as institucións en entes pasivos, en lugar de actuar na defensa do interese público, o que fai necesaria a adopción de medidas de condena e solidariedade polas corporacións locais diante dos atentados.

Por iso, a Xunta de Voceiros propón ó Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- Condenar os atentados sufridos por David Giraldez, concelleiro de Nigrán, e por Domingos Solla, membro da Entidade Local Menor de Morgadáns, no Concello de Gondomar, ó tempo que manifestamos a nosa solidariedade cos afectados e as súas familias, así como o rexeitamento enérxico duns feitos que mesmo puideron ter consecuencias irreparables.

2.- Requirir a máxima prioridade e dilixencia nas investigacións para o clarexamento dos feitos e a posta á disposición da Xustiza do autor ou autores dos atentados."

O secretario xeral do Pleno procede a ler a moción aprobada pola Xunta de Voceiros co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Durante o transcurso da lectura, o Sr. secretario foi interrompido en varias ocasións por berros do público asistente á sesión.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez e Guerra Fernández).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada pola Xunta de Voceiros, relativa á defensa das liberdades públicas, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

15.- (15).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG DE ADHESIÓN ÓS ACTOS EN MEMORIA DE ENRIQUE PEINADOR LINES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 20 de xaneiro, o voceiro do Grupo municipal do Partido Galeguista formula a seguinte moción:

"Enrique Peinador Lines é un personaxe pouco coñecido, pero senlleiro na historia de Galicia polas súas actuacións na economía galega de comezos do século XX.

Enrique Peinador Lines (Pontevedra 1886-Vigo 1940), seguindo a tarefa iniciada polo seu pai, Enrique Peinador Vela, creou no Concello de Mondariz-Balneario un espazo territorial onde o mundo dos negocios e da cultura convivían en harmonía.

A Fundación Premios da Crítica Galicia vén taballando arreo pra recuperar a súa memoria e a vixencia do seu discurso económico-galeguista. Non temos máis ca buscar nas hemerotecas aquel discurso perdido pra poñelo en valor e mesmo darlle continuidade hoxe...

Foi, sen dúbida, o empresario de mente galeguista máis destacado que tivo Galicia no primeiro terzo do século XX. Un exemplo que, de non mediar a guerra civil española, tería continuadores no empresariado galego a partir dos anos corenta. Aínda así, un seu epígono moi destacado foi don Antonio Fernández López, creador dun complexo empresarial diverso de gran importancia en Galicia (Zeltia, Cementos Oural, Frigsa, Transfersa, etc.)

Enrique Peinador Lines, empresario con boas contas de resultados nos balances do Hotel-Balneario de Mondariz, apostou decididamente polo apoio e implicación no feito diferencial galego. Velaí están dúas das publicacións editadas por aquel centro hostaleiro: "La Temporada" e "Mondariz", nos que os valores culturais e identitarios galegos tiveron sempre páxinas ó seu dispor e afamadas plumas pra as encher.

O poeta Ramón Cabanillas editou parte da súa obra na imprenta do Balneario, co apoio financeiro de Enrique Peinador. A Real Academia Galega celebrou sesión solemne nos seus salóns pra acoller a recepción de ingreso naquela institución a Ramón Cabanillas e Antonio Rey Soto. Prestou un apoio sen tateamentos á creación do Seminario de Estudos Galegos e instituiu premios pra alentar estudos que máis tarde servirían pra crear as bases financeiras do Estatuto de Autonomía de 1936. E engadir que lle encargou a Castelao as obras pictóricas sobre os cegos pra os salóns do Balneario de Mondariz, pra logo poñelas a carón doutros pintores coñecidos do seu tempo.

Pero Enrique Peinador aínda foi máis aló. Internouse noutros vericuetos, de ampla utilización na literatura económica, que hoxe recibirían a denominación de I+D. Porque Peinador asinou convenios de colaboración coa Facultade de Medicina da Universidade de Santiago pra crear o Instituto Hidrolóxico do Balneario, centro de investigación dos mananciais e augas de Mondariz.

Esa fórmula I+D levaba sempre outro sumando: o "G" de galeguidade, por certo con óptimos resultados pra o negocio. Xa que logo, a galeguidade foi un plus no crecemento do negocio. E, por exemplo, nesa dirección está a doazón dun edificio ó Ministerio de Educación pra que a Universidade compostelá puidese dedicalo a Residencia de Verán daquela institución académica.

Asemade, tamén compre subliñar o seu proxecto de levar o tranvía a Mondariz, nun intento de comunicar a Vigo (o seu porto e o seu aeroporto) co Balneario, proxecto que frustrou a guerra civil e que sería realizado máis tarde.

Por todas estas razóns e outras máis que poderían alongar este breve apunte biográfico, facémo-las dúas proposicións que veñen de seguido. A primeira delas manifestando o noso apoio ós actos previstos pola Fundación Premios da Crítica e Mondariz-Balneario consistentes en:

- 1.- Presentación da biografía de Enrique Peinador, de Ir Indo Edicións.
- 2.- Pleno Extraordinario do Concello de Mondariz-Balneario para nomear fillo adoptivo a título póstumo a Peinador.
- 3.- Inauguración do Monumento a Peinador nos xardíns do antigo Balneario.
- 4.- Acto no auditorio do Balneario coa participación da Real Academia e outras entidades (tanto institucionais como económicas).

Consonte co antedito propoñemos:

- 1.- Que, pra gabar a memoria de Enrique Peinador Lines, apoiémo-los actos programados pola Fundación Premios da Crítica e Mondariz-Balneario, previstos pra a primeira semana do mes de marzo do ano que andamos.
- 2.- Que pra lembranza e honra deste senlleiro personaxe, o Concello de Vigo coloque unha praca na fachada do derradeiro domicilio de Enrique Peinador Lines, na rúa Cuba, número 49 de Vigo."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do día 23 de xaneiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

INTERVENCIÓN DO SR. SOTO FERREIRO: Na moción hai un relatorio do por qué desta petición dun empresario galego exemplar e galeguista.

Hai unhas actuacións organizadas polo Concello de Mondariz-Balneario e pola Fundación "Premios da Crítica" e eu pido que nos sumemos porque son adhesións públicas e actos a realizar. Dende logo e en todo caso no nome do Partido Galeguista pido que, para lembranza e honra deste senlleiro persoaxe, o Concello de Vigo coloque unha placa na fachada do derradeiro domicilio de Enrique Peinador Lines, rúa Cuba número 49 de Vigo.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez e Guerra Fernández)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do Partido Galeguista, Sr. Soto Ferreiro, de adhesión ós actos organizados en memoria de Enrique Peinador Lines e colocación dunha praca no seu derradeiro domicilio en Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

16.- (16).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG RELATIVA Ó USO DO IDIOMA GALEGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de xaneiro de 2006, o voceiro do Grupo municipal do Partido Galeguista, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"Queremos que a primeira moción que estamos a presentar no ano 2006 sexa pra defender o noso idioma. Porque, na nosa opinión, non se pode principiar un ano dun xeito mellor ca sendo servidores do noso acerbo común, da cultura do noso pobo e do seu motor principalísimo: a nosa lingua, a nosa fala.

Lamentablemente neste terreo, capital pra Galiza de hoxe e de mañá, non imos por bo camiño e ademais chove sobre mollado, pois xa na Corporación anterior e polos mesmos motivos, tivemos que presentar unha moción da que repetimos logo algúns parágrafos pra lembranza ou coñecemento de todas e todos.

Entón pediamos e temos que reiterar a petición que, consonte coa normativa municipal legalmente vixente, o galego se practique decote, oralmente e

máis por escrito, en todas as intervencións públicas das Concelleiras e Concelleiros vigueses e tamén noutras situacións que máis adiante indicamos.

¿Por qué esta situación de maltrato ó idioma dos nosos antepasados, ó noso propio idioma? Non somos quen de atopar respostas comprensíbeis. Quizais sexa porque vivimos nun País que aínda non rachou as cadeas das consecuencias dunha das máis funestas herdanzas da dictadura: a represión, o intento de castración das bases culturais propias de Galicia, das que o galego constitúe a súa cerna.

En efecto, daquela, da nosa cultura soamente se permitiron perante décadas algunhas actividades folclóricas, que por iso son as que sobreviviron mellor ata hoxe. Naquel tempo foron fundamentalmente os labregos e os mariñeiros quen mantiveron o galego. Nas cidades a represión espantosa da dictadura, o medo que lle infundía a todos, fixo que as xentes fosen abandonando pouco a pouco a nosa fermosa fala. E así ata hoxe.

Teoricamente todas e todos dicimos sentirnos orgullosos de ser galegos. ¡Pois temos que exercelo! e por iso mesmo exercitar o uso do noso idioma a cotío. Inda pra máis se temos unha fala sen par na que escribiron o rei Alfonso X (por algo lle chamaron "o sabio"), Casares, Celso Emilio, Concepción Arenal, Castelao, Cunqueiro, Curros, Pardo Bazán, Manuel Antonio, Manuel María, Otero Pedrayo, Pondal, Risco, Rosalía e tantas e tantos outros...

Moitos cidadáns empregan a desculpa (ás veces sentida e outras non), de que non se expresan en galego porque o falan mal. Mais compre preguntarse: é posible falar ben calquera lingua sen falala mal ó principio? Pois non. Polo tanto, ¡fora complexos pra empregar o noso idioma materno! ¡Xa!

Agora ben, se son perfectamente comprensíbeis esas actitudes nas persoas en xeral, é inadmisíbel en alguén que se dedique á política, porque, cómo se pode pretender administrar calquera cousa dun pobo, se previamente non existe un respecto e unha identificación con algo tan substancial como a súa lingua nai?

Por suposto que calquera pode achegarse á política sen falar galego inicialmente, mais dende o momento no que pretenda dedicarse a ela debe aprendelo, debe estudialo, sen escusa de ningún tipo.

Non están dispostos as políticas e os políticos castelanfalantes a estudar decote e co tempo que sexa preciso, moreas de expedientes e informes de todo tipo pra saberen e opinaren con coñecemento de causa sobre unha chea de asuntos? Por qué non teñen entón como mínimo a mesma actitude, a mesma dedicación, co galego?

E reiteramos que non se lles debe poñer reparos a quen en principio non falen galego, pero que o estuden, que o falen mal ó principio, pra chegaren falalo razoablemente ben despois. Ou moi ben máis adiante... O outro é unha actitude irrespectuosa, ilegal e inadmisíbel.

¡Que dexeneración tivemos tamén nisto dende que eu era Alcalde! Lémbrese que foi daquela cando se creou o Servizo de Normalización Lingüística (o Concello de Vigo foi o segundo de Galicia no facer) e declarouse o galego como idioma de uso preferente no Concello.

Dende o PG temos sido extraordinariamente prudentes no trato deste asunto por medo a confundir ós cidadáns que aínda non falan galego. Mais isto non avanza, así que ¡basta xa! Isto non pode seguir así, pois aínda que teoricamente este asunto nos importa a todos moito, na práctica a algúns só lles preocupa cando chegan as eleccións pra faceren programas electorais de "quedar ben".

O Partido Galeguista non está disposto a calar por máis tempo diante desta situación, xa que cada vez imos a peor. Non atacar ruindades como as antes descritas, ou coma as que describimos de seguido, faría que o noso silencio fose cómplice e, por iso mesmo, culpable dun inadmisíbel e insostíbel estado de cousas verbo do noso idioma, da nosa cultura.

Véxase senón:

1.- ¿Estase a empregar sempre o galego dende a Alcaldía pra publicar bandos e anuncios de todo tipo? ¡Non!

2.- ¿Utiliza sempre o galego a Sra. Alcaldesa e todos os membros do seu goberno en todos os actos públicos pra cidadáns galegos? ¡Non!

3.- Teñen instrucións os funcionarios para atenderen inicialmente ós cidadáns en galego? ¡Non!

4.- Unha das imaxes máis capitais do Concello é a que dá a Policía Local cos cidadáns: Fanse as súas actuacións en galego? E ademais: Cantos expedientes, denuncias e atestados tramita a Policía Local de Vigo ó ano e cantos en galego?

5.- Qué lingua se está a utilizar na Asesoría Xurídica do Concello en xeral, tanto na escrita como na oralidade? Pois o castelán, agás algunha excepción de quen emprega o galego nos documentos e perante os Tribunais de Xustiza.

6.- Qué lingua teñen de base os programas dos ordenadores do Concello?

7.- Estase a cumprir o acordado no seu día pola Corporación que eu mesmo tiven a honra de presidir como Alcalde, pra que se lles demande a todos os Tribunais de Xustiza que as resolucións e sentenzas se remitan en galego ó Concello, dando cumprimento así ó art. 7.3. da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística? ¡Non!

8.- Qué lingua utiliza o Concello nas notaría? Non nos equivocariamos se dixeramos que o castelán. Pois se segundo o refrán "¡quen paga manda!", por qué se lle deixa esa decisión á vontade do notario de vez?

9.- Qué lingua utilizan as consultoras privadas na redacción dos proxectos técnicos que paga o Concello? ¡O castelán, decote!

10.- Qué lingua utilizan os encargados de impartir cursos organizados polo Concello? ¡Uf!

11.- O Concello de Vigo asinou en Redondela, hai xa algúns anos, un protocolo de adhesión prá galeguización das festas populares (a campaña

chámase MIL FESTAS MÁIS PARA A LINGUA GALEGA) e, sen embargo, nada se está a facer dende entón nese eido.

12.- As subvencións ás Asociacións de Veciños e demais organizacións de todo tipo, non están condicionadas a un proceso de galeguización suxeito a prazos concretos.

En fin, que lamentamos ter que constatar e dicir que o Concello abandonou deliberadamente unha política lingüística capaz de estimular o uso do galego en todos os ámbitos. Hoxe nesta malfadada Corporación aínda estamos peor ca antes (cándo racharemos ese dito dos funcionarios de que cada Corporación é peor ca anterior?)

Mais os galegos debémoslle ós nosos devanceiros, e por iso tamén ós que veñan logo de nós, decisión e dedicación pra gorece-los nosos sinais de identidade do mellor xeito posíbel (por qué algúns, que se cualifican como progresistas, enchen a boca falando de sostibilidade cando se refiren ó medio ambiente e non o fan cando se trata de algo consubstancial prá nosa Terra como é a preservación, a sustentación da nosa cultura propia e por iso da nosa lingua propia?)

Todos os políticos témola obriga moral e legal de cumprir e facer cumprir as Leis. Podemos vivir nun estado de dereito no que cadaquén cumpre só as Leis que lle gustan? É iso democrático?

Por todo isto insistimos nas nosas protestas diante das nefastas actitudes que teñen respecto do noso idioma quen, por exemplo, acceden a unha Alcaldía ou a unha Concellería e logo de dous anos de estaren nela seguen a falar castelán a cotío. ¡Non se pode nin debe consentir!

Os grupos municipais e os partidos políticos que os sustentan, non poden seguir mirando cara a outro lado. Que asuman a súa responsabilidade co País, con Galicia, en toda a súa extensión. Por exemplo esixíndolle ós seus cargos públicos, sen admitirlles ningún tipo de desculpa, o cumprimento da Lei co emprego do galego decote no uso das súas funcións. E no caso de que alguén se negue a cumprir a Lei, que o expulsen do seu seo sen máis dilacións. Calquera outras actitudes serían complicidades antidemocráticas que nós xa non imos admitir en silencio. Mesmo estamos dispostos a combatelas de todos os xeitos posíbeis.

Vigo, neste asunto capital pra o noso futuro, debe ser exemplo para o resto de Galicia. Con ese obxectivo comprometémonos a traballar sen desmaio...

Consonte co antedito propoñemos:

1.- Que, en base á lexislación vixente, todos os Grupos Municipais lle esixan a todos os seus membros a práctica oral e escrita do galego en todas as súas intervencións públicas.

2.- Que o goberno municipal dea todos os pasos precisos pra que os once puntos indicados máis enriba se cumpran debidamente."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do 23 de xaneiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Normalmente non o fago, saben os que me coñecen que falo en función do que penso en cada momento pero hoxe vou ler esta moción porque...

Sra. Alcaldesa, pídlle que defenda os meus dereitos a poder intervir e que se respecten as formas democráticas, senón á rúa cos que berran, así de claro.

A PRESIDENCIA: Se non manteñen silencio me obrigarán a suspender o Pleno.

Neste intre e debido os continuos berros do público asistente á sesión plenaria, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos, a Presidencia suspende a sesión. Reanúdase o Pleno da Corporación ás nove horas e corenta e cinco minutos.

A PRESIDENCIA: Sr. Soto, ten a palabra para defender a súa moción.

SR. SOTO FERREIRO: Dicía que esta moción, por respecto a quen colaborou comigo para a facer, vouna ler integramente.

O Sr. Soto Ferreiro procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

SRA. MARTÍNS VILANOVA: En primeiro lugar agradecer a presentación desta moción que por desgracia sempre está de actualidade.

Pregunta vostede na súa moción por qué esta situación de maltrato ó idioma que é o noso propio e di que non atopa respostas comprensibles. Realmente custa moito atopalas así coma a outras moitas inxustizas sociais, porque estamos falando dun dereito recoñecido internacionalmente coma un dereito fundamental: o dereito a comunicarse no propio idioma que representa o dereito a falar non sempre recoñecido; todos os que somos coherentes neste tema poderíamos contar un montón de anécdotas, de respostas inaxeitadas, de malas caras por facer uso dese dereito.

O dereito a escribir en toda clase de medios e tamén nisto a cotío podemos ver coma mesmo en frases entrecomilladas que están ditas en galego transcríbense en castelán, notas de prensa que se traducen. O dereito a recibir información: polos exemplos que pon o Sr. Soto na súa moción vese que iso tampouco se respecta. O dereito a recibir o ensino en galego; non hai un só centro de ensino en galego en todo o noso país.

Os dereitos lingüísticos son un dereito fundamental que se exerce colectivamente, ninguén anda falando só nin se comunica consigo mesmo; exerceuse colectivamente e así está sinalado nas normas e iso haino que ter en conta porque iso converte en hipocresía e mesmo en cinismo o feito do recoñecer coma dereito individual mentres se impide socialmente o uso do mesmo.

Trátase en definitiva do dereito a falarmos, a seren atendidos, a recibir información, a educármonos, a desenvolver a nosa vida na nosa propia lingua. Por qué entón non defendemos este dereito con unllas e dentes? Por qué hai sorrisos na bancada popular cando o Sr. Soto fala, por exemplo? Por qué non o facemos coma mínimo os que ostentamos cargos públicos, que deberíamos estaren sensibilizados cos problemas porque dicimos que lles imos dar respostas? Por qué non traballar nese sentido en todas as organizacións políticas? Qué problema hai en que usemos a nosa lingua con normalidade?

Outros países resolveron eses problemas lingüísticos sen que iso cause ningún trauma. Podemos ter en conta o caso de Bélxica onde se fala francés na parte valona, fálase neerlandés na parte flamenca; Suiza con tres idiomas, francés, alemán e italiano; Dinamarca cun recoñecemento pleno do faroe nas Illas Faroe. Estamos falando de países que están na vangarda da civilización e non poñendo coma exemplo países atrasados. Non hai ningún problema neles.

Por qué hai que presentar aquí tantas mocións, preguntas para que se cumpra o que xa está nas leis? Son insuficientes, non bastan, pero nin iso se cumpre.

Os membros da Corporación de Vigo, comezando pola Alcadesa que é a súa máxima representante, temos unhas obrigas e independentemente do noso dereito individual a expresármonos na lingua que coidemos máis oportuna en cada momento da nosa vida particular coma concelleiras e concelleiros, temos unhas obrigas que son maiores precisamente por iso, por ser concelleiros e concelleiras, e que están ligadas á recuperación das liberdades e dos dereitos cívicos, que son garantir os dereitos lingüísticos dos cidadáns e das cidadás, así como defender, promover e pular a lingua propia de Galicia tal e coma se contempla na Ordenanza do Concello.

Por qué daquela non se fai? É difícil de entender, Sr. Soto, señores e señoras Concelleiros e Concelleiras. Evidentemente hai respostas pero ningunha convence, a que máis clarexa a situación é a que eu chamo "o

síndrome de Michel Jackson", a falla de autoestima e de seguridade e de orgullo coma galegos e galegas. Michel Jackson opérase e sométese a tratamento para agachar todo rasgo que lle semelle ás súas orixes, á súa raza negra. Aquí a xente opérase mentalmente e tenta borrar todo rasgo distintivo, a súa identidade, identidade que aparece nos seus apelidos, Sr. Chaves, Sr. Coello, Sra. Porro, Sra. Polo, Sra. Sío Lourido, Sra. Graña, Sr. Comesaña, é dicir, téñeno gravado nos seus apelidos.

Ser galego ou galega é algo máis que nacer nun país. O futuro da lingua, o futuro da nosa identidade está nas nosas mans, nas mans de cada un dos galegos. Se somos galegos, se seguemos a selo, coma dicía Castelao, é por obra e gracia do idioma.

Por min nada máis, segan vostedes rindo, sorrindo e non cumprindo as ordenanzas.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: O noso Grupo intervirá na explicación de voto. Só interveño para solicitar que se retiren os nomes, as alusións personais que se acaban de hacer na intervención da Voceiro do BNG.

SRA. MARTÍNS VILANOVA: Eu pido que se manteñan.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez e Guerra Fernández).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con oito votos a favor dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Fernández Fernández, Cotobad Tombo, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, e dezasete abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Ponte, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Graña Barcia, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Galeguista, Sr. Soto Ferreiro, relativa ó uso do idioma galego neste Concello, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Explicación de voto da Sra. Porteiro García polo Grupo municipal Socialista:

Sra. Alcaldesa, non podemos estar máis de acordo co sentido xeral e coa proposta do Sr. Soto. Estrictamente estamos en desacordo coa utilización do termo "esixencia".

Explicación de voto do Sr. Figueroa Vila polo Grupo municipal do PP:

Con posturas radicais o único que se está facendo é danar o idioma e que moita xente que está facendo esforzos para falar o galego faga todo o contrario.

17.- (17).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A ACCESIBILIDADE DA PÁXINA WEB DO CONCELLO PARA AS PERSOAS MAIORES E CON DISCAPACIDADE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 23 de xaneiro de 2006, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

"A sociedade considera que a eliminación de barreiras para as persoas con discapacidade refírese ás barreiras arquitectónicas fundamentalmente e non se da importancia a outras barreiras menos evidentes, pero igualmente importantes, como as barreiras de comunicación, acceso á información e ás novas tecnoloxías. Neste campo destaca o reto de conquistar unhas webs accesibeis sobre todo nos sitios e portais das administracións públicas.

A Lei de Servizos da Sociedade da Información e o Comercio Electrón coñecida como LSSI establece na súa disposición adicional quinta a obriga de adoptar as medidas necesarias para facer accesibeis os contidos dos sitios web da administración para persoas con discapacidade e idade avanzada antes do 31 de decembro de 2005. Así mesmo, na Orde 11551/2003 do 13 de xuño, na disposición sétima, remárcase que o Rexistro Telemático e o Servizo de Información Telemática deberán cumprir os criterios establecidos pola Iniciativa para unha Web Accesible do Consorcio World Wide Web (W3C/WAI), no que se refire a pautas de accesibilidade. Neste sentido, as recomendacións da UE son as de considerar o Nivel AA do contido da Web 1.0 da W3C/WAI como o criterio estándar de referencia.

Vigo e Barcelona foron elixidas como cidades que máis servizos electrónicos ofrecen aos seus cidadáns a través das páxinas web municipais, segundo un estudo elaborado por expertos, pero se analizamos a Web do noso Concello pensando en persoas maiores ou con problemas sensoriais vemos unha serie de eivas que limitan a súa accesibilidade á web municipal e polo tanto á súa capacidade para facer consultas, suxestións, presentación de queixas ou mesmo buscar traballo, o que supón unha discriminación de cara a estas persoas.

É por iso que solicitamos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

S.Ordinaria 30.01.06

1.- Que a páxina web do concello sexa totalmente accesíbel ás persoas maiores e con discapacidade, adoptándose as normas e recomendacións dadas pola UE en canto a pautas de accesibilidade ao contido na web 1.0 W3C/WAI no nivel AA.

2.- Solicitar que as páxinas web das empresas ou organismos que teñan algunha relación co Concello adopten o mesmo criterio.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do día 23 de xaneiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

A Sra. Méndez Piñeiro procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Barros Puente e Guerra Fernández)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro instando a accesibilidade da páxina web do Concello para as persoas maiores e con discapacidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

18.- (18).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PROPOÑENDO A ORDENACIÓN E MELLORA DO TRÁFICO NA RÚA MARÍN E LATERAIS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 23 de xaneiro de 2006, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Viéitez Alonso, formula a seguinte moción:

“Derivado do tipo de construción, a maior parte dos edificios de Coia non dispoñen de garaxes, o que obriga ás persoas que alí residen aparcarse nas rúas. Esta circunstancia, xunto ao número considerábel de persoas, ao incremento de tráfico e de tenza de vehículos, xera problemas constantes e, as máis das veces, circunstancias moi complexas co conseguinte malestar dos veciños e veciñas, así como dos usuarios destas rúas.

Este tipo de situacións só se arranxan se se ten unha visión de carácter global e se actúa en diversos fronts; fomento do transporte público, política de aparcadoiros, mellora e ordenación do tráfico, etc.

Un dos lugares máis destacados pola conflitividade do tráfico en Coia é o tramo comprendido entre a rúa O Grove e Tomás Paredes, soportado polas rúas Marín e Vilagarcía de Arousa e as súas laterais, caso de Bueu, Moaña, Baixada á Fonte dos Barros, Rocío, Cangas, etc.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG, propoñemos a seguinte resolución:

- 1.- Que o Goberno Municipal proceda a realizar un estudo de ordenación do tráfico, aparcadoiro e carga e descarga en toda a zoa antes reseñada con especial incidencia na rúa Marín e Vilagarcía de Arousa.
- 2.- Que se proceda á sinalización nos lugares utilizados a xeito de aparcadoiro como nas rúas Cangas, Bueu, Baixada á Fonte dos Barros, etc.
- 3.- O estudo para a posibilidade de construír un aparcadoiro soterrado que poidera servir como aparcadoiro alternativo ás zonas de superficie."

A comisión informativa de Mobilidade e Seguridade, en sesión do día 23 de xaneiro de 2006, quedou enterada do contido da anterior moción.

INTERVENCIÓN DO SR. VIÉITEZ ALONSO: Con esta iniciativa o que pretendemos dende o Grupo municipal do BNG é influír e na medida do posible corrixir unha problemática nunha zona da nosa cidade que no seu momento foi modelo mesmo en concepción do espazo de urbanismo pero que co paso do tempo vemos os problemas que foron xurdindo e que, unha de dúas, ou podemos mirar cara outro lado, ou en todo caso corrixilos coas iniciativas e coas medidas que consideremos axeitadas.

Estoume refirindo á zona comprendida entre a avenida de Castelao, rúa O Grove, Tomás Alonso e Tomás Paredes e coido que calquera persoa que circule por calquera desas rúas, nomeadamente Vilagarcía e Marín, pode observar coma o problema do tráfico é practicamente constante ó longo do día e sobre todo para aqueles vehículos que non son utilitarios coma tal.

Ó mesmo tempo obsérvase unha grande demanda de espazo de aparcadoiro á que non se lle está dando solución. Nese sentido, produto das conversas que tivemos con algúns dos veciños dalí que así nolo fixeron saber, pensamos que pode haber medidas que corrixan as deficiencias observadas, por iso pedímoslle ó Goberno municipal en primeiro lugar que faga un estudo de ordenación do tráfico, de aparcadoiro e zonas de carga e descarga en toda a zona reseñada, rúa Marín, Vilagarcía e laterais, pero nomeadamente nas dúas primeiras, sobre todo cando estamos a falar mesmo do transporte público que moitas veces ten bastantes deficiencias.

Por outro lado tamén coidamos axeitado cando menos ter elementos de referencia horizontais para que o que nestes momentos se utiliza coma aparcadoiro poida ser mellor aproveitado, xa que moitas veces as persoas cando aparcan non son conscientes de que o seu xeito de aparcar impide que se aproveite máis optimamente o espazo alí reservado.

Por último algo que cando menos tamén saíu na conversa con estes veciños e veciñas: a posibilidade de construír alí un aparcadoiro. Se ben é certo que no novo Plan Xeral contéplanse prazas de aparcadoiro sobre todo en Tomás Alonso I e II, o que si é certo é que non vai ter capacidade para absorber toda a demanda que hai nestes momentos porque posiblemente a maior parte desas prazas de aparcadoiro contempladas nesas figuras urbanísticas sexan absorbidas polo propio desenvolvemento e non coma tal.

Nese sentido do que falamos é do estudo de posibilidade, que en todo caso se vexa o lugar máis óptimo e mesmo os criterios de viabilidade. Parécenos necesario porque cando menos axudaría a paliar os grandes problemas que hai, xa que se se dan un paseo polas rúas Cangas, Marín, ou Vilagarcía terán problemas para pasar cos seus vehículos e estamos a falar de vehículos pequenos. Iso prodúcese constantemente ó longo do día.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Alonso Vázquez e Guerra Fernández e a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Viéitez Alonso, propoñendo a ordenación e mellora do tráfico na rúa Marín e laterais na zona de Coia.

19.- (19).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE PROPOÑENDO A ELABORACIÓN DUN REGULAMENTO DE PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 4 de xaneiro de 2006, a voceira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Porteiro García, formula a seguinte moción:

S.Ordinaria 30.01.06

"O pasado 22 de decembro o Congreso dos Deputados aprobou a Lei de Publicidade e Comunicación Institucional, que regula as campañas das Administracións Públicas de modo que resposten ao interese xeral e se desenvolvan coa máxima corrección, transparencia e garantías para os cidadáns.

A Lei ten carácter de lexislación básica e polo tanto garante que tanto a Administración Central, como as autonómicas e municipais estarán obrigadas, en canto ás características da súa comunicación e publicidade e non poderán polo tanto levar a cabo campañas de autobombo ou de ataque a outras administracións.

Desta maneiraponse fin á confusión que a miúdo se producía entre información institucional e información pro-gubernamental e asegúrase o senso institucional das campañas informativas promovidas polos poderes públicos.

Ademais, a lei garante que a actividade de publicidade e de comunicación institucional se suxeite aos mesmos criterios que calquera outra actuación da Administración. É dicir, que se produza de maneira neutral e conforme a criterios estrictos de austeridade.

A entrada en vigor desta norma suxire a conveniencia e oportunidade de elaborar unha normativa municipal de desenvolvemento a través dun regulamento, no que primen criterios de transparencia e austeridade.

Polo anterior propoñemos para a súa aprobación no Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Que se elabore polo Goberno Municipal, para a súa aprobación polo Pleno, un Regulamento de Publicidade e Comunicación Institucional, en desenvolvemento da lexislación estatal de aplicación."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 23 de xaneiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. PORTEIRO GARCÍA: A moción que hoxe presentamos ten coma finalidade que Vigo novamente se poña ó fronte da iniciativa local en materia do cumprimento da lexislación que lle compete e que ven de ser aprobada, neste caso polo Congreso dos Deputados a finais do mes de decembro. Como vostedes seguramente ben coñecen aprobouse a chamada Lei de publicidade e comunicación institucional que regula as campañas das Administracións públicas, de tal xeito que resposten ó interese xeral e que se desenvolvan coa máxima corrección, transparencia e garantías para os cidadáns.

Quérolles dicir dende un primeiro momento que non queremos utilizar esta moción coma unha ferramenta dirixida contra ninguén, senón coma un punto de partida para unha nova etapa na que todos os xestores públicos, estean na

administración que estean, deben entender a publicidade e as campañas institucionais dun xeito absolutamente rigoroso e que nunca se convertan nun instrumento do que chamamos, para enténdermos nunga xerga coloquial, autobombo senón que realmente os custos públicos que se adican para estas cousas sexan tratados con absoluto rigor.

Trátase, como se di no preámbulo da Lei, de poñer fin á confusión que se estaba producindo frecuentemente entre información institucional e información pro-gubernamental. Trátase polo tanto de que esta información se produza de maneira neutral e consonte a criterios estrictos de austeridade, palabra máxica que ata o de agora estaba ausente do tratamento das campañas de información e publicidade institucional. Por suposto tamén pretende que xamais dende unha administración pública se faga unha campaña que vulnere dereitos ou valores constitucionais coma a igualdade, pero iso digamos que dende logo no noso caso, que eu lembre xamais se produciu.

Pedimos que este Goberno elabore un regulamento que desenvolva a Lei que vostedes coñecen, a 121/34, e que axuste ó que é a xestión ordinaria do Goberno do Concello de Vigo todos estes criterios e obxectivos.

Calquera dos catro obxectivos previstos na Lei son aplicables ós intereses da cidade de Vigo. Por exemplo o primeiro: "Utilidade pública das campañas", isto quere dicir, como dicíamos antes, que se erradiquen aquelas campañas que teñan coma finalidade enxalzar o labor do Goberno. Outro obxectivo é profesionalizar a planificación, execución e avaliación das campañas para asegurar o máximo aproveitamento dos recusos públicos, é dicir, ten que haber unha previsión suficiente para saber no decurso do ano orzamentario cales son as campañas que se queren facer, qué custos se van adicar e logo se avalíe para coñecer o impacto e a oportunidade dese gasto. Terceiro obxectivo: favorecer, fornecer a transparencia das mesmas con fórmulas que dean a coñecer todas as actividades de publicidade e comunicación que prevexa desenvolver a Administración Local.

Cuarto obxectivo, que realmente eu non lembro que acontecera na nosa cidade pero si na Comunidade Autónoma recentemente, implica velar pola lealdade institucional, de tal fin que se prohiban as campañas adicadas a denostar a actividade doutras administracións no uso lexítimo das súas competencias.

Este Regulamento que nós pedimos que se presente ó Pleno ten moito sentido, estaría composto probablemente por unha comisión ou aquel órgano que o Goberno municipal decidise, probablemente de funcionarios, de persoas expertas nesta materia, que terían que determinar medidas que, por exemplo, melloren á accesibilidade ás campañas institucionais de publicidade e

comunicación que prevé o artigo 5 desta Lei onde di que "se procurará o máis completo acceso á información ás persoas con calquera tipo de discapacidade". Isto é algo novedoso no que persoas expertas na materia algo terán que dicir; ou o fomento de soportes respectuosos co medio ambiente que tamén é unha cuestión na que técnicos das áreas respectivas terán que outorgar preferencia a aqueles soportes que, sen merma da eficacia da campaña, sexan máis respectuosos co medio ambiente. Ou, efectivamente, facer ese plan anual de publicidade e comunicación institucional e facer a avaliación ou informe anual do devandito plan. Polo tanto, insisto que co mellor ánimo de que Vigo dea un paso cara adiante e se constitua nun exemplo a seguir por outras administracións locais de Galicia, do mesmo xeito que fixemos con outras leis de grande transcendencia coma a Lei contra a violencia de xénero, propoñemos ó Pleno da Corporación que nos faga a bondade de votar a favor desta nosa iniciativa para que se elabore polo Goberno municipal para a súa aprobación posterior polo Pleno un Regulamento de publicidade e comunicación institucional que desenvolva a lexislación estatal de aplicación dende o 22 de decembro pasado.

SR. FIGUEROA VILA: O Grupo municipal do Partido Popular que sustenta este Goberno vai cumprir con todas as leis, normas e os seus correspondentes regulamentos, pero non podiamos deixar pasar esta oportunidade porque se mencionou unha palabra importante: austeridade, en canto á publicidade e propaganda de cada un dos gobernos.

O Partido Socialista non é exemplo de austeridade, alomenos neste Concello, e voulles dar os datos porque é algo importante porque sempre cos datos poderemos seren máis obxectivos.

No orzamento do ano 96 había nos correspondentes departamentos do Concello aproximadamente 125 millóns de pesetas para publicidade (falarei en pesetas porque daquela había as pesetas). No ano 2000 é curioso porque hai un cambio de Goberno, gobernan o Bloque e o Partido Socialista pero os que estababamos aquí presentes sabemos agora como se confeccionou aquel Goberno. Naquel Goberno creouse un departamento, unha Primeira Tenencia de Alcaldía que representaba ó Partido Socialista onde se produciu un incremento de máis do 200% no apartado de publicidade, é dicir, pasa de 125 millóns de pesetas/ano a 310 millóns de pesetas/ano; dos que aproximadamente uns 200 millóns de pesetas pertencen única e exclusivamente

ó departamento da Primeira Tenencia de Alcaldía que agora me corresponde a min e por iso teño estes datos.

No ano 2001: 310 millóns, no ano 2002 tamén aproximadamente uns 315 millóns e no ano 2003 pasan a 320 millóns de pesetas/ano. A relación téñoa aquí porque estaba nos orzamentos, se queren logo lla facilito. Publicidade e relacións públicas: 245.000 euros, publicación de anuncios: 12.000, publicidade e propaganda: 18.000, publicidade e propaganda: 30.000, campaña divulgativa do mantemento do alumado, publicidade e información ó consumidor, produtos de difusión, actividades e catálogo, unha partida importante de case 500.000 euros só para un departamento, etc. Poderíalles dar toda a relación.

Este Goberno, cando confeccionou o primeiro orzamento en 2005, saben vostedes que o do 2004 era prorrogado e polo tanto tamén tiñamos 320 millóns de pesetas, a partida de publicidade e propaganda redúcese de 320 millóns a 175, é dicir un 44,79% no orzamento de publicidade e propaganda. Polo tanto coido que o Partido Socialista non pode dar exemplo de austeridade en canto a publicidade e propaganda de membros do seu Partido que gobernaron nesta cidade. Nós si porque reducimos unha cantidade importante, de 320 millóns a 175 millóns de pesetas que é o orzamento que agora mesmo está en vigor porque tamén está prorrogado.

Pero non só isto, vostedes falan a nivel nacional e a este nivel tamén temos os datos. Vostedes saben canto gastou o Goberno central a nivel nacional en campañas de publicidade do Goberno? 108 millóns de euros. Estamos falando de aproximadamente uns 17.000 millóns das antigas pesetas, para nos quedar curtos. Pero non só isto, se vostedes queren tamén lles podemos facilitar nos diarios locais a publicidade que leva insertado o Goberno de Galicia dende que está gobernando: páxinas, páxinas e máis páxinas. Se imos a cidades coma Santiago de Compostela tamén lles podemos dar a relación de toda a publicidade de Santiago de Compostela que case duplica a cantidade do Concello de Vigo nestes momentos. Poderíamos continuar con moitos exemplos.

Polo tanto, primeira cuestión: O Partido Socialista neste Concello en canto á austeridade nos gastos en publicidade e propaganda dos que vostede fala, non lle pode dar en absoluto leccións ó Partido Popular. Querémoslles contestar a unha primeira parte dicíndolles que vostedes non son para nós un exemplo en canto a gastos en publicidade e propaganda. Coido que nós estamos dando exemplo de austeridade, de rigor e loxicamente hai unhas campañas institucionais de promoción de todos os Gobernos a través dos

medios de comunicación para chegar ós cidadáns. Coido que é necesaria a difusión e a promoción de cada un dos eventos que está facendo a Corporación para que os cidadáns teñan coñecemento.

A partir daí nós pretendemos cumprir a lei, seren rigorosos e tentaremos axustármonos á legalidade coma non pode ser doutro xeito, coma xa o estamos facendo sen necesidade de ningún tipo de regulamento.

Coido que moitas veces o que pretenden os governos con este tipo de iniciativas é de cara á galería vestir ó santo, as propostas que se están facendo e ó mellor caen no erro de non se dar conta do que están facendo os seus mesmos governos noutras institucións ou administracións. Coido que este é o exemplo do Partido Socialista xa que non se pode caracterizar en ningún caso onde goberna por non facer publicidade nin promoción e difusión dos seus proxectos. Coido que esta fin de semana tamén hai algún exemplo que poderíamos analizar, pero non imos entrar nestas cuestións, só lle queríamos mostrar á cidadanía que vostedes non lle poden dar ningún exemplo ó Partido Popular en canto a auteridade no gasto e no control da publicidade e propaganda dos governos.

Nós temos a conciencia moi tranquila, estamos facendo o que realmente lle corresponde a esta cidade e damos exemplo claro de eficacia e xestión porque de 320 millóns de pesetas que tiñan vostedes no orzamento de 2003 nestes momentos nós temos 175, é dicir, un 44,79% menos do que tiñan vostedes no seu goberno do ano 2003.

Vostedes no seu mandato do ano 2000 ó 2004 gastaron en publicidade e propaganda preto de 1.200 millóns das antigas pesetas, iso significa que de 500 que se gastaron do ano 95 ó 99 pasaron vostedes a 1.200. Agora, de se cumprir os datos que barallamos dos anos 2004,2005 ó 2007, estaríamos falando duns 650, 700 millóns. Nun só mandato reducimos 500 millóns de pesetas en canto ó que vostedes gastaron do 2000 ó 2003.

SR. SOTO FERREIRO: Antes, nunha moción que presentei dixen que xa non ían pasar en van as cousas e que cada vez que me encarte vou falar dalgúns temas.

Acaba de dicir vostede máis ou menos nunha moción anterior, Sr. Figueroa, que aproveitou a circunstancia que lle dá a Lei para facer unha explicación de voto e que non se lle poida debater nese momento, que con este tipo de actitudes non se ían acadar moitas cousas. Acaba de dicir agora mesmo: "Claro que imos cumprir as leis", pois xa de paso cumpra tamén a do galego. É dicir, se vostede é consciente da súa expresión "imos cumprir a lei", que

por outra banda é algo obrigado, cúmpreaa en todos os seus termos, o galego é unha. A efectos legais a uns pódelles parecer mellor, a outros peor e outros tirarán polo medio pero é unha lei, está aí, haina que cumprir e ímoslla esixir aquí en diante a todos. Levan anos calados neste tema, van varios acordos da Xunta de Normalización Lingüística...

A PRESIDENCIA: Perdón, Sr. Soto, estamos debatendo outra cousa.

SR. SOTO FERREIRO: Si, vou falar da publicidade pero é que estes exemplos me van axudar a a explicar o que quero.

Van varios acordos da Comisión de Normalización Lingüística nos que se pide, se suxire, se roga, se encarece ós Grupos municipais que vaian nunha dirección determinada e o silencio está onde está. As leis, como vostede ben dixo, Sr. Figueroa, non se piden, nin se rogan, nin se encarecen, obrígase a cumprilas e nesta da publicidade tamén. Eu gabo o seu espírito de que vai cumprir as leis (dixo en plural), espero que así sexa.

Con respecto a este tema da publicidade déixenme dicirlles sen entrar máis aló en ningún sentido, que me gustaría ver as contas, xa que falan delas, in extenso non só na partida de publicidade senón noutras partidas que hai noutros estamentos ou departamentos que ó mellor serían ilustrativos.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Sr. Figueroa, "touché" vostede, a miña intervención non daba lugar a unha intervención coma a súa, en absoluto. Ven vostede preparado "a priori", con mala conciencia, a xustificar o que ninguén lle preguntou. Francamente, doeulle un pouco ou pícalle nalgún sitio esta moción que realmente se formula coma un punto de partida. É vostede quen quere facer disto un debate duro politicamente falando, non era esa a nosa intención pero seguramente vostede non ten a conciencia totalmente tranquila e por iso quere facer disto "operación ventilador"; vostede mesmo, Sr. Figueroa, pero lembre que vota só con dez votos, está gobernando en minoría.

Polo tanto, Sr. Figueroa, non insulte á nosa intelixencia. A nosa proposta coido que é absolutamente rigorosa e formulada nuns termos absolutamente respectuosos. Estamos falando de que se faga un regulamento municipal de aplicación dunha lei que ten todo o sentido do mundo e que noutras ocasións, caso da Lei de medidas contra a violencia de xénero, este Goberno si aceptou. Por qué daquela o fixo e agora non? Por qué daquela non nos dixeron que non, que xa ían cumprir coa Lei? Ou que xa o estaban facendo.

Por qué neste tema concreto vostede se sinte tan aludido e se defende desta maneira se ninguén lle atacou? Excusatio non petita, acusatio manifesta.

Insisto en que non era a miña intención facer disto un debate de acusacións contra ninguén. Todos, e vostedes tamén, son vulnerables nesta cuestión, sexa quen por unha vez de ter altura de miras e de a partir de hoxe entender as mocións que en positivo lle estamos a presentar.

En todo caso permítame que lle diga, e isto vai expresamente cara vostede coma voceiro que non cara o seu Goberno, que os datos que vostede utiliza son habitualmente moi pouco de fiar, ata tal punto que vostede manipula informacións e palabras que dicimos concelleiros doutros Grupos. Polo tanto está vostede no seu dereito de sacar todos os papeis que queira, de facer a manifestación mediática que queira para saír no telexornal, no programa x, no xornal ou onde queira, pero saiba vostede que día a día, Pleno a Pleno, vostede se gaña un grande descrédito na utilización que fai da información e dos datos que manexa absolutamente a vontade.

Sinto moito que entendera tan completamente ó revés esta iniciativa. Lamento moito o anuncio que fai de que vai votar en contra, enténdoo así, ou non a favor porque non se pronunciou, de facer un regulamento no que se poida claramente traballar dende Vigo a prol da transparencia, da austeridade como non, e do bo uso dos cartos e dos recursos públicos. Laméntoo moitísimo, sinceramente, Sr. Figueroa.

SR. FIGUEROA VILA: Dende Vigo traballamos con transparencia e con austeridade cos cartos públicos.

Vostede está tirando a pedra e agachando a man, quere facer un discurso moi positivo e coido que a súa intención está moi clara, fixo unha moción dando entender á cidadanía que este Goberno tira cos cartos en propaganda e publicidade. Acaba de dicir que dende Vigo sexamos exemplo de transparencia e austeridade e o estamos sendo. A vostede lle doen os datos que están no orzamento?

Vostedes non queren escoitar os datos reais. Tiñan 320 millóns de pesetas no orzamento de 2003 e o Partido Popular reduce esta cifra a 175 millóns, é dicir, de 1.998.223 euros, pasamos a 1.103.235 euros, o 44,79% menos. Este é un dato real e aínda que lle moleste nós o temos que dar porque coido que estamos facendo as cousas ben á marxe de que cumpramos a lei e de que queiramos facer ben as cousas.

Con este Goberno do Partido Popular na cidade de Vigo non sería necesario este regulamento porque coido que estamos facendo as cousas correctamente.

Iso é o que lle quixen dicir e por iso lle saquei estes datos, para lle demostrar que nós estamos actuando correctamente en temas de publicidade e propaganda.

SR. TOBA GIRÓN: Só para dicir que coñezo brevemente a Lei aprobada no Congreso dos Deputados no mes de decembro que coido sinceiramente unha boa iniciativa política e eu, cunha lectura moi sucinta da Lei, seguramente a Sra. Porteiro a coñece moito mellor polo cargo que desenvolve no Congreso dos Deputados e por razón de que obviamente ter que a votar e estudar as emendas, pero me corraxirá ela se eu erro porque a lexislación que se aprobou no Congreso dos Deputados non fala só de cantidades, fala de obxectivos, finalidades do uso da publicidade e eu coido que iso é quizais o grande achado da nova lexislación, evidentemente o da cantidade pero tamén o da dirección, o sentido do que debe ser a publicidade institucional.

Coido que nese sentido o Congreso dos Deputados fixo moi ben en se facer eco dalgo que é moi evidente e que a publicidade institucional non é o mesmo que o "autobombo", de feito no Diario de sesións do Congreso dos Deputados lese nalgunha ocasión este debate entre distintos posicionamentos de distintos parlamentarios e parlamentarias. En segundo lugar, non pode ser utilizado no ataque a outra administración que se cadra poida estar rexida por unha cor distinta.

A min parécenme dous conceptos extremadamente interesantes que non teñen nada que ver coa cantidade, Sr. Figueroa, pero teñen moito que ver co obxecto.

Sinceiramente eu non ía intervir neste tema porque coido que a moción do Grupo municipal Socialista é bastante clara e podo estar errado nunha lectura que fixen algo demorada, pero eu non vin punta de agresividade e coido que sería bo que esta administración tivera un regulamento que adaptara os nosos gastos de publicidade a esa lexislación, tanto na austeridade que inspira o seu goberno, á vista dos datos que vostede manexa Sr. Figueroa, coma tamén ó obxecto, é dicir, á finalidade da dita actividade que agora non vou discutir se está inspirada ou non porque coido que agora mesmo o que temos enriba da mesa é unha proposta que deberamos recoller sen ánimo belixerante e que todos e todas deberamos votar por unanimidade.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez e Guerra Fernández).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola voceira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Porteiro García, propoñendo a elaboración dun Regulamento de publicidade e comunicación institucional, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

20.- (20).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA Ó ALUGUER DOS INMOBLES MUNICIPAIS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de xaneiro de 2006, a concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, formula a seguinte moción:

“O Concello de Vigo ten alugados diferentes inmobeis onde están situados determinados equipamentos públicos (3 UBAS e unha escola infantil) e outros, a maioría, cedidos para o seu uso por terceiros. Este ano o pagamento dos alugueres supúxolle a todos os cidadáns un gasto de 281.126 euros (case cincuenta millóns de pesetas).

En Vigo existen diferentes inmobeis de titulariedade municipal como os edificios Cambón, Rectorado e O Castro e así mesmo equipamentos públicos municipais abandonados como o sito no Doutor Fleming. Non obstante, o Goberno Municipal prefire seguir utilizando inmobeis de propiedade privada polos que o Concello desembolsa cada ano unha importante cantidade de diñeiro antes que dar solucións á necesidade de espazo a través exclusivamente de inmobeis de titulariedade pública.

O Goberno Municipal destina importantes recursos públicos ao aluguer sen presentar ningunha estratexia para a mellor utilización de espazos públicos actualmente infrautilizados, non só no realoxamento de actuais ocupacións, senón para a atención de necesidades ata o de agora esquecidas. Como exemplo podemos sinalar que a nosa cidade conta cun grande número de colectivos culturais xuvenís que non dispoñen dun local adecuado para a normal realización das súas actividades. Así sería importante proxectar un espazo centralizado de información, asesoramento, promoción e desenvolvemento de actividades que abranguerá á totalidade das actividades propias dos colectivos xuvenís.

Polo anterior propoño para a súa aprobación no Pleno da Corporación o seguinte acordo:

1.- Que se suprima do orzamento municipal o gasto de aluguer de inmobeis, sempre que existan inmobeis de titulariedade municipal non utilizados ou infrautilizados.

S.Ordinaria 30.01.06

2.- Que os actuais inmobeis de titulariedade municipal non utilizados ou infrautilizados se utilicen preferentemente para o realoxamento de actividades desenvolvidas en inmobeis privados e para actividades de colectivos culturais xuvenís."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 23 de xaneiro de 2006, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. GRAÑA BARCIA: A moción que presentamos xorde da iniciativa que nos traslada Xuventudes Socialistas da necesidade de espazos municipais para o desenvolvemento de actividades polas distintas asociacións culturais xuvenís.

Xuventude non é sinónimo de "botellón" ou de vandalismo pero o desenvolvemento de actividades culturais polos xóves require a implicación polo Concello e en concreto a posta ó dispor de lugares de encontro onde estas actividades se poidan desenvolver. Entendemos que a alternativa do botellón non é a prohibición, é dar solucións e coidamos que nesta liña as podemos atopar.

Pero tentamos tamén nos anticipar a unha contestación negativa, a unha contestación de que non hai espazo para o desenvolvemento destas actividades. Tentamos facelo poñendo de manifesto que detectamos dous feitos: por unha banda a existencia dun gasto importante en aluguer de locais, tanto para actividades propias do municipio coma alleas; por outra banda a existencia de inmobles municipais non utilizados ou infrautilizados sobre os que malia existiren xa reiterados acordos e compromisos para elaborar un plan de usos, nestes dous anos vostedes aínda non fixeron ren.

Realmente ou non saben ou non queren racionalizar o gasto que asumen todos os cidadáns, nin teñen un criterio de priorización de usos e destinos, existindo necesidades dende o noso punto de vista tan importantes coma a que aquí plasmamos de asociacións culturais xuvenís.

Por todo iso propoñemos que se suprima do orzamento municipal o gasto de aluguer de inmobles sempre que existan inmobles de titularidade municipal non utilizados ou infrautilizados.

Dous, que os actuais inmobles de titularidade municipal non utilizados ou infrautilizados se utilicen preferentemente para o realoxamento de actividades desenvolvidas en inmobles privados e para actividades de colectivos culturais xuvenís.

SR. FIGUEROA VILA: Imos votar a favor porque en principio todos estes temas estanse facendo, cando hai inmobles que non se están utilizando se rescinden os contratos.

En canto ós locais que están infrautilizados, na programación de cada un dos departamentos téntase buscar a máxima rendabilidade. O que si habería que definir sobre eses locais que poidan estar infrautilizados é para qué tipo de actividades se poden destinar e iso é o que fai cada un dos departamentos.

Polo tanto en principio estamos de acordo con fondo do tema e logo habería que artellar se hai algunha infrautilización en concreto e definila.

SRA. GRAÑA BARCIA: Anticipo a nosa satisfacción polo feito de que se vaia a votar a favor da nosa moción pero de todos os xeitos, Sr. Figueroa, vostede non nos pode negar o que puxemos de manifesto: que xa se produciron distintos acordos e compromisos para crear comisións que terían coma destino o estudo de usos de distintos inmobles municipais coma o Edificio Cambón, Escola de hostalaría, Rectorado, Castro e aínda non se produciu ningunha iniciativa por parte do Goberno nesta materia.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez e Guerra Fernández e a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, relativa ó aluguer dos inmobles municipais, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

21.- (21).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE POR UNHA POLÍTICA ACTIVA DE DESENVOLVEMENTO EFICIENTE DAS INSTITUCIÓNS DE INTERESE ESTRATÉXICO PARA VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 23 de xaneiro de 2006, o concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Caballero Míguez, formula a seguinte moción:

"A acción política implica a existencia de institucións e estruturas de gobernanza que permitan adoptar decisións colectivas. Nun escenario de gobernanza multinivel como o existente no noso país, os concellos teñen a posibilidade de crear entramados institucionais e redes de gobernanza que lles axuden a acadar aqueles obxectivos que buscan e para os cales necesitan actuar de forma coordinada con outras entidades públicas ou privadas, dentro ou fóra dos mesmos municipios. Así téntase conseguir aproveitar os beneficios da cooperación e da sinerxia, involucrar a distintos sectores da sociedade e buscar alianzas estratéxicas, especialmente en cuestións de planificación municipal.

A relevancia do tecido institucional para o desenvolvemento dun territorio é una cuestión ben clara na actualidade para os estudosos das cuestións políticas, económicas e sociais. Ós gobernantes correspóndelles facer diagnósticos do marco institucional e, en función dos obxetivos buscados, definir e implementar estratexias de desenvolvemento daquelas institucións que resulten claves para o seu territorio. Neste senso, no caso da cidade de Vigo o goberno municipal debe planificar a súa actuación sobre aquelas institucións que parcial ou totalmente dependen do Concello.

Deste modo, *A Fundación Provigo e da súa área* naceu hai trece anos como un punto de encontro entre institucións viguesas, públicas e privadas, có obxectivo central de liderar a planificación estratéxica da cidade e o seu desenvolvemento. Sen embargo, a Fundación atópase agora nunha fase de decadencia na que as súas posibilidades de acción están claramente cercenadas e da cal non consegue saír. Nos últimos meses a Fundación Provigo renunciou a algunhas das tarefas que viña realizando (vinculadas ó Observatorio de Medioambiente e ó de Emprego) e chegou a un estado de gravidade e falla de actividade.

A recente renuncia do xerente da Fundación Provigo implica o fracaso do último intento de remontar a situación de crise da Fundación e constitúe unha mostra da falla de capacidade política para liderar unha adecuada reorganización da institución. A situación da Fundación na actualidade resulta crítica, froito da falla de funcionamento da mesma e implica unha falla de eficiencia.

Pero se o caso da Fundación é paradigmático, o certo é que o desenvolvemento doutras institucións (dependentes dalgún xeito do Concello) moi relevantes para a cidade, tamén é millorable. Neste senso, o Eixo Atlántico constitúe unha rede urbana que resulta vital para a proxección de Vigo no panorama internacional de cidades e particularmente como foro de acción conxunta para cuestións claves da nosa cidade na euroxión. Esta rede é un canal útil para o goberno de Vigo para actuar de forma coordinada con outras cidades en busca de importantes intereses, se ben isto implica a necesidade de que o goberno municipal poña ideas, proxectos e actitudes que non se están a adoptar.

Xunto á crise dalgúñas institucións (Provigo) e a infrautilización política doutras (Eixo), existen novas demandas sobre as que sería positivo unha definición máis precisa ante a Corporación do posicionamento do goberno municipal, por exemplo sobre a proposta do CFV de formación dunha Sociedade para a Promoción do Aeroporto de Vigo no seo da Fundación Provigo.

Os socialistas cremos que o goberno municipal, en tanto e canto institución coa lexitimidade da representación democrática en Vigo, ten a principal responsabilidade no desenvolvemento das institucións adecuadas para potenciar os intereses de Vigo e daí que corresponda ó Concello liderar ás institucións públicas e privadas para potenciar á cidade. Tamén favorecendo redes de mesogobernos que involucren á sociedade civil e dando importancia ós programas de planificación estratéxica. Todo este entramado institucional resulta vital para o éxito político de Vigo e o liderazo da cidade na rexión.

RESOLUCIÓN:

Reclamar ó goberno municipal unha política eficiente e activa de definición, implementación e desenvolvemento das institucións de interese estratéxico para Vigo que revitalice e impulse a cooperación entre distintos axentes dentro da cidade e con outros do exterior municipal, asumindo o goberno o papel de impulsor e dinamizador do liderazo de Vigo. Isto implica ideas, proxectos e compromisos de acción política máis claros e eficientes en institucións como por exemplo a Fundación Provigo (en actual crise) ou o Eixo Atlántico (cunha certa infrautilización política como rede de contactos e intereses urbanos), que deben ser lonxanos a improvisacións e corresponderse cun programa de actuación do goberno municipal nesas institucións.

Así mesmo, solicítase ó goberno que presente e elabore este seu programa (con memoria de feitos precedentes, diagnóstico da situación, estratexia, proxectos políticos,...) ós grupos municipais da Corporación a título informativo."

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, en sesión do 23 de xaneiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. CABALLERO MÍGUEZ: O Grupo municipal socialista presenta unha moción que reclama unha política activa de desenvolvemento eficiente nas institucións de interese estratéxico para Vigo.

Cunha vontade de crítica constructiva e coa intención de colaborar dende esta posición no bo goberno da cidade, igual que noutros momentos se fixo dende este Grupo municipal, preséntase unha moción que ten por obxecto facer unha chamada de atención sobre unha cuestión relevante desta cidade que este Grupo municipal coida que debe ser obxecto dun maior esforzo dende o equipo de Goberno. Polo tanto cunha filosofía de interese xeral da cidade e cunha praxis política de man tendida de colaboración, que non nega a posibilidade de facer crítica ó Goberno local e de facer tamén autocrítica da propia situación política xeral da cidade, presentamos unha moción que reclama máis interese e máis acerto nunha serie de cuestións.

En xeral, nas cidade europeas, nos contornos sociais nos que vivimos, as institucións convértense sempre nun elemento clave do Goberno e da

gobernanza política e fano en distintos niveis, non só aquelas institucións que se converten en lexítimas especialmente por ser as representantes da soberanía popular, senón tamén por un entramado de institucións que permiten a cooperación entre axentes, tanto dentro dun mesmo espazo urbano como cara fóra con outros espazos urbáns e do redor.

En definitiva, a fórmula de cooperar é a fórmula que permite que o liderazgo político dun goberno municipal aglutine e inclua maior número de intereses e adquira maior forza.

Isto é especialmente relevante en cuestións de planificación estratéxica que determinan os obxectivos centrais dunha política de cidade máis aló do Goberno partidario nun determinado momento do tempo.

Neste senso o desenvolvemento das institucións é un mecanismo necesario e conveniente neste tipo de cuestións. Non facemos demagogia, sabemos que son cuestións complexas e que calquera Goberno atópase con moitas restriccións internas e externas para o seu desenvolvemento. Daí que formulamos claramente unha man tendida e unha moción coma unha crítica dun carácter totalmente constructivo porque en definitiva estas cuestións, cando non se acerta nelas, non é un desacerto do equipo de goberno, senón que é un problema para toda a cidade.

O diagnóstico que presenta o Grupo municipal socialista é que hai algúns puntos de atención no entramado, no tecido institucional desta cidade que requiren algunha atención. En concreto no noso diagnóstico podemos atopar nestes momentos algunha institución relevante da cidade que está nunha etapa de crise, é o caso da Fundación Provigo. A Fundación Provigo nace hai xa 13 anos coma un intento de cooperación entre distintos sectores e entidades desta cidade.

Nos últimos anos é certo que esta Fundación atopou unha serie de problemas no seu desenvolvemento que cercenaron a súa capacidade de acción coma mecanismo de cooperación interna entre algúns dos elementos máis importantes no goberno e na gobernanza desta cidade.

Sen dúbida que a responsabilidade é colectiva na que o Concello é un integrante máis; sen dúbida tamén que os socialista que coidamos que a lexitimidade democrática está neste Goberno e nesta Alcaldesa, consideramos que a capacidade de pular e de ter un maior liderazgo nestas institucións corresponde en primeiro lugar a quen ostenta a Alcaldía de Vigo. Polo tanto esta chamada de atención en positivo para situar unha problemática evidente.

A recente renuncia do Xerente da Fundación Provigo é a mostra de cómo este último intento de levar adiante esa Fundación non acabou de froitificar e non o fixo por distintas cuestións e problemas e sen dúbida que cando presentamos esta moción dende o Grupo municipal socialista poderíamos presentar unha moción de carácter impositivo, presentando unha relación concreta de cuestións a adoptar por este Pleno e que tentara impoñer ó equipo de Goberno unha determinada solución.

Nin este Grupo, nin este concelleiro nas distintas mocións que presentan, fixeron ese tipo de labor. Lémbrome agora, por exemplo, dunha moción presentada neste Pleno que tentaba chamar a atención sobre unha necesidade de maior adicación ás políticas dos barrios e que se presentou dun xeito similar, en troques de presentar con carácter impositivo todos eses elementos, o que fixemos foi poñer enriba da mesa un problema para facer unha chamada de atención.

Sen dúbida que polo tanto presentamos nestes termos unha reclamación dunha problemática que está aí e que este Pleno, no sentido de cámara representativa da cidadanía, non pode obviar e ten que traer á mesa porque se a Fundación Provigo é o mecanismo de cooperar entre distintas entidades públicas e privadas que permiten dar maior forza á cidade, acompañada no seu seo de entidades de grande forza económica, política e social nesa Fundación e sen dúbida, repetimos, co liderazgo de quen ostenta a Alcaldía, pensamos que é algo que precisa cando menos unha maior atención.

Hai ademais outros elementos, sen dúbida hai outras institucións que reclaman un maior esforzo e que en definitiva presentan unha necesidade de pular o liderazgo. Podo falar por exemplo do Eixo Atlántico que é unha estrutura de gobernanza entre 18 cidades do norte de Portugal e de Galicia que reclaman unha acción cooperativa entre elas para lograr unha serie de cuestións. Sen dúbida que sabemos que o Eixo Atlántico ten un funcionamento de por se, cómo non o vai ter, nos últimos anos gastou 7 millóns de euros en distintos tipos de política e ten o seu propio mecanismo de xestión cunha Secretaría Xeral ademais cada vez máis potenciada; en definitiva, segue o seu propio desenvolvemento.

Pero xunto a esa cuestión clave, cuestión de axencia de desenvolvemento, de pulo, de reclamación de programas europeos, o liderazgo político ten que se exercer tamén. Cando ese Eixo Atlántico que nace cun peso dende logo moi importante de Vigo porque xunto ó Porto naqueles anos, no principio dos 90 baixo o mandato do Alcalde socialista D. Carlos Príncipe, desenvolveuse unha política de acción cooperativa entre distintas cidades que puxo a

desenvolver unha entidade que non está tan presente na súa vida e os cidadáns sábeno claramente.

Hai en definitiva ademais unha confusión institucional. Hai moitos órganos, moitas insituicións que non teñen definido claramente a súa razón de ser, o seu obxectivo de limitar a inacción do Goberno municipal. Existen ademais propostas recentes, algunhas presentadas dende sectores empresariais, sobre as que temos novas nos xornais que reclaman unha definición por parte do Goberno municipal por exemplo sobre unha sociedade de promoción do aeroporto de Vigo vinculada á Fundación Provigo. Temos novas dos xornais pero sen embargo o Pleno precisa ter tamén un coñecemento de cal é o posicionamento do equipo de Goberno.

En definitiva pensamos que este tipo de cuestións ademais son vitais por exemplo na planificación estratéxica da cidade, nese segundo plano estratéxico que agora se debería estar aplicando con maior forza cara ó obxectivo de Vigo-2010. Reclámase en definitiva que o tipo de políticas públicas que se fan necesita mellorar.

Polo tanto cunha man tendida. Cando presentamos esta moción pensamos mesmo na posibilidade de lle pedir ó Pleno a formación dunha comisión de corporativos para estudar o desenvolvemento institucional desta cidade sendo conscientes os socialistas de que, para que o liderexgo de Vigo sexa claro dentro e fóra da cidade, ese mecanismo, ese entramado institucional é unha cuestión definitiva.

Formulamos tamén aquí que se o Pleno coida axeitado formular que exista unha comisión municipal formada por corporativos, se é necesario que se chame a consulta ós técnicos, para ver cal é o estdo da cuestión, facer un mapa da situación das distintas institucións e determinar as estratexias a seguir, dende logo este Grupo municipal ten a man tendida.

Pero expuxen que esta non era unha moción que se presentase con carácter imperativo, senón cunha vocación de diálogo e de cooperación entre todos porque nestas cuestións a guerra partidista e partidaria non favorece ós intereses xerais da cidade.

Este Grupo municipal ten claro que co seu compromiso político e co seu compromiso dende a esquerda co Partido Socialista a súa tarefa, o seu punto de mira é o benestar e o éxito das políticas públicas dos e das cidadás de Vigo.

Hai precedentes a principios desta Corporación noutra cuestión cotanxente que era o desenvolvemento do Plan Estratéxico. O exalcalde nacionalista, Lois Pérez Castrillo, presentaba unha moción que tentaba pular por un maior

desenvolvemento dese segundo Plan Estratéxico e aínda onte nos medios de comunicación liamos algunha declaración bastante relevante feita por algúns axentes claves na formación dese segundo Plano Estratéxico.

En definitiva, ó final concretamos na moción dúas cuestións: En primeiro lugar coidamos que o Goberno municipal pode presentar un plano de acción, un programa de actuación no que se especifiquen os feitos precedentes, o estado de situación, o diagnóstico de cómo está o entramado institucional desta cidade e a partir daí presentar as estratexias posibles e o proxecto que van adoitar. En definitiva, dar un estado de coñecemento de cómo é o problema, facer un diagnóstico da situación e presentar as vías de actuación para o que lle queda a este Goberno, cal é a súa tarefa e os seus deberes cara estas institucións.

En segundo lugar presentamos ese énfase en dúas cuestións. A política nas institucións ten que ser activa e eficiente; activa porque lle corresponde ó equipo de Goberno liderar e pular polo interese xeral desas institucións; eficiente porque sen dúbida hai que acertar nesa definición e non é sinxelo nin para o Goberno desta cidade, nin para ningún Goberno doutra cidade ou os que o precederon, pero nese esforzo de actividade que en definitiva supón tomar medidas e implicarse ó 100%.

Coa idea de que ademais de se implicar é necesario buscar a eficiencia e para iso a cooperación entre os Grupos municipais é relevante, presentamos esta moción que, a expensas de que se considere axeitado, se forme unha comisión para estudar cun carácter representativo de todos os Grupos municipais estas cuestións, reclamo ó Goberno municipal unha política eficiente e activa de definición, implementación e desenvolvemento das institucións de interese estratéxico para Vigo que revitalice e pule a cooperación entre distintos axentes dentro da cidade e con outros do exterior municipal, asumindo o Goberno o papel de impulsor e dinamizador do liderazgo de Vigo.

Isto implica ideas, proxectos e compromisos de acción política máis claros e eficientes en institucións coma por exemplo a Fundación Provigo, en actual crise, ou o Eixo Atlántico cunha certa infrautilización política coma rede de contactos e intereses urbanos que deben ser lonxanos a improvisacións e corresponderse cun programa de actuación do Goberno municipal nestas institucións.

Así mesmo solicítase do Goberno que presente e elabore este programa de actuación, con memorándum de feitos precedentes, diagnóstico de situación, estratexias e proxectos políticos para presentar ós Grupos municipais da

Corporación a título informativo, con todo o carácter positivo de traballar polo ben da cidade

SR. SOTO FERREIRO: Esta moción paréceme que ten un contido absolutamente transcendente. Estou convencido queu pola intervención do Sr. Caballero, moi boa por certo na miña opinión, seguramente non pasaría desapercibida para os demais Grupos da Corporación, nin para os cidadáns, pero en todo caso quero sulñar algunha das cousas que di dende o Partido Galeguista.

É certo, dito con absoluta serenidade, que nin funciona a Fundación Provigo, nin o Eixo Atlántico, nin se está levando nada con respecto ó Plan Estratéxico elaborado na anterior Corporación, polo tanto todas as operacións estratéxicas de Vigo están absolutamente colapsadas.

Sen ningunha acritude, coma é a moción do Sr. Caballero que é enormemente constructiva en temas deste calibre ademais, entendo que só dende este tipo de espírito se poden obter resultados positivos, coido que a sensibilización que lle tenta dar ó Goberno con este tema debера ser inmediatamente recollida e inmediatamente recollida por vostede, Sra. Alcaldesa.

Sen prexuízo de que eu considere que institucións coma da que estamos a falar non son tan positivas coma deberan pola falla de acción que están a ter, pero que deberan ser enormemente positivas se son dinamizadas, se realmente se lles presta un mínimo de atención.

Falaba o Sr. Caballero de cando naceu o Eixo Atlántico houbo actitudes programadas polos Gobernos que eu presidía que levaban adiante os irmanamentos con Porto, había intercambios con empresarios, con sindicatos, é dicir, empezábase a tecer unha malla de encontros que logo desembocou nese bo acerto do daquela Alcalde, Sr. González Príncipe, e da súa Corporación para o materializar xa nun proxecto coma foi o do Eixo Atlántico. Pero dende entón, sen prexuízo de que hai actitudes e accións positivas que están aí, son infinitamente poucas ó lado das que deberan ser. Isto é así porque é perfectamente posible, máis que conveniente polo tanto, que dediquemos actuacións concretas ó traballo estratéxico porque son as que teñen un enorme efecto multiplicador sobre o benestar dos cidadáns das nosas áreas. O caso do Eixo Atlántico nas áreas de Galicia e norte de Portugal por exemplo.

Todo o que non vaia por aí é, ou non ter capacidade política para ver esas necesidades, ou capacidade de xestión para as xestionar. Non sei se está habendo unha ou as dúas cousas pero en todo caso, mesmo das houber, a

petición do Sr. Caballero de que nos sentemos todos para xuntar as mellores ideas e tentar dinamizar estas institucións semellan de absoluto recibo, mesmo coma exemplo, Sra. Alcaldesa, e mesmo con comisións que poideran ter seguemento.

Non hai moito no Pleno da Corporación, un que está moi preocupado por estes temas nada baladíes, por certo, coma é o tema da alta velocidade, puxémoslles unha moción para que se reunira o Consello Social de Vigo e que unha delegación do seu seo máis os Grupos políticos municipais tivesen conversas con institucións semellantes de Porto. Sra. Alcaldesa, non sei se vostede fixo mil xestións, sete ou ningunha; dende logo que non temos coñecemento de ningunha pero en todo caso se está preterindo e non levando cara adiante un tema de altísimo interese, altísima importancia e estratexia para a cidade de Vigo coma é traballar conxuntamente con Concellos do norte de Portugal porque somos obxectivamente interesados, temos o mesmo interese todos no tema do desenvolvemento da alta velocidade. Velaí un exemplo concreto dos moitos que se poderían citar en función da moción que presenta o Sr. Caballero.

Polo tanto neses marcos deberan tratarse os temas e dende logo que a min me parece urxente que dende o Concello de Vigo se constituía, coa formalidade que queiran, un grupo de traballo, unha comisión ou coma queiran pero algo que organizativamente se preocupe, coa asesoría e traballo dos técnicos de dentro e de fóra da Casa que sexa menester, de se adicar a estes temas xa que pola razón que sexa vostedes non están dando a medida que precisa obxectivamente esta cidade agora mesmo.

SR. TOBA GIRÓN: Vaia por diante que imos votar a favor da moción presentada polo Grupo municipal Socialista asinada polo Sr. Caballero, unha moción interesando na medida que case que invita a falar aínda que vou preferir facer tres apuntes en relación co expresado na moción.

En primeiro lugar esta Corporación quizais xa non teña capacidade de reflexión suficiente no prazo que lle queda para ser quen de se formular as novas vías, as novas estratexias para a nosa cidade. Se cadra houbo un tempo antes no que podía ter lugar esa reflexión, pero no tempo que entramos é francamente complexo dixerir o conxunto do marco institucional que temos creado ó longo dos últimos quince anos, anovallo e definirmos novas metas do que é a estrutura institucional da cidade porque ó cabo destes últimos quince anos un tamén ten que facer un diagnóstico realista e ser consciente dos retos que temos por diante.

Falar hoxe de alianzas estratéxicas en Vigo sen termos en conta a Área Metropolitana é practicamente non falar e eu notei esa ausencia na moción do Grupo Socialista. Sinxelamente o apunto precisamente polo que indica con moita claridade en relación coa Fundación Provigo o Sr. Caballero, que se definiu cun alcance exclusivamente de cidade de Vigo, malia que nos poda levar a confusión o seu propio nome e hoxe, e estou anticipando ideas que coido que deben ser obxecto de debates mesmo máis amplos do que é este Pleno, seguramente quere definir esa institución ó conxunto de institucións baixo unha idea clave que é a idea da Área Metropolitana, pola contra e por máis que lle queiramos dar vida, seguramente o alcance estratéxico desa institución vaise quedar curto.

Demasiadas veces as institucións creadas na nosa cidade son institucións dotadas dun exceso de conxuntura e isto da lugar á indiferencia, á incapacidade de transmisión política e de que a cidadanía entenda a importancia das institucións pero moitas veces son produto da coxunturalidade.

Por exemplo, efectivamente aí está o Eixo Atlántico, pero acaso esa alianza do Eixo Atlántico foinos útil ou soubémola utilizar para reivindicar a comunicación ferroviaria en alta velocidade precisamente desta eurorrexión que é Galicia-Norte de Portugal? Se cadra non foi a Alcaldesa quen do facer nin fomos o Pleno da Corporación quen de maxinar esa iniciativa, pero tamén en parte produto da propia coxunturalidade que definiu a creación do Eixo Atlántico porque non esquezan que o Eixo Atlántico se creou ó redor da procura do reparto de fondos denominado como paquete de LO e iso xa pasou. Fallou substancia política para enxergar esa estrutura estratéxica no conxunto da estratexía propia da cidade e darlle viabilidade política. Quizais ese exceso de circunstancialidade en si mesmo definiu a súa incapacidade de crecemento. En todo caso, como todo isto son debates nos que eu si creo que nalgún momento deberíamos buscar un foro onde vertelos e a min me parece que esa é a parte máis positiva do reto definido polo Sr. Caballero, estas son ideas que inevitablemente hoxe tiña que poñer enriba da mesa.

O futuro de Vigo é un futuro importante para Galicia e radica hoxe en dous sistemas de alianzas claves: a alianza da Área Metropolitana moi importante en clave propiamente interna e de organización do territorio galego, pero a alianza coa eurorrexión e polo tanto deberamos nalgún momento, e insisto que ó mellor esta Corporación xa non ten marxe de manobra para o facer, discutir o conxunto de institucións da cidade da Área Metropolitana

dirixidas a eses dous núcleos de ideas que deberan ser o futuro da ordenación territorial de Galicia e do enclaustramento da cidade de Vigo coma lider dunha parte desas estruturas sociais e territoriais.

Polo demais compartimos moitos dos conceptos expresados polo Sr. Caballero e cremos que sería bo que nalgún momento, mesmo sen ningunha trascendencia, sinxelamente ó obxecto de poñer en común estratexias para a cidade tiveramos algún foro no que puideramos falar disto.

SR. FIGUEROA VILA: O noso grupo tamén vai votar a favor da moción presentada polo Sr. Caballero. Seguramente o Sr. Toba adiantouse un pouco á exposición que nós iamos facer. Parécenos que o posicionamento e a estratexia das institucións que agora mesmo temos en Vigo, están a atravesar unha crise de identidade, de definición, seguramente os obxectivos de cada unha deseas institucións non están perfectamente definidos, mesmo nos parece que a interrelación entre as propias institucións non existe e teríase que producir un debate cara ó futuro de cales serían os posicionamentos e a estratexia de cada unha destas institucións.

A constitución da Área Metropolitana, que esperemos que pronto se aprobe no Parlamento, vai definirnós un novo territorio, un posicionamento institucional que coido importante porque non só afectaría a Vigo, senón a todo o seu contorno e por suposto, dentro da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, coido que tamén hai un papel importante por definir cara ó futuro e seguramente nalgunhas destas institucións, en vez de manter vivo o debate político, marcáronse obxectivos que ó mellor non eran os precisos ou axeitados; coidamos que en cada unha delas debía haber un debate político profundo, mesmo coa implicación da sociedade civil, tanto de Vigo como do seu contorno e da propia eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Sobre o que apuntaba o Sr. Soto, non nos parecería correcto que, tendo tantas institucións, o propio Concello de Vigo buscase outra forma de relación con outros estamentos como el apuntaba, mesmo do Consello Social de Vigo, outros Consellos Sociais de Portugal ou de fóra de Vigo porque nos parece que todas esas políticas deberan estar dentro do marco das relacións institucionais das institucións que agora temos porque sería o correcto.

O Eixo Atlántico, cando naceu no ano 92 ou 93 coido que foi unha boa idea; logo revitalizouse durante os anos 95 a 99, ata o 2001-2002 e coido que agora mesmo está a atravesar unha crise importante porque os obxectivos que se marcaron ata o ano 1999 non se acadaron, tamén foi unha frustración

importante o tema de concretar as conexións ferroviarias con Portugal que era un dos obxectivos claros desta institución.

Penso que todos temos que facer unha análise profunda, tanto política como da sociedade civil para ver onde estiveron os erros, por qué non se acadaron os obxectivos que se marcaron e mesmo analizar cara ó futuro o marco institucional que temos que definir.

Non coincido co Sr. Toba en que ó mellor non sexa o tempo agora; penso que si podería ser agora o tempo para que unha próxima Corporación tivese un marco totalmente definido ou alomenos un avance, un borrador do que coidasemos que podería ser o marco competicional e de relacións institucionais cara o futuro.

Concretando un pouco a nosa posición coido que sería bo facer un diagnóstico de cal é a situación, que apunta o Sr. Caballero na súa moción e ó mesmo tempo abrir un debate de cal sería o posicionamento estratéxico de cada unha destas institucións cara o futuro.

Coidamos que isto sería bo e nós poderíamos deixar un borrador ou avance para que a próxima Corporación se puidese concretar.

Ó mesmo tempo non podemos esquecer e, se ó Sr. Caballero lle parece ben, eu apuntaría aquí o que xa se dixo nuna intervención anterior de contemplar tamén á Área Metropolitana que coido que é fundamental dentro da resolución que propón. Non sei de qué xeito darlle a redacción pero coido que sería importante.

Con estas matizacións imos votar esta moción a favor e abrímonos a que se poida buscar un foro, en primeiro lugar de debate interno da propia Corporación e logo coa sociedade civil, ser quen de recabar as propostas que eles poidan facer para chegar a un acordo de borrador cara o futuro e que se poidan redefinir todas as estratexias de cada unha destas institucións.

SR. CABALLERO MÍGUEZ: En primeiro lugar salienta o carácter positivo que todos os grupos desta Corporación están a amosar sobre unha cuestión relevante. Penso que a primeira razón de ser desta moción presentada ó Pleno xa está cumprida porque é unha chamada de atención, en definitiva unha auto-conciencia de todos os membros desta Corporación de que existe unha definición institucional que, como apuntaba o voceiro do Goberno, está nunha certa crise de identidade.

Polo tanto xa temos un punto de partida e ademais percibo unha vontade positiva de acadar acordos por parte dos distintos membros da Corporación.

Como di o Sr. Soto eu tamén son dos que cre, como penso que todos os corporativos aquí porque as veces preséntanse dúbidas dende distintos estatutos da cidade, que o liderato de todos os procesos institucionais en Vigo debe establecerse na figura da persoa que ostenta a Alcaldía. A partir daí a Corporación, coma representación democrática de moitas sensibilidades, ten que estar a carón da Alcaldesa, neste caso, para pular nesta definición institucional.

Eu fixen unha mención á etapa de Goberno na que se fixo o Eixo Atlántico e a Fundación Provigo e non estaba tentando ocultar ningún tipo de labor precedente por parte do Sr. Soto que penso que lle consta que considero positivamente o seu labor ó fronte da Alcaldía de Vigo durante moitos anos e tamén a súa posición en moitos destes temas, cun grupo minoritario nas actuais Corporacións; non tentaba eu restarlle ningún tipo de peso político porque sei que o fixo, só destaquei a figura do Alcalde do ano 91 ó 95 porque correspondeu naquela etapa elaborar estas dúas institucións.

A partir daqui facemos un diagnóstico realista e eu sinalaría que na exposición de motivos da moción efectivamente non se incluíu o termo da Área Metropolitana, entre outras cuestións porque podería parecer abranguer todo pero eu tamén comparto o que aquí se propón, podemos incorporala, non hai ningún problema.

En definitiva si hai algunha diferenza entre unha Área Metropolitana e as tres entidades institucionais que eu incluo nesta moción. A moción fai referencia ó Eixo Atlántico, á Fundación Provigo e á proposta dunha sociedade de promoción do aeroporto, unha proposta presentada ó equipo de Goberno. A participación nestas tres institucións nace da vontade dunha Corporación, en definitiva a vontade popular está reflectida nesta Corporación e é na xestión desa vontade popular onde esta Corporación toma medidas nestas tres institucións.

No caso da Área Metropolitana hai un reto máis porque o feito deste ente institucional non depende soamente dunha Corporación local, senón que a vontade popular que xestiona e lexítima unha área metropolitana non emana dos votos dos corporativos locais senón que dos votos da xurisdicción autonómica. Iso é a única distinción pola que alguén coma eu, bastante conscente destas cuestións do tecido institucional, non a incluíu pero dende logo ese reto enriquece máis a relevancia destas cuestións de falar de interese estratéxico.

As veces tamén presentar moitos obxectivos pode dar certos problemas, pero como todos teñen unha vontade positiva nestes aspectos coido que podemos

falar de todas esas cuestións e tamén da Área Metropolitana. De feito na Fundación Provigo si existe unha fundación central en torno ó Concello, a súa Presidencia ocúpaa o Alcalde, pero si é certo que na propia fundación está tamén a Mancomunidade e polo tanto é facilmente incorporable na Fundación Provigo o desenvolvemento que tamén exista sobre a Área Metropolitana.

Por todo isto a cuestión en primeiro lugar é: un diagnóstico, un estado de cooperación por parte dos distintos membros dos grupos municipais e por iso primeira constatación que a moción se recolle con carácter positivo. En segundo lugar, logo diso parece que o Goberno está disposto a facer un plan de acción, que lle corresponde máis ó equipo de goberno, logo todos temos que falar pero na medida do posible que o goberno elabore un documento das decisións que se tomen, das que se tomaron e das que pensa tomar no que son as súas competencias exclusivas, alomenos ó obxecto de información porque insisto de que dalgunhas cuestións temos noticias pola prensa pero non as temos da posición do equipo de Goberno sobre algunha cuestión.

En terceiro lugar: sobre a posibilidade de establecer algún mecanismo de diálogo no que queda de Corporación, eu presentei por parte deste grupo municipal a disposición, no tempo que reste, se se adopta dunha forma cooperativa. En definitiva a moción é conscente que esta cidade se ten algo claro son os grandes problemas de cooperación que existen nestes casos e nós non queremos explicitar ningún problema máis, senón que temos o carácter constructivo de que, se entre todos estamos dispostos a facer algún avance, adiante e dende logo que todo sexa nun espírito de diálogo, de contrastación racional de obxectivos e discursos políticos.

Por esa banda o espírito, tanto da moción como da tarefa política deste grupo municipal, está bastante calificado.

SR. SOTO FERREIRO: Hai cousas que ó mellor son contidos do propio debate a abrir, por exemplo incluír ou non a Área Metropolitana. A Área Metropolitana co territorio e cos contidos cativos, sen financiamento que é o que está proposto ate o de agora alguén poderá dicir que mellor que nada; a min paréceme que non nos podemos apuntar a políticos tan de mínimos en tantas cousas, esta unha delas.

Pero a Área Metropolitana e a Fundación Provigo van levar ó Partido Galeguista a formular no seu día, e por qué non Fundación Pro provincia de Vigo e por qué non en vez de Área Metropolitana, provincia de Vigo? Ímolo poñer no debate das comisións de traballo oportunas que se establezan. Ó

mellor sen ir máis aló, un grupo de traballo saído do propio seo da Corporación, no que a modo de comisión se permita que estean asesores, que algúns serán os asesores propios dos grupos, outros poden ser independentes, por exemplo da Universidade na que eu sempre penso para buscar colaboración para estudos de todo tipo, puidera abrir camiños de racionalización a un proceso que me parece máis que necesario.

Se queremos abordar os problemas de fondo de Vigo e da súa área cara o futuro ten que ser a través de traballos deste tipo.

Penso que foi un lapsus do Sr. Figueroa e dese xeito tomo o feito de que opine que non hai que facer algo que xa aprobou o Pleno da Corporación que había que facer como é o tema da alta velocidade, que interveña o Consello Social e constituir unha comisión para traballar coa área de Porto, sen prexuízo de que iso logo se poida facer dun xeito máis importante, máis aberto e máis aló, pero eu falo de que estamos nos tempos que estamos, nese tema concreto que son temas de urxencia e polo tanto para lle dar solucións eficaces. Dígolle a xeito de comentario que se aprobou no Pleno da Corporación que houbera, amais dos grupos políticos que estamos aquí representados, unha comisión na que estivesen empresarios e outros axentes que están no Consello Social de Vigo para realmente darlle a representatividade que debe ter esa comisión. Coñezo directa e persoalmente a distintas institucións portuguesas que estarían alborozadas de facer isto.

Coma ben dicía o Sr. Caballero, a iniciativa de temas coma iste ten que estar na Alcaldía, sexa na de Vigo, sexa na de Porto neste caso e polo tanto cunha primeira relación entre alcaldes para tirar cara diante. Sen ter máis coñecementos que as súas declaracións nos medios de comunicación do Sr. Alcalde de Porte están moi claras as súas intencións neste tema; as súas e as dos demais alcaldes do norte de Portugal e tamén dos alcaldes de Galicia pero realmente non hai quen coordine esa forza e lle poida dicir ós Gobernos de España e de Galicia que esta zona quere o que sexa, o que queiramos.

É imprescindible levar adiante canto antes iniciativas coma esa sen prexuízo, naturalmente, de abordar o que di o Sr. Caballero porque son temas tanxenciais que van axudar tamén a que o tema de fondo se faga con maiores e mellores reflexións en todo caso.

SR. TOBA GIRÓN: Non tiña eu intención de introducir ningunha emenda no documento, só suscitar precisamente ó redor da moción do Sr. Caballero o

que para min son os pasos dados nos últimos anos na Corporación que deben ser tidos en conta.

Eu acubillo unha teoría: coido que algunhas institucións en Vigo están en crise pero é unha crise de crecemento, non unha crise final polo dicir dalgún xeito, é unha crise necesaria e inevitable en razón de que o marco do que temos que falar seguramente é moito máis amplo pero nada máis, non quería introducir ningunha modificación. Por suposto que nos prestamos a debater.

SR. IGLESIAS CARRERA: Só para estar de acordo co fermoso discurso do Sr. Caballero. Interpreto o mesmo do que todos están agora a falar e só quero facer algunhas puntualizacións.

O problema de Vigo cidade, o problema de Vigo na Área Metropolitana e o problema de Vigo dentro das relacións co exterior.

Empezando polo Eixo Atlántico, dende que se fundou entendo que tivo distintos cumios e vales no seu devenir. Cóntame claramente que o Sr. Rui Río, Alcalde de Porto, está a facer o indicible, así como o Eixo Atlántico, para conquistar o tren de alta velocidade dende Porto ata Vigo, pero non debemos esquecer que Portugal, o noso País irmán, está a pasar por uns momentos verdadeiramente difíciles e aínda non se sabe o que vai pasar.

Ó mellor non se explicitou bastante todo o que se fixo; están a disposición de todos os grupos todas as actas e as peticións que se fixeron para retomar, pedir e conquistar ese tren. Dá a impresión que os fondos europeos que van chegar a Portugal vanse priorizar no AVE Lisboa-Madrid. Tamén saben que se está a comezar a facer un grande aeroporto internacional moi importante entre Lisboa e Porto, máis perto de Lisboa, con catro pistas.

Indubidablemente hai que seguir insistindo pero nunca se deixou de traballar. O problema que sempre temos é o económico, social, político que está a ter agora mesmo Portugal, que moitas veces nin tiveron a oportunidade de poñer o 20% para conquistar proxectos europeos.

Por outra banda entendo que as relacións co exterior de Vigo non venden moito porque forma parte da Unión Europea pero como unha cidade periférica, coma moitas rexións periféricas, por iso non se debe deixar morrer, teñen que ir facendo un urdido de cidades e por iso hai moitas cidades que están sempre a querer sumarse ó Eixo Atlántico ou ó Arco Atlántico porque somos periféricas e temos moito risco de quedar moi desfavorecidos. Vai depender moito de Portugal.

Hai que dicir que Vigo está a colaborar en varios proxectos europeos e por outro lado está a colaborar na elaboración do libro verde do mar que rematará no libro branco do mar. Vigo xa fixo un seminario sobre autopistas do mar que van formar parte de infraestructuras xa que todos os países de Europa queren sacar os contedores das autopistas terrestres.

Entendo por outra banda a problemática que ten a cidade de Vigo que estando de acordo co Sr. Caballero, quizais é certo o que di o Sr. Toba que é unha crise de crecemento pero si é verdade tamén que as forzas de Vigo tiran cada unha para o seu lado e non hai a coordinación desexada.

A Área Metropolitana é outro tema; só referíndome á Mancomunidade nós temos que dicidir en dez días todas as peticións que temos de auga dos concellos veciños e iso hai que o facer nunha semana porque a auga non é de ninguén aínda que a concesión sexa de Vigo. Cando demos auga a Baiona porque non podían nin beber, xuntámonos os voceiros e fixemos un acordo co Secretario para pedir máis aporte de auga a toda a área. Pero é que Redondela, Salceda, Cangas, Moaña, Gondomar, Baiona están a pedir xa moita auga, estamos a piques de chegar a marzo que non sabemos como vai vir, pero non podemos paralizar a actividade económica, humana e social de todo o noso contorno.

SR. CABALLERO MÍGUEZ: A cuestión do Eixo é vital para a política exterior de Vigo, compartimos a última intervención. A cuestión da Fundación Provigo sofre unha crise grave, tivo que se despojar dos observatorios medioambiental e o de emprego tanxencialmente, absorvido en certas funcións por outro, e o que está agora enriba da mesa é esa situación de crise.

Penso que votemos a moción tal coma está e a partir daqui, nos próximos días, se é conveniente podemos efectuar todos os contactos para ver de dar algún paso que dea algunha solución en positivo para poder ter aínda que só sexa un diagnóstico e un mapa da situación do tecido institucional.

Todos temos moitas ideas para formular reformas pero en todo caso imos votar, se estamos de todos de acordo, tal coma está presentada a moción con eses obxectivos de mínimos, demostrar o interese da Corporación na reforma en positivo en atención ó desenvolvemento destas institucións, entendendo que as institucións son obxecto de melloras en si mesmas para que logo dean determinados autos políticos.

En segundo lugar para que o Goberno presente un determinado plan de acción, en definitiva, que presente qué é o que ten pensado facer, qué é o que fixo, un documento de mínimos para diálogo en positivo e en terceiro lugar

propoñemos que, nas vindeiras semanas, a través de contactos informais, a posibilidade de constituir formalmente algún mecanismo que permita avanzar. Se temos dúbidas de se iso vai ser un problema, é mellor non o facer.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Guerra Fernández e Ruiz Ceniceros e as Sras. Molares Pérez e Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Caballero Míguez, instando a facer unha política activa de desenvolvemento eficiente das institucións de interese estratéxico para Vigo.

URXENTES:

A.- (22).- MOCIÓN DA CONCELLEIRA DO PSdeG-PSOE, SRA. SÍO LOURIDO RELATIVA Á REALIZACIÓN DO CAMPIONATO DO MUNDO DE MOUNTAIN BIKE NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO.

ANTECEDENTES.- A concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Sío Lourido, presenta perante o Pleno da Corporación a seguinte moción:

“Dende hai seis anos véñense celebrando nos montes de Coruxo probas de sucesivos campionatos de Mountain Bike (Open Coronas-España, Campionato Galego, Campionato de España,...); no ano 2005 celebróuse por vez primeira unha proba do Campionato do Mundo de Mountain Bike e no 2006 está previsto que se celebre a 1ª proba do Campionato do Mundo e o Campionato de España. Nin que dicir ten que debido ao prestixio que estas probas teñen a nivel deportivo, a asistencia de público e de afeccionados de dentro e fóra da nosa cidade aumentou de 2.000 a 30.000 persoas nestes anos e que supoñen un beneficio de promoción a nivel turístico para a nosa cidade. Isto, sen prexuízo da atención que por estes campionatos mostran en moitos países do mundo.

É de destacar o traballo dos veciños de Coruxo para que esta progresión no desenvolvemento da competición tivese lugar, pero tamén hai que destacar o incomparable marco paisaxístico onde se celebran as probas así como a adecuación natural do terreo, en concreto, a inclinación do monte onde se celebran as probas, o que fixo que a UCI non dubidase en homologar as pistas para a celebración do Campionato do Mundo.

Queremos destacar así mesmo, que esta Competición Mundial é, xunto coa Volvo Ocean Race e coas probas do Campionato do Mundo de Hípica, un dos acontecementos deportivos de máis importancia e relevancia que teñen lugar na nosa cidade, que precisa cada vez con máis forza deste tipo de eventos que revelan a nosa capacidade tanto organizadora como acolledora e que nos dan prestixio a nivel internacional.

Por todo isto,

Instamos ao Goberno Municipal de Vigo, á Deputación de Pontevedra e á Xunta de Galicia a que realicen as xestións e aporten os apoios económicos convenientes para que se celebre o Campionato do Mundo de Mountain Bike na parroquia de Coruxo de forma permanente e, en todo caso, no municipio de Vigo, sen prexudicar de ningún modo nin ao medio ambiente nin ao patrimonio histórico."

(No momento da votación están ausentes os Sres. Alonso Vázquez e Guerra Fernández e a Sra. Porteiro García.

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

DEBATE.- SRA. SÍO LOURIDO: Esta moción preséntase pola posibilidade de que algunhas probas do Campionato do Mundo de Mountain Bike que se veñen realizando na nosa cidade non se fagan este ano. A urxencia é porque o Campionato se realiza os días 6 e 7 de maio e todo o tempo é pouco para organizar un evento coma este.

Esta moción presentouse na Xunta de Voceiros e non acadou a unanimidade, polo tanto traio aquí para a súa aprobación o texto que ía inicialmente á Xunta de Voceiros. Farei unha lectura do texto e a ver se acadamos aquí un acordo.

A Sra. Sío Lourido procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Sío, felicidades pola forma e polo fondo, polo ben que se expresou e polo claro que deixou os conceptos.

Evidentemente que a súa moción ten ó final un desexo claro de que o Campionato do Mundo de Mountain Bike se realice na parroquia de Coruxo, é verdade que é un ben obxectivamente para Coruxo e polo tanto para Vigo e hai condicións dificilmente mellorables que fan máis que conveniente que se realice aí.

Polo tanto as institucións chamadas a colaborar que vostede moi ben cita: o propio Concello, Deputación e Xunta de Galicia, poden e deben poñer todos os medios para que aí se faga. Vostede deixa intelixentemente aberta unha porta para, por se non fose en todo caso posible, se faga en todo caso no municipio de Vigo. Eu comparto ese criterio prudente pero teño a mesma intención que vostede e compártoa absolutamente: hai que poñer todos os esforzos para que sexa onde se fixo e polo tanto en Coruxo e coma moi ben dixo vostede sen prexudicar nin ó medio ambiente, nin o patrimonio histórico.

A súa moción paréceme perfecta dende todos os ángulos e voulle dicir unha cousa con toda a prudencia: ogallá os veciños e veciñas de Coruxo atopen a intelixencia e o camiño do entendemento para que as cousas se fagan ben entre todos e co ben de todos; de non seren así evidentemente que nesta Corporación temos o deber de gobernar e resolver as cousas que obxectivamente coidamos mellores.

Neste caso a súa moción seméllame mellor ca outras ideas que andan por aí soltas.

SR. TOBA GIRÓN: Sobre a moción que presenta a Sra. Sío nós xa dixemos na Xunta de Voceiros que a estamos dispostos a votar a favor porque coido que todos queremos o Campionato do Mundo en Vigo, pero con dúas matizacións absolutamente necesarias.

En primeiro lugar que se realice na parroquia de Coruxo, en concreto nos terreos de Fragoselo, depende en primeiro lugar da decisión da Comunidade de Montes. En todo caso o que é evidente é que os terreos de Fragoselo son propiedade da Comunidade de Montes de Coruxo e polo tanto e en primeira instancia debe ser ista quen decida poñer a disposición os terreos para a realización da Copa do Mundo coma fixo o ano pasado, exactamente igual, e debe ser do mesmo xeito a propia Comunidade Montes quen o faga.

Dende o meu punto de vista malo é que o Pleno da Corporación se inmiscúa alí onde non ten competencia por razón de propiedade, malo é, por outra banda, que ninguén do Goberno municipal se preocupara ata o momento da busca dese acordo para asegurar a realización desa proba.

Polo tanto si, pero que decida a Comunidade de Montes antes de nada.
En segundo lugar, que se cumpra a lei taxativamente. Obran no meu poder sucesivos escritos da Delegación de Cultura que falan de dous extremos: en primeiro lugar de que se produce a afección na pista a un petroglifo...

A instervención do Sr. Toba Girón foi interrompida en varias ocasións por berros do público asistente no salón de Plenos.

SR. TOBA GIRÓN: Sra. Presidenta, non teño ningún inconveniente, coma vostede comprenderá non serei eu quen se meta na competencia doutra administración, neste caso da Delegación de Cultura, pero é moi evidente que todos os informes que obran no meu poder, de acordo coa Lei de protección do patrimonio de Galicia, indican a afectación de áreas catalogadas coma de patrimonio histórico.

Precisamente e con ese obxecto producíronse sucesivas notificacións en aras a restablecer a situación inicial porque as obras dese circuito iniciáronse de xeito totalmente ilegal, foron paralizadas e en todo caso o proxecto aprobado no seu día contempla taxativamente que, unha vez rematada a realización do Campionato do ano 2005, a pista debe ser desmontada e os terreos deben voltar ó seu estado orixinal.

Isto é o que di a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio e o que din as continuas comunicacións da Delegación de Cultura, das que obran no meu poder tres ou catro.

A primeira que obra no meu poder está asinada pola Delegada provincial, dona Rosanna López Salgueiro, persoa a quen non coñezo; é a Delegada de Cultura do Goberno anterior a quen eu non coñecía. A primeira Resolución está aquí na miña man e di: "Unha vez finalizada a proba o terreo voltará deixarse no seu estado orixinal. Coma queira que nun informe dos servizos técnicos de arqueoloxía desta Delegación do 3 de xuño de 2005 (anterior ás eleccións autonómicas) consta a veracidade dos feitos denunciados, requírolle para que nun prazo de dous meses... ", etc.

Polo tanto aquí hai que cumprir dúas condicións claves: en primeiro lugar o cumprimento da Lei porque a única forma de asegurar a convivencia é o cumprimento dos códigos que nos damos para asegurar que ninguén os salta e que a Lei é igual para todos e todas, se non se cumpre o primeiro código de cumprimento da Lei entón desátanse situacións como as que se teñen vivido en Coruxo nos últimos meses.

En segundo lugar debe haber un acordo que a Sra. Molares debiera impulsar coma Concelleira de Deportes e Turismo debiera impulsar xa non só en razón de cumprimento da Lei en primeira instancia, pero si poñendo de acordo tanto á sociedade organizadora como á Comunidade de Montes, ou alomenos permitindo e facilitando ese acordo.

Por último, debe haber unha decisión da propia Comunidade de Montes que é a titular dos propios terreos.

Con esas condicións nós apoiariamos a moción con tal de que se suprimira a frase que vai dende "...na parroquia de Coruxo" e remata "de forma permanente". Sacando esa frase votamos a favor da moción e o resto que quede en mans da xestión política e do cumprimento da Lei.

SRA. MOLARES PÉREZ: Tentarei seren moi breve pero sobre todo polas alusións do Voceiro do BNG, coido que debo intervir.

Dende o Grupo municipal de goberno en todo caso mantivémonos ó día, en contacto con RP3 Asociación deportiva, dende o mes de outubro cara a preparar este novo evento e ademais comparto totalmente o texto da moción; non só iso senón que na parte que lle toca ó Goberno municipal coido que sería mellor que esta moción saíra por unanimidade porque precisamente, coma ben di o Sr. Toba, pola propiedade dos terreos é unha decisión que corresponde á Xunta Directiva da Comunidade de Montes, pero realmente que o Pleno da Corporación valore positivamente que esta proba é importante para a cidade de Vigo e que se realice onde se ven facendo, polo marco e sobre todo porque xa ten unha tradición. O ano pasado foi a primeira vez que se acadou celebrar unha proba do Campionato do Mundo de Mountain Bike que é un dos principais acontecementos deportivos e turísticos da cidade de Vigo, pero xa en anos anteriores se realizaran probas importantes.

Sr. Toba, erra se coida que non mantivemos ningún contacto cos responsables da Comunidade de Montes, tanto pola miña parte coma pola parte da Concelleira de Distrito, Sra. Polo, xa dende o ano pasado. O ano pasado realizouse a proba con éxito e a UCI valorouna positivamente, pero realmente todos e sobre todo os membros do Goberno municipal pasámolo mal porque ata a última hora houbo claros inconvenientes, o deseñador do propio percorrido estivo parado durante moito tempo e dende logo á propia organización saíulle máis caro o evento. Ó final, como ben sabemos, subvencionamos as administracións públicas, Concello de Vigo, Deputación Provincial e Xunta de Galicia, e realmente son cartos de todos os cidadáns.

Eu tiven ocasión de falar coa organización de RP3 e cos veciños, maxínome que compañeiros dos moitos veciños que hoxe veñen a este Pleno representando esa vontade da Comunidade de Montes Veciñais de Coruxo, pero comparto que hai unha directiva desa Comunidade de Montes que polas conversas que tiven con eles espero que practicamente teñan xa un acordo, de feito teño enriba da mesa dende hai xa uns días, dende o 17 de xaneiro, un borrador de pre-acordo entre RP3, Asociación Deportiva e Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Coruxo pendente da súa ratificación na asemblea que se vai realizar o vindeiro 4 de febreiro. Maxino que se realmente a Directiva da Comunidade de Montes, coma pasa no propio Pleno da Corporación, representa a vontade dos veciños e dado o número de veciños que hoxe están aquí, maxino que non hai ningún problema para acadar ese acordo.

O tema que está en discusión é de carácter económico: a Comunidade de Montes de Coruxo solicita neste preacordo 18.000 euros que no anterior acordo do ano 2005 non se solicitaban, pero dende logo eu non son quen, nin coido que o Goberno municipal, de metérmonos nos problemas internos da propia organización. Sinxelamente o noso desexo é que se realice esta proba porque é importante para o deporte e o turismo da cidade.

Por suposto manifestar que estamos de acordo co texto da moción pero nos gustaría que este texto saíra por unanimidade. De feito propuxéronme presentar esta moción e non o quixen facer porque coido que non é bo politizar as probas deportivas porque son boas para todos os cidadáns e polo tanto canto máis apoio teñan de todos mellor ou alomenos é así coma eu estou tentando levar a política deportiva do Concello de Vigo.

Estou de acordo co texto, ademais penso que mesmo nel se matiza o tema de que non afecte nin ó medio ambiente, nin ó patrimonio histórico e pola información que temos coidamos que eses temas están salvagardados.

Polo tanto xa digo neste Pleno que nós o que queremos é que haxa un consenso entre todos os corporativos para que realmente na Comunidade de Montes Veciñais de Coruxo se saiba que os que representamos ós cidadáns de Vigo queremos que se celebre esta proba na cidade.

Por suposto que por parte da Concellería de Deportes e deste Goberno manifestar, coma xa llo dixemos a RP3, Asociación Deportiva no mes de outubro, imos seguir mantendo o apoio económico a esta proba e mesmo se é necesario imos aumentalo na medida que sexa necesaria para que se realice. Coidamos que esta proba tamén debe ser apoiada igual que o ano pasado pola Deputación Provincial e pola Xunta de Galicia.

Espero que se poida realizar nos vindeiros meses esta proba, pero iso si, sen que haxa os problemas do ano pasado, que sexa por decisión da Comunidade de Montes Veciñal de Coruxo e que realmente cheguemos ó remate da proba sen problemas dando á UCI e ó resto dos deportistas que van vir á cidade unha imaxe de coherencia e de bos recursos porque os temos e coido que xa o amosamos e o único que fallou foi por eses problemas de última hora que impediron varias veces que se fixera o percorrido da proba e tamén os problemas á hora de retirar as terras.

Coido que nestes momentos e con este preacordo pendente da decisión do 4 de febreiro da Comunidade de Montes, estamos moi perto de que este evento se poida realizar na cidade e de que sexa un evento positivo para todos os cidadáns de Coruxo e de Vigo.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Toba, vou empezar polo final: se se retira o parágrafo de alusión a Coruxo que vostede pide, eu votaría en contra da moción porque a min xusto me parece que o primeiro que temos que facer e dío a moción dun xeito moi prudente pero moi claro, se queremos que se faga unha proba de mountain bike en Coruxo é dicilo. Logo xa hai un parágrafo que di que se resultase imposible, en todo caso que se faga en Vigo. Iso é o que lle ven dicir esa moción, qué hai de renunciabile nesta moción?

A súa intervención faime ir por outro camiño porque cando vostede fala é o mellor para asegurar a convivencia. Vostede fala do cumprimento da lei, estou a favor do cumprimento de todas as leis, das que me gustan e tamén das que non me gustan porque iso é un demócrata: quen asume vivir nun estado de dereito con todas as consecuencias. Pero convirá vostede comigo en que hai cousas que son interpretables, por exemplo: cómo se asegura a convivencia. A min gustaríame asegurar a convivencia en Coruxo, díxeno antes dun xeito moi prudente, vostede toca o tema de asegurar a convivencia con outro criterio, eu falaba de xeito que o entendemento poidera chegar entre os veciños e que realmente co acordo de todos se faga isto, se é posible.

Pero dende logo a convivencia non se asegura servindo de complicidade con actuacións ou decisións políticas ós que realmente están xerando tensións durísimas para a convivencia, así non se axuda á convivencia. Hai que defender a convivencia dos que en paz teñen unhas ideas que nos poden gustar ou non, isa é outra cousa e todos temos dereito lexítimo a opinar, pero non con ameazas, non con chantaxe, non con chamadas telefónicas, nin con insultos nin descalificacións.

Sra. Alcaldesa, eu antes con sumo agrado votei unha moción porque me parecen gravísimos os feitos dos atentados que sufriron os concelleiros do Val Miñor, espero que a policía actúe coa eficacia suficiente para que os individuos que os fixeron sexan postos ó dispor do xuíz, rotundamente, e solidarízome ó 100% cos compañeiros do Bloque sufriron os atentados. Pero tamén os que temos responsabilidade de goberno, e aquí hai temas de seguridade neste Concello e vostede é a responsable da policía municipal, Sra. Alcaldesa, temos que dicir publicamente que a antesala de queimar coches pode ser a das ameazas de morte ou outras cousas polo estilo; hainas que atallar dende o primeiro momento.

Para asegurar a convivencia hai que defender ós pacíficos e, se é posible coa palabra, tentar que os que non son tan pacíficos depoñan as súas actitudes e se non que a lei, a policía e os xuíces tomen as determinacións que deban en cumprimento da legalidade.

Na miña opinión, Sr. Toba, vostede comezaba polo cumprimento da lei e eu adhirome a iso ó 100%. Se alguén non as quere cumprir ou infrinxe as leis: actuación policial e xudicial, pero iso deixaríao noutro marco, nun marco diferente.

Se eu fose Alcalde de Vigo gustase ou non dende logo que xa estaría actuando neste campo para prever desgracias aínda maiores porque nestes temas de veciños se empeza por unha ameaza e remátase sabe Deus por onde ás veces. Para prever iso habería que actuar prudentemente e o máis axiña posible tentando convecer.

Voltando ó tema, todos os veciños deben ter o mesmo respecto para os Corporativos, para min o teñen, gustaranme máis as opinións duns cas doutros pero respecto estrictamente a todos. Ós que non lles gusta como se lle chama a un camiño que din que é de carro e por iso mesmo debe ser tan importante que non se lle debe cambiar de nome, teñen unha opinión respectabilísima. Eu non coñecía ese tipo de valoracións pero a algúns lles parece así e así o acabamos de sentir hoxe, coma é de carro non se lle cambia de nome. É unha opinión que eu respecto pero que dende logo non comparto en absoluto.

Dende logo o que digo é que dende a Corporación municipal temos que defender neste e en calquera tema os intereses obxectivos dos cidadáns e sería profundamente inxusto neste caso que unha parroquia de Coruxo que actuou tan ben neste tema que acadou prestixio e sona internacional coa organización dunha proba realmente estupenda, ben feita, con boa participación dos veciños e polas xentes que asistiron porque a algúns se

lles ocorre que non se debe facer alí, realmente entón o pacto sempre é o nihilismo, un din que non e os demais tamén.

Algunha vez hai que impoñer a autoridade democrática e as leis que vostede di. Eu quero que se cumpra a Lei de montes en todos os sentidos e para os montes de man común tamén hai lexislación para se son utilizados indebidamente que interveñan tamén outras autoridades competentes para poñer a mellor recado eses montes.

SR. TOBA GIRÓN: Sra. Molares, vostede sabe que teño enriba da miña mesa a proposta de convenio entre RP3 e a Comunidade de Montes, coñézoa igual ca vostede. Vostede reuniuse o outro día co Presidente da Comunidade de Montes porque llo pedín eu pero independentemente diso eu teño enriba da mesa a proposta desa asociación deportiva á Comunidade de Montes e correspóndelle a esta última aprobar ou non a dita proposta.

Eu sempre digo unha cousa: que decida o órgano que teña que decidir. Neste caso será a propia Comunidade de Montes en asemblea quen decida se acepta ou non. Sincieramente coido que aceptará porque o acordo é mellor que o do ano pasado e polo tanto seguramente aprobarase pola Asemblea, pero créame, hai que respectar ós organismos que toman decisións sobre ámbitos determinados.

Eu xamais propiciei que o Pleno do Concello de Vigo fose pola vía do enfrontamento e da non consideración das asembleas de comuneiros, xamais, en absoluto. Hai moito pasado neste Concello dese camiño e dese camiño pasado, non de desencontro senón de auténtica busca de desencontro coas comunidades de montes, quedou cheo de problemas este Concello.

Hai un punto de partida que é de todo razoable: se hai un organismo que ten que tomar unha decisión que a tome e eu encantado porque nós queremos esa Copa do Mundo, pero que a tome con plena soberanía porque lle corresponde a eles e a elas e a ninguén máis. Non aceptaremos dende o BNG discursos que pretendan que o Pleno da Corporación volte á política de enfrontamentos coas comunidades de montes que se levou antes do ano 91, non é ese o camiño, o camiño pasa polo respecto.

Eu teño enriba da mesa esas propostas e estou seguro case ó 100% que a Comunidade de Montes vai aceptar o contrato que ten enriba da mesa pero que o decida ela. Nós pulemos a decisión pero con respecto ó funcionamento democrático da Comunidade de Montes, esa é a clave.

En segundo lugar, hai un segundo problema que hai que resolver: haberá que se poñer de acordo coa Consellería de Cultura, cousa que a min non me corresponde.

Temos que buscar un acordo a respecto de ata onde, qué territorios ocupa e cómo queda a área de protección do patrimonio histórico porque do contrario, póñanse vostedes coma se poñan, teremos informes de técnicos arqueólogos que dirán que estamos invadindo a zona de protección dun petroglifo e de pasaren isto estamos poñendo en risco o patrimonio histórico. Haberá quen pense que iso non vale nada, haberá quen pense que se pode cubrir un petroglifo con terra e pasarlle unha excavadora por riba pero o petroglifo é parte da nosa memoria e da nosa historia coma galegos e galegas, tan importante como o noso idioma porque eses tamén son os nosos sinais de identidade.

As cousas pódense facer ben e mal. O ano pasado esa proba fíxose mal e por iso se aceptou nada máis que un circuito de carácter temporal e así estaba no informe da Dirección Xeral de Patrimonio.

Eu xa sei que cando se din estas cousas ó mellor un vai contra corrente porque demasiadas veces é máis fácil predicar o abandono do patrimonio histórico e demasiadas veces é máis fácil tomar unha actitude de corte populista moi aplaudida pero que ataca directamente á nosa cultura.

Temos un último problema que resolver e é saber ata onde se pode chegar porque do contrario voltará aparecer inevitablemente un informe da Delegación de Cultura que corroborará os anteriores e ademais voltará abrirse outro expediente sancionador porque nestes momentos xa está aberto un procedemento sancionador por razón de non ter executado a retirada das terras que afectan ó noso patrimonio histórico.

Todos e todas estamos suxeitos ó cumprimento da lei e ó respecto das institucións, todos e todas, os corporativos e corporativas e os cidadáns e cidadás de Vigo, da parroquia que sexa.

Dende o noso punto de vista sobre este tema deberíase falar menos e xestionar máis e deberían ter reunións co Departamento de Cultura da Xunta de Galicia para asegurar que os informes ó final sexan favorables, estouno dicindo e non o quería dicir, non afectando evidentemente ó noso patrimonio histórico.

En segundo lugar, se hai unha intención verídica e certa de nalgún momento, nunha parte do monte da parroquia de Coruxo na zona de Fragoselo de poñer en marcha...

A intervención do Sr. Toba Girón foi interrompida en varias ocasións por berros do público asistente no salón. Chegado este intre, a Presidencia suspende a sesión sendo as doce horas. Reanúdase o Pleno ás doce horas e seis minutos.

SR. TOBA GIRÓN: Quería rematar dicindo que en suma, antes de seguer avanzando e sen querer dicir nada máis neste Pleno, sería conveniente que houbera un acordo sobre trazado, afectación e protección da afectación coa Dirección Xeral de Patrimonio e coa Consellería de Cultura porque senón de nada se está falando.

SRA. SÍO LOURIDO: Quero darlles as grazas a todos polas súas intervencións pero quero dicir que manteño o texto da moción porque coido que é un texto sinxelo que non se mete con ninguén, que respecta a lei e que en ningún momento o texto da moción cuestiona a capacidade de decisión da Comunidade de Montes.

Á parte diso cítase á parroquia de Coruxo porque nós coidamos que é o mellor sitio e porque se ven de celebrar alí durante os últimos anos. Non só o cremos nós senón que tamén todos os responsables da Concellería de Deportes deste Concello.

Ademais quero dicir que fai a salvedade de que en todo caso se celebre no municipio de Vigo precisamente por se houbera calquera imponderable que faga que non se poida realizar na parroquia de Coruxo, pero pensamos que iste é o mellor sitio. A moción engade logo que "sen prexudicar de ningún modo nin o medio ambiente, nin ó patrimonio histórico".

Coido que ninguén lle ten que dar leccións a ninguén de cómo coidar o noso patrimonio histórico e todos estamos de acordo en que o queremos coidar para nós e para as futuras xeracións.

Sinxelamente coido que é un bo texto e que é o mellor para a nosa cidade e por iso o presento así e así pido que se vote.

A PRESIDENCIA: Vótase o texto tal e como está recollido.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Alonso Vázquez e Guerra Fernández e a Sra. Porteiro García.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezasete votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Ponte, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill,

Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Graña Barcia, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e a Presidencia, e sete abstencións dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Fernández Fernández, Cotobad Tombo, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Toba Girón e Vieitez Alonso,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Sío Lourido, relativa á celebración do campionato do mundo de Mountain Bike no termo municipal de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

B.- (23).- MOCIÓN DA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, SRA. PORTEIRO GARCÍA, RELATIVA Ó APARTAMENTO DAS SÚAS FUNCIÓNS DE TÉCNICOS MUNICIPAIS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 23 de xaneiro de 2006, a voceira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Porteiro García, formula a seguinte moción:

“Durante os últimos meses o Goberno Municipal ven desenvolvendo prácticas totalmente inaceptables consistentes en cesar ou limitar nas súas funcións a aqueles técnicos municipais que, no exercizo das súas funcións e xerarquía, emiten informes que non coinciden cos criterios ou cos intereses do goberno do Partido Popular.

De feito, son varios os casos que, dende o pasado verán se veñen producindo nesa alarmante dirección. A pesar das diferencias entreles, a secuencia de actuación do Goberno é similar en todos os casos: solicítase un informe técnico ao funcionario a quen formalmente corresponde; de non ser o resultado o desexado polo goberno, o funcionario en cuestión é desprazado -nalgún caso a postos que non teñen nada que ver coa súa experiencia acreditada de moitos anos- ou cuestionado directa ou indirectamente na súa competencia profesional, e, finalmente, solicítase un novo informe. Nalgúns casos esta práctica realízase de xeito repetido, chegando mesmo -ata que se satisfaga o interese do Goberno do Partido Popular- acudir a informes externos ou a funcionarios de menor responsabilidade e nivel na escada xerárquica e competencial.

Un camiño que -máis alá das razóns aducidas sobre a necesidade de proceder á reestructuracións de servizos, que non son máis que excusas banais- non pode conducir senón á perda de confianza da cidadanía nos propios servizos técnicos e do conxunto das decisións municipais e pode producir sospeitas inaceptables sobre a obriga á salvagarda do interese xeral, á que constitucionalmente está sometida a actuación da administración pública.

É por iso que o Grupo Municipal Socialista propón a seguinte resolución:

As mencionadas actuacións constitúen prácticas de mal goberno e van dirixidas a poñer aos servizos técnicos do Concello ao servizo dos intereses do Grupo de Goberno, restando credibilidade ao conxunto da política municipal. Por isto, son rexeitadas pola Corporación, a cal esixe, ademais, ao Goberno Municipal, que en ningún caso se repitan."

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez e Guerra Fernández e a Sra. Porteiro García)

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

DEBATE.- SR. ARIAS MOREIRA: Presentarei eu esta moción asinada pola nosa Voceira, Sra. Porteiro, quen está ausente por razóns xustificadas coma é manifesto.

Esta moción ten coma obxectivo o de saír ó paso dunha práctica que se está repetindo durante os últimos meses neste Concello e que por repetida, se dende o principio semellounos preocupante, agora xa nos parece totalmente intolerable porque máis ca unha cadea de feitos estase convertindo xa nunha categoría, en toda unha política que consiste en ningunear ou en moitos casos afastar das súas funcións a aqueles funcionarios que emiten informes que parece que non gustan ou que non van no sentido dos intereses ou criterios do goberno municipal.

Isto parécenos absolutamente inaceptable, que ten consecuencias negativas, coidamos que eventualmente pode minar a moral dos propios funcionarios e dende logo cremos que o que mina é a confianza na fundamentación técnica da decisión política deste Concello e que afecta seriamente á credibilidade do conxunto da política municipal

Polo antedito presentamos esta moción coa seguinte resolución: "As mencionadas actuacións (que máis ou menos se detallan un pouco no texto previo) constitúen prácticas de mal goberno e van dirixidas a poñer ós servizos técnicos do Concello ó servizo dos intereses do Grupo de goberno,

restando credibilidade ó conxunto da política municipal, por iso son rexeitadas pola Corporación quen lle esixe ademais ó Goberno municipal que en ningún caso se repitan”.

SR. FIGUEROA VILA: Para facer este debate a nós gustaríanos ir ós temas concretos porque aquí se fai unha relación de feitos pero non se concretan. Para poder entrar en debate gustaríanos que nos dixeran cales son eses cambios e así poder debatelos un a un. Queremos a máxima transparencia, a máxima credibilidade, que tanto os funcionarios coma a cidadanía se enteren do por qué se levaron a piques esas modificacións e gustaríanos concretalo. Coidamos que esta moción non ten ningún sentido se non se concreta. Loxicamente imos falar de persoas e non se pode tirar a pedra e agachar a man porque se vostedes o fan así están deixando en entredito a moitos funcionarios e a moitas persoas. Gustaríanos falar de temas concretos, se teñen a valentía do facer, falaremos.

SR. ARIAS MOREIRA: Falamos dos temas concretos que vostede queira. É verdade que cando di “falar de asuntos concretos” vostede xoga con vantaxe un pouco oportunista, perdoe que llo diga.

SR. FIGUEROA VILA: Oportunista non, realista, obxectiva.

SR. ARIAS MOREIRA: Vostede quere falar de feitos concretos aínda que eu non vou mencionar nomes, se o fago así será por non ter máis remedio, pero si vou falar de funcións de funcionarios concretos.

Hai toda unha cadea de feitos pero sobre todo nos referimos a dous fundamentais. No mes de xullo cesouse da súa función de xefe de Patrimonio Histórico, trasladaron a outro servizo a unha persoa que levaba moitos anos nesas funcións e coido que é unha cuestión de consenso neste Concello que este funcionario era a alma do servizo, cesárono por non informar o Plan Especial de Castrelos o que a día de hoxe segue sen informar. Se aquilo ocorreu naquel momento, non se sabe por qué logo non se tomaron decisións semellantes.

Debo dicir tamén, por se non é suficientemente coñecido polo Sr. Figueroa, que este feito se considerou coma gravísimo por un número moi importante, non só de cidadáns significativos que asinaron un manifesto, senón por practicamente toda a profesión dos arqueólogos, prehistoriadores, moitos historiadores da arte como historiadores en xeral, tanto académicos como os

de pé de obra relacionados con institucións, para todos eles foi unha cousa absolutamente inaceptable e pediron que se restituise á situación orixinal. Saltareime casos que coido veñen secundariamente ó caso pero si me parece que é moi claro todo o que ocorreu coa Mesa de Contratación, é dicir, queremos que quede moi claro que esta cuestión que se presenta nesta moción non ten absolutamente nada que ver co fondo dos asuntos, nin coa discusión do Plan Xeral, nin coa do Auditorio, temas nos que na nosa opinión vostedes amosaron moita ineficacia e irresponsabilidade pero terán que dar conta diso no seu momento.

Isto ten que ver cunha cousa diferente que é o seu xeito de proceder. O xeito de proceder en relación con todo o que ten que ver coa Mesa de Contratación do Auditorio coidamos que é inaceptable porque se van producindo unha serie de informes daqueles funcionarios que están facultados para os facer: Xefe de Novos Proxectos, un arquitecto da Xerencia de Urbanismo, Xefe de fiscalización, e todos van sendo afastados. Por certo, para un proxecto absolutamente estratéxico para a política cultural do Concello a 40 anos coma é o Auditorio, chama a atención que non se lle solicita ningún informe ó Xefe do Servizo de Cultura deste Concello. Finalmente acaece unha cousa que é a que nos move a presentar xa pola vía da urxencia esta moción. O día 14 de outubro de 2005 a Alcaldía dictou resolución pola que se nomeaba a D. Benjamín Suárez Sánchez e a D. José Manuel Figueroa Vila técnicos integrantes da Comisión en representación do Concello de Vigo. Refírese a unha comisión clave para resolver este asunto: a Comisión técnica paritaria integrada por dous técnicos designados pola Consellería de Política Territorial e dous designados polo Concello de Vigo; entendo que o informe deste organismo vai ser absolutamente clave.

Esta resolución queda anulada por outra do 19 de xaneiro de 2006 que se xustifica co seguinte argumento: "non tendo o Sr. Figueroa Vila a condición de técnico en tanto en canto ten a cualidade de electo en virtude da súa condición de concelleiro do Concello de Vigo..." o que era obvio dende o principio, efectivamente había que cambiar algo nesta resolución porque francamente nomear ó Sr. Figueroa Vila coma técnico non tiña sentido, "...prócedese á modificación da resolución devandita no sentido de substituír ás dúas persoas nomeadas inicialmente por D. Javier Ribas Barros e D. Javier López Mera, de López Mera y Compañía, Auditores, S.L."

Ó final nun órgano que entendemos que vai ser clave para a resolución de todo o que ten que ver co auditorio, o Concello de Vigo vai estar representado por D. Rafael López Mera de López Mera y Compañía, Auditores,

S.L., e non polo Xefe de Novos Proxectos, nin polo de Fiscalización, non polo responsable de Servizos Económicos que figuraba inicialmente e que polas boas desaparece, senón por D. Rafael López-Mera. A vostedes isto parecerálles normal.

Vostede e máis eu temos unha relación cordial e de todos os xeitos seguerá a ser así, pero nos separa a política, sepáranos un mundo e non só porque esteamos en bancadas distintas, se quere en banderías distintas, senón porque temos unha concepción diferente da política. A vostede isto parecerálle normal, pero había unha palabra que se utilizaba moito hai tempo, afortunadamente xa está bastante desaparecida da España de hoxe e é "alcaldada", é así coma unha palabra doutra época. Por certo, tomeime a liberdade e o traballo de recoller a definición que dá disto en idioma español María Moliner: "atropello, acto inconsiderado realizado por un alcalde -ou alcaldesa- abusando da súa autoridade".

A nós parécenos que isto ten bastante de abuso de autoridade e parécenos que non contribue en nada a prestixiar ó propio Concello coma institución.

SR. SOTO FERREIRO: Teño a percepción de que se están facendo as cousas nese sentido dende o Goberno municipal, non sei se dicir como amiguismo pero si con xentes próximas que se cre que deben ser de confianza do Goberno municipal.

A min dáme a impresión tamén de que ese é un fallo para o Concello por dúas razóns, ó mellor porque hai un concepto moral e ético que non é o máis conveniente, pero tamén porque se perden criterios de eficacia porque ó mellor hai funcionarios que non son tan afectos pero que realmente poden desenvolver un labor mellor ca outros.

Teño para min polo tanto que eu teño que votar honestamente a favor desta moción porque denuncia unha situación que está aí e que a min me parece evidente. Vouna votar coa petición de que o Goberno corrixa esas actitudes porque ademais se pode. Dilles isto quen chegou á Alcaldía de Vigo e mantivo ás secretarías da Alcaldía que había sen lles tocar en absoluto as súas competencias, xa non digo outros postos, polo tanto as secretarías particulares do alcalde.

Pero tamén lles digo que cando se promoveron reformas administrativas no Concello de Vigo fixéronse, non aténdose a ningún tipo de, se me permiten a expresión, "vacas sagradas" que podían ser intanxibles, senón metendo a persoas novas que asumiran responsabilidades de goberno, sen esas

connotacións ou condicións de que tiveran que ser persoas afectas á causa partidista de quen goberna.

Logo de lle dicir isto, déixeme dicirlle tamén con preocupación que me encanta que o Partido Socialista en Vigo poña esta moción porque esa é unha actitude de moral política que espero segan os seus compañeiros noutros ámbitos e máis concretamente na Xunta de Galicia. A min gustariame que o Goberno de coalición en Galicia seguira tamén con este tipo de criterios e voulles dar exemplos; se dou algún coma o da televisión galega o escándalo faría ruborizar ás pedras e non por os facer a vostedes culpables de ningún modo do que non o son, senón para pedir na medida do posible que, defendendo vostedes estes criterios de moral que me parecen absolutamente acertados, tenten influír nos seus compañeiros para que non fagan as barbaridades que están a facer noutros ámbitos.

Voltando ó de Vigo dígolles que eu vou apoiar a moción porque si me parece que hai actuacións interesadas dende o punto de vista partidista neste tipo de decisións que non son as máis convenientes para o Concello de Vigo, nin dende a funcionalidade, nin dende a moral política.

SR. FIGUEROA VILA: Con tranquilidade pero hai que matizar moitas cousas.

Vostede fálame dun só funcionario en dous anos de mandato. Sabe de cuántos lle podo falar a vostede nos últimos catro anos? De 92 e teño aquí a relación de todos eles. 92 funcionarios que vostedes cambiaron cando gobernaban e se quere lle dou algúns nomes: D. Sergio Prada, D. Santiago Pereira, D. Benjamín Suárez, D. Arsenio Fernández del Río... etc. Pódolle dar ata 92 nomes dos que vostedes cambiaron. Non só os cambiaron, senón que nalgúns casos a algúns deles déronlles unha produtividade de ata 1.700.000 pesetas/ano, a outros 800.000, a outros 670.000, a outro 503.000, a outro 170.000, a outro 673.000, etc. Iso foi un escándalo recoñecido por todos os sindicatos e mesmo nalgún Pleno houbo algunha intervención dese calado. Polo tanto ningunha lección.

Vostede fálame dun, eu creo que temos a relación de 14 ou 15 porque loxicamente consideramos que hai que mellorar os servizos porque moitas veces os funcionarios están enquistados en postos nos que levan moito tempo e os hai que cambiar, coidamos que a súa eficacia no traballo ó estaren moito tempo nun posto pode diminuír, etc.

En concreto, do funcionario que me falan teño que dicir que Mirambell está paralizado porque logo de catro anos non foi quen do dicir nin do adiantar. Vostede sabe que tiñamos aprobada unha modificación de crédito e tivemos

que perder 90.000 euros porque resulta que logo de tres anos nin tiñamos autorización da Xunta, nin de Costas, nin de ninguén. Como lle chama vostede a iso? Falla de xestión. Cre vostede que para informar un Plan Especial pode estar un funcionario dous anos dende que lle chega o escrito e para que o faga haino que chamar a cotío? A iso chámase falla de eficiencia e polo tanto é un cambio razoadísimo.

Coido que é lóxico que se un equipo de goberno entende que hai un departamento que non funciona que se produza un cambio con absoluta normalidade porque os xefes de servizo son todos de libre designación, non teñen a propiedade dos postos e pode haber modificacións lóxicamente sempre que non exista persecución de ninguén. Faise por cuestión de racionalidade, eficacia, eficiencia e de tentar mellorar ese servizo.

Mire a diferenza que en dous anos danos un exemplo e nós podemos darlle 92; miren o que fixeron vostedes no ano 2001 cando chegaron aquí. E non só iso, senón que vostedes a carón do cambio do funcionario puxeron unha produtividade para que por riba calaran nalgúns casos, noutro foi cambio tamén por eficacia, por eficiencia e por traballo que se lle deu esa produtividade a eses funcionarios pero noutros casos foi para calar. Algúns a día de hoxe non teñen departamento, nin xestión, nin están facendo absolutamente nada e pódolle dar algúns nomes.

Polo tanto leccións do Partido Socialista ó Goberno desta cidade ningunha, pola contra terán que aguantar con moito porque esta relación é pública, está nas actas da Xunta de Goberno aprobadas por vostedes con 92 cambios, traslados de funcionarios, con "bufandas" nalgúns casos. Esta é a primeira cuestión.

A segunda cuestión que é o fondo do tema imos analizala cun pouco máis de detemento. É certo que houbo unha resolución de Alcaldía porque se entendía que había dúas persoas que representaban ó Concello e dúas á Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia non nomea dous técnicos, nomea un delegado que nós entendiamos naquel momento que era un representante político, por iso fíxose un nomeamento asesorados polos asesores xurídicos considerabamos que de houber algunha impugnación, porque lóxicamente eu non era técnico e o delegado ou a delegada tamén pode ser que non sexa técnico, haberá responsabilidade pola Xunta pero nós quixemos cubrir a nosa responsabilidade facendo ese cambio e nomeando a dous técnicos Esta decisión tomouse porque segundo avanzaba o expediente podían ser dúas persoas determinantes cunhas características concretas porque vostede xa sabe que na análise das ofertas hai un problema no anteproxecto e que

saibamos nin D. Benjamín Suárez, nin D. Arsenio Díaz del Río son arquitectos. Polo tanto coidamos que era necesario levar un arquitecto e o arquitecto que máis coñecementos ten nesta casa é o Xerente de Urbanismo e por iso o nomeamos representante.

Logo se pediu un informe externo e voulle dicir por qué chegamos a esa petición porque non foi por casualidade nin porque nós coidasemos que tiña que ser así porque non coñeciamos a esa persoa. Buscamos un profesional cualificado desta cidade porque detectamos o que lle vou relatar agora, unha a unha todas as follas. Por iso nomeamos nesa comisión técnica á persoa que fixo os informes económicos porque considerabamos que os tiña que defender diante desa comisión.

A terceira cuestión é que esa comisión non é determinante porque quen vai decidir é a Mesa de Contratación onde vostedes e todos os Grupos políticos están representados e os técnicos desta Casa son os que van facer a votación da adxudicación da proposta do pazo de congresos.

Agora voulle relatar por qué dende este Goberno se tomou a decisión de pedir un informe externo. Pedíuselle un informe ó Xefe de Fiscalización e díxoselle que fixera unha valoración das propostas logo de aceptar xa a dúas empresas. Este técnico non fixo un informe de valoración, fixo anotacións, manifestacións ou informou de aspectos puramente xurídicos.

Detectamos algo tan sinxelo coma que chegamos ó informe e di: "Apartado 1. Non se indica de maneira explícita nin a porcentaxe, nin o financiamento con cargo a recursos públicos, nin a data prevista de peche e realización definitiva"; páxina 13 da 80. Pero resulta que imos á páxina 227 da proposta e aparece aí a proposta que el di que non está. Só é collelo, non é facer un informe.

Seguemos e imos ó apartado 2: "Non se inclúe o calendario de investimentos"; páxina 13 da 80. Resulta que imos á proposta e a proposta unha inclúe un diagrama de Gant, páxina 113 do apartado f); imos ó apartado f), páxina 113 e aparece a proposta. Páxina 3: "Non se prevé a realización de reinvestimento ningún durante o período de concesión"; imos á páxina 45 e aparece a realización do reinvestimento. Apartado 4: "Non se presenta a evolución dos gastos de explotación do auditorio", páxina 14 da 80. Imos á páxina 205, 215, 236 e 245 e aparece a evolución dos gastos. Apartado 5: "Non se presenta a evolución dos gastos de explotación da zona comercial". Imos ás páxinas 235 e 195 e aparece.

Todo isto vostedes pódeno comprobar porque teñen información, non a leron porque saben que é real, ademais vostede o pode facer porque é un profesional que ten cualificación, coñecementos e prestixio.

Apartado 6: "Non se presenta a evolución dos gastos de explotación do aparcadoiro durante o prazo do contrato". Imos ás páxinas 195 e 204 e aparece, etc. Todo isto está neste informe que é público e que se lles entregou a vostedes para que o analizaran.

Miren qué escurantismo ten este Goberno que lle encarga a un profesional un traballo para que diga onde están as propostas que un informe di que non aparecen, só para iso e non para analizar. Encargóuselle a un profesional para que nos diga se o que dicía o informe aparece ou non na proposta, só para iso, maxinen vostedes do que estamos a falar. Dunha adxudicación de 100 millóns de euros resulta que hai 36 apartados ou puntualizacións contra unha empresa e contra outra hai 0. Vostede cre coma profesional que poden aparecer dúas propostas e nunha se fagan 36 reseñas e na outra 0? Hai unha que é perfecta? Non.

Ó que pertencemos á Mesa de Contratación ou alomenos a min coma Presidente en funcións sorpréndeme que poida haber un informe que analice ou puntualice 36 erros ou contradicións nunha proposta e na outra nada; ó mellor se fosen 36-10, ou 36-8 podería entendelo e sobre todo cando sabemos porque xa o detectamos que na outra hai algún erro.

Encargámoslle a un profesional que nos diga se é certo, para que cotexe a información do informe coa proposta que fai a empresa. E nolo di por escrito, non o está inventando, trasládanos a proposta e nun informe dinos onde están en cada folla, cousa que todos vostedes poden comprobar e tamén os medios de comunicación porque isto vai ser público, de feito xa o é porque se lles entregou a todos vostedes e coñeceno.

Ise é o motivo de encargar un informe externo porque coidabamos que era necesario. Cando se está falando dunha adxudicación, cando se mira que hai unha proposta que economicamente pode ser mellor que outra querémola analizar en profundidade.

A partir daí agora haberá unha valoración da comisión técnica que a formarán esas dúas persoas cos dous representantes da Xunta e que nós entendemos que a Delegada debería ser incompatible tamén porque entendemos que é un cargo de representación dun partido político, debería ser outro técnico e que eses técnicos fagan o informe correspondente, informe que se trasladará á Mesa de Contratación quen fará a valoración correspondente e

S.Ordinaria 30.01.06

aí é onde todos os grupos políticos temos voz e voto, onde hai un representante da Asesoría Xurídica e outro de Intervención.

Producirase unha votación que supoño que aceptaremos todos porque estamos nun Estado de dereito, nun Estado democrático e todos teremos que aceptar o que alí se diga, pero baixo ningún concepto imos aceptar o que vostede di de que pode ser determinante esa Comisión. Esa Comisión asesorará á Mesa de Contratación quen propondrá á Xunta de Goberno e ista a que tomará a decisión.

Polo tanto miren qué sinxelo, que fácil é explicarlle por qué se fai isto. Dígolle máis: hai decisións que se tomaron no ano 2001, 2002 e 2003 que ás veces traen consecuencias negativas para esta cidade e explicareillo algún día, coma hai certos funcionarios que se cambiaron de sitio con productividades escandalosas que resulta que agora aparecen detrás de certos temas; diso xa falaremos cando corresponda se corresponde, pero esas son decisións que tomaron vostedes e non culpo aquí ó BNG, culpo ó Partido Socialista e en concreto á Primeira Tenencia de Alcaldía que moito ten que ver co que falamos da publicidade e propaganda no seu día, moitas decisións desas que se tomaron.

Seguramente non lles gusta escoitar o que lles estou dicindo pero isa é a realidade desta cidade e vostede, Sr. Arias, non ten responsabilidade, vostede fai o seu papel coma membro da oposición e nós respectámolo pero a obriga do Goberno e sobre todo a obriga de quen coñece esta cidade, esta Casa dende hai moitos anos, é comentarlle todos estes temas porque son situacións que están enriba da mesa e están nos expedientes administrativos desta Casa, é moi fácil comprobalo, é moi fácil acudir ás actas das Comisións de Goberno daquela, coller os acordos, os traslados, os cambios, os cargos que algunhas persoas desta Casa viñeron desenvolvendo, cómo, por qué, etc.

O que persegue este Goberno é a máxima transparencia porque estamos facendo isto público, non llo agachamos a ningún; a máxima eficacia e sobre todo, o máis importante: a defensa dos intereses desta cidade por riba de calquera outro tipo de intereses. Iso é o que estamos facendo dende este Goberno e por iso tomamos certas decisións porque Gobernar é tomar decisións. Seguramente poderemos cometer erros, pero estamos totalmente convencidos de que hai certas decisións que requiren da determinación dunha vontade política clara para as levar a piques.

Eses eran os comentarios que lle quería facer porque moitas veces non se fala destas cousas ou fálase nos corredores e nunca saen os temas a debate

no Pleno desta Corporación. Coido que é saudable e bó que os cidadáns coñezan cómo un funcionario pode facer un informe e cometer 36 erros se están na proposta. E cómo pode ser que enganemos ás empresas que se presentan e que un estudo de viabilidade fale de que a oferta mínima é de 704 prazas de aparcadoiro e logo aparece un anteproxecto sen ningunha xustificación onde aparecen dous folios con 927 prazas.

Voulle ler o que segue do estudo de viabilidade económica que saíu a concurso. Fala de 704 prazas e superficie 30.388 metros cadrados, isto sobre o estudo de viabilidade; se imos ó anteproxecto atopamos un planiño que pon: número de prazas, 927. Superficie, 30.388 metros cadrados. Cómo xustifica vostede que nun estudo de viabilidade de 150 páxinas...

SRA. SÍO LOURIDO: Unha cuestión de orde: coido que non se debe trasladar a Mesa de...

SR. FIGUEROA VILA: Estoulle dando os datos para que saiban por qué chegamos a tomar estas decisións porque o teñen que entender, ou é que cando lles falamos con claridade non queren escoitar? Dígolles a vostedes e a toda a cidade que hai un estudo de viabilidade que fala de que a oferta mínima ten que ser de 704 prazas e dunha superficie de 30.388 metros cadrados; logo tamén lles digo que hai un anteproxecto no que aparecen dous folios con planos, en texto absolutamente nada e aparecen 927 prazas e 30.388 metros cadrados, qué quere dicir isto? Que seguramente hai un erro, non houbo vontade de meter 927 prazas e resulta que se xustifica deixar a unha empresa fóra porque non oferta esas 927 prazas.

En canto á prelación destes documentos, se vostede vai ó prego de condicións verá que están no mesmo apartado tanto o estudo de viabilidade coma o anteproxecto. Ise era o fondo do tema polo que se quería excluir a unha empresa. Estoullo explicando con absoluta claridade para que vostedes teñan claro que as decisións que está tomando o Goberno e a Mesa de Contratación son de absoluta transparencia buscando a defensa dos intereses da nosa cidade.

Iso é o que nos motivou a tomar as decisións que se tomaron dende o Goberno, coido que acertadísimas, coa máxima transparencia e buscando a defensa dos intereses da nosa cidade. Coma vostedes comprenderán se unha empresa se presenta a un concurso e atopa un estudo de viabilidade que fala de 704 prazas e 30.380 metros cadrados e vai a un anteproxecto e aparecen os mesmos metros cadrados con maior número de prazas, algún erro terá que

haber. Teremos que aguantar e buscar a xustificación dese erro en cuestións puramente internas pero non llo trasladar a empresas coido que perfectamente capacitadas e cualificadas porque ademais o que pretende calquera concurso é a máxima concorrència e buscar as mellores propostas para a cidade.

Iso é o que están facendo este Goberno e a Mesa de Contratación porque de momento todas as decisións que se tomaron na Mesa de Contratación foron por maioría nalgúns casos e noutros por unanimidade, polo tanto non hai ningún voto contrario de momento, xa veremos o que pasa a partir de agora.

Iso é o que lle queríamos explicar porque creo que o Goberno ten a obriga do facer e sobre todo cando vostedes abren un debate diante da cidadanía.

Vou tomar o tempo que precise porque non se pode ir contra dun Goberno calumniando e difamando sen xustificación de ningún tipo.

SR. SOTO FERREIRO: Primeiro tema moi de pasada, Sr. Figueroa, ás veces pola boca morre o pEixo. Di vostede que había funcionarios que os trasladaron non sei onde, que os deixaron sen traballo e que algúns seguen sen traballar. Os que lles sobren a todos vostedes mándemos a min que para tarefas obxectivas en función de Vigo doulles traballo a todos.

Agora voulles dicir o que non é de pasada. Eu dixen que apoiaba unha moción e, primeiro, non había casuística, falábase dunha xeralidade porque eu coñezo casos merecentes dunha crítica. Se vostedes incluen o tema do auditorio bótome fóra fulminantemente porque a min me parece que ese tema está ben tratado, é máis, tería poucas cousas que engadir ó que acaba de dicir o Sr. Figueroa.

Paréceme que deberan escoitar o que acabo de dicir e voullo repetir, Sr. Arias. Digo que estou disposto a apoiar a súa moción porque non había casuística e eu coñezo a casuística, teño a percepción, coma dixen antes, de que están facendo algún tipo de discriminación en función de "iste éme máis afecto que aquel outro", eu teño esa percepción. Pero se vostedes me incluen unha casuística concreta coma é a do tema do auditorio, aí teño exactamente a mesma percepción que o Sr. Figueroa e entón aí eu non votaría esa moción porque realmente me parecería un feito inxusto xa que hai informes que inda non comprendín hoxe ou que prefiro seguer sen os comprender porque ás veces é mellor. Pódeno confundir a vostede ou a outro, pódenos confundir a calquera corporativo algúns dos informes que ás veces aparecen enriba da mesa, pero se detectas que un informe ten tantos erros

de trazo grosso ou estaba feito logo dunha noite dura ou realmente é preocupante.

A min paréceme que agora mesmo este proceso estase levando ben; ó principio non me importa dicirlle que tiña algún tipo de "mosqueo", se me admiten o termo coloquialmente, eu mesmo producín unha intervención de certa dureza na primeira reunión da Mesa de Contratación pero a partir daí me parece que hai unha recondución do traballo e que se está facendo obxectivamente. Paréceme que se os temas se levan así, como debera ser porque é moi importante para Vigo, con máis tranquilidade técnica que política se fose posible aínda que un tema deste calibre ás veces tamén é difícil que non se politice por parte de calquera de nós e inclúome eu, non digo que non, pero se foramos quen deberíamos tentar estar alonxados da politización deste tema para realmente que o que está previsto aí vaia cara adiante.

Ó final hai unha decisión que lle corresponde por lei á Xunta de Goberno Local. Isa si que é unha decisión que en función do que decidan e dos informes que aparezan serán criticable dende o punto de vista fáctico e político. Pero agora mesmo, créanme que eu estou moi tranquilo aínda que non estiveren así en todo o tempo procedimental, pero agora mesmo estou moi tranquilo con respecto a como se están a levar estes temas.

Dígollo para lle explicar o meu convencemento moral e para lle dicir que se vostede iso o fai coma unha finta dialéctica pero non se entende que afecte á moción, sígolla votando; se vostedes presentan unha casuística concreta pola que presentan a moción, non lla podería votar.

SR. TOBA GIRÓN: Nós limos a moción aínda que entrou por vía de urxencia e tivemos que ler rápido coma pasa con estas cousas.

Non temos inconveniente en votar a favor na medida en que queremos entender que se refire a un tratamento xeral que non aceptamos e a un uso de pura satrapía do sistema funcional que nós tampouco identificamos. Pero, por favor, non segan simplificando señores do Partido Socialista, porque as simplificacións non son absolutamente correctas neste caso e baixo o meu punto de vista.

Independentemente diso votaremos a favor entendendo que se refire a un tipo de práctica que non debe utilizar ningún goberno, pero non segan simplificando.

SR. ARIAS MOREIRA: A moción di o que di e ten unha parte resolutiva que é a que se me pide que concrete e que eu o fago nalgúns exemplos non sei se máis ou menos afortunados.

Si queredría facer algún comentario en relación á resposta do Sr. Figueroa coa que estou de acordo en dúas cousas. Primeiro que parece que é bo que se presente isto porque hai un debate e entón semella que a moción vai nun sentido positivo e isto que o diga vostede satisfáime bastante. Segundo que recoñece que a miña función vai nesa dirección, a función de denunciar o que vexo na acción do Goberno que non me gusta e que me parece inaceptable coma dixen antes.

Voltamos un pouco ó de sempre. Vostede nas respostas aplica o modelo de rebobinar, botar cara atrás, dicir que no pasado... Sinto utilizar de novo a verba "oportunismo" porque vostede é un pouco oportunista porque ten unha vantaxe tremenda aquí, como vostede leva aquí toda a vida pode ir cara atrás e dende logo coñece mellor a historia desta institución, desta organización ca min, non cabe ningunha dúbida. Pero eu falo do que está ocaecendo agora e non do que ocorreu antes.

Coa súa intervención todo o rato fíxome sentir que me estaba dando a razón porque eu dixen explicitamente que non ía entrar no fondo do asunto, non vou entrar en que sexa mellor unha oferta ca outra, en que haxa fallos deste ou doutro tipo, o que si está claro é que vostede aquí descalificou os informes dos técnicos municipais. Case me parece que o erro desta resolución é que o cambiaran a vostede, é que vostede aquí é o auténtico técnico que substitúe coa súa valoración as valoracións dos técnicos que, gusten ou non, son os técnicos do Concello, técnicos que están ocupando un posto e desenvolvendo unhas funcións no Concello.

É exactamente o que estaba dicindo eu, en definitiva coido que me dá a razón. A min neste punto non me parece nada porque non veño aquí a falar diso, xa falaremos noutra ocasión. O que me parece que queda moi claro é faise explícito é que vostede descalifica eses informes técnicos; descalificounos vostede que non eu, en ningún caso. Parece que me dá a razón no fondo do asunto neste exemplo que ó mellor non foi o máis afortunado, non o sei.

SR. FIGUEROA VILA: Só matizar que nós non sacamos a resolución que se fixo para a Comisión paritaria, foron vostedes e por iso eu lles expliquei por qué se tomou esa decisión. Creo que vostedes ás veces non queren escoitar o por qué das decisións. Qué sería mellor para este Pleno e para a cidade,

que nos calasemos e que quedase a dúbida de que o Goberno fixo un cambio de nomeamento dos técnicos porque lle deu a gana ou por amiguismo? Non.

Estoulle explicando e por iso lle fixen o razoamento tanto político coma técnico do por qué se tomou esa decisión, coido que iso se chama transparencia, chámase non agachar información nin á Corporación, nin á oposición, nin á cidade, iso por un lado.

A primeira contestación foi que vostedes na moción din que semella que este Goberno trasladou, fixo unha serie de cambios, que está perseguendo ós funcionarios. Vostedes fixeron 92 traslados, é o único que lles estou lembrando, é un dato obxectivo. Do ano 2001 ó 2003 vostedes fixeron 92 cambios de funcionarios e de técnicos municipais; nós levaremos 9, 10, ou 15 e vostede fállame dun concreto. Dese cambio concreto dígolle o por qué se fixo: porque se considerou dende o Goberno que nese departamento se podía mellorar a xestión. É ese un erro? Non, supoño que non será un erro do Goberno senón todo o contrario. Ese será un magnífico funcionario pero ó mellor nese departamento levaba moitos anos e coidabamos que era necesario que se producira ese cambio e iso foi o que fixemos.

Nós non podemos calar diante dunha afirmación coma a que fan vostedes porque esta fin de semana segundo vostedes semellaba que este Goberno perseguía a todos os funcionarios. Os cambios prodúcense en todas as institucións con cambios de goberno. Qué está pasando na Xunta de Galicia a día de hoxe? Quere que algún día lle traíamos aquí a relación de todos os cambios que están facendo vostedes? Con e sen criterio porque os hai dos dous lados. Por iso lle dicía que me fala dun ou de dous.

Penso que non podemos xeralizar unha postura e un posicionamento dun goberno por un técnico ou por un funcionario, paréceme que non é xusto para os funcionarios desta Casa, non o é para o Goberno nin para a Corporación. Vostedes queren trasladar á opinión pública que parece que aquí hai unha persecución por parte do Goberno ós funcionarios. Nós negámolo rotundamente e por iso lle poño un exemplo: 1 contra 92, miren cantos nos quedan aínda, coido que non imos ter tempo.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez e Guerra Fernández e a Sra. Porteiro García)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vinte sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

S.Ordinaria 30.01.06

Aprobar a moción formulada pola voceira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Porteiro García, relativa ó apartamento das súas funcións de técnicos municipais, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

22.- (24).- ROGOS E PREGUNTAS.

* ROGO DO SR. TOBA GIRÓN, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVO Á APROBACIÓN POLA XUNTA DE GOBERNO DO REGULAMENTO DE SEGURIDADE PARA FICHEIROS AUTOMATIZADOS DE CARÁCTER PERSOAL.

INTERVENCIÓN DO SR. TOBA GIRÓN: Hoxe levaban vostedes á Xunta de Goberno Local a aprobación do Regulamento municipal de seguridade para ficheiros automatizados de carácter persoal. Estiven repasando o expediente e agora mesmo comprobaba que é o mesmo expediente que estaba posto en marcha en febreiro de 2003, pero vexo que o único informe xurídico que figura no expediente segue sendo o informe do 25 de febreiro do ano 2003, non vin ningún outro informe posterior.

Este informe lino daquela cando precisamente me encargaba destas cousas e era excesivamente superficial cando se está a falar do regulamento que ten que ver cos datos persoais, hai bastante lexislación nese tema. Non sei se o aprobaron ou non pero coido que sería conveniente que engadiran un informe xurídico importante e potente porque se trata dun asunto complicado.

* ROGO DO SR. TOBA GIRÓN, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE SINALIZACIÓN DO CARRIL BICI DO PASEO PERIMETRAL DE BOUZAS.

INTERVENCIÓN DO SR. TOBA GIRÓN: O meu rogo é para concelleira de Deportes en relación co carril bici do paseo perimetral de Bouzas, arredor da Zona Franca. Ese carril está sin sinalizar, a sinalización que había que era de carácter horizontal está completamente esborrachada, a sinalización vertical non existe e o outro día, cando paseaba por alí, presenciei un choque entre un peón e unha bicicleta, obviamente por ocupación de espazo indebido por parte do peón, pero seguramente cunha sinxela sinalización vertical e algunha horizontal cando menos non se daría lugar á discusión que tivo lugar logo do choque e que era moi pouco sensata.

* PREGUNTA DO SR. CABALLERO MIGUEZ, DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, RELATIVA Ó CESAMENTO DA SRA. ALCALDESA COMA SENADORA.

INTERVENCIÓN DO SR. CABALLERO MIGUEZ: Sra. Alcaldesa, con todo o meu aprezo persoal e respecto político, esixindo valoracións políticas sobre unha cuestión que afecta á cidade, na cal a vinculación é sen dúbida derivada das propias verbas no seu momento de quen ostenta hoxe a Alcaldía, o Grupo municipal Socialista quere presentarlle a seguinte cuestión:

En marzo de hai dou anos a Alcaldesa de Vigo era designada senadora dentro do cupo do Partido Popular como representante da Comunidade Autónoma Galega. Vostede mesma vinculou esa designación á aposta polo peso político da cidade cando afirmaba testualmente que é importante que as grandes cidades estean representadas no Senado, non o dicimos nós senón que o dicía vostede.

As súas verbas respecto a Vigo cando a designaron deben estar presentes tamén agora: "Falamos da primeira cidade galega, cun peso específico importante ó teren á súa alcaldesa no Senado, por iso coido que o único que pode causar á cidade é un grande beneficio". Ou, doutro xeito, se seguimos tirando da hemeroteca podemos lembrar tamén ás súas conclusións: "A miña presenza no Senado daralle proxección territorial a Vigo".

Sra. Porro, cando agora vostede renuncia a esa acta de senadora que consideraba tan importante para Vigo, cuestión sen dúbida respectable pero que pode ser obxecto de valoración política, ó Grupo municipal Socialista correspóndelle trasladar aquí a pregunta que se fan moitos cidadáns: Considera vostede que non acertou e a súa xestión no Senado non conseguiu dar proxección a Vigo polo que a súa renuncia non afecta ó goberno da cidade?, ou é que Alcaldesa tivo que poñer os intereses do seu partido e as súas claves internas por riba dos da cidade?

A PRESIDENCIA: Coa mesma consideración e respecto dígolle que, como todas as respostas ás preguntas que se traen a este Pleno, tal e como contempla o propio Regulamento de organización e funcionamento, vaise respostar por escrito en breve.

* PREGUNTA DA SRA. GRAÑA BARCIA, DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, EN RELACIÓN COA REDACCIÓN E APROBACIÓN DOS REGULAMENTOS MUNICIPAIS.

INTERVENCIÓN DA SRA. GRAÑA BARCIA: Remitímoslle unha queixa na que lle reiterabamos a inactividade do Goberno no proceso de adaptación da normativa municipal á Lei de modernización, tema que xa expuxemos ó longo deste Pleno noutra intervención. Lembrabamos nese mesmo escrito ademáis que no seu momento tiñamos aceptado un acordo plenario de reiniciar os traballos da comisión de regulamentos que considerabamos alomenos ata ese momento foran ineficaces por inexistentes. Disto hai xa varios meses e a situación segue igual, en dous anos tres regulamentos sobre os once propostos. Como vostede ben sabe aínda non están os regulamentos de Participación Cidadá, de Pleno e de Distritos, entre outros.

Sra. Alcaldesa, efectivamente vostede respóstanos esa carta-queixa dicindo que se está a traballar nese sentido pero dende logo non debe ser dende a comisión de regulamentos porque nin se convoca ou, se se convoca, desconvócase a seguir.

Por isto pregáramoslle que nos indicara cal é o seu compromiso, calendario para presentar perante o Pleno os regulamentos municipais.

A PRESIDENCIA: Respostaráselle.

* PREGUNTAS DO SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, CO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A OPERADORA "R" DE COMUNICACIÓN E CABLE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 12 de xaneiro de 2006, o concelleiro do Grupo municipal do BNG formula as seguintes preguntas:

"En nome e representación do Grupo Municipal do B.N.G o Concelleiro, Amador Fernández Fernández formulo e presente por escrito as seguintes preguntas para a ser posible sexan contestadas no próximo Pleno Ordinario do mes de xaneiro do ano 2006.

- 1) Ten vostede coñecemento de que o Concello e a empresa "R" teñen asinado un convenio de colaboración mutua?
- 2) Ten vostede costancia dalgún incumprimento por parte do Concello do dito convenio?
- 3) Ten vostede ordenado e por iso posto en marcha o apartado III do dito convenio, así como o resto de contraprestacións a favor do Concello?
- 4) Ten vostede denunciado a vixencia do dito convenio?

S.Ordinaria 30.01.06

Ante o temor de que o sacrificio e molestias a que fomos sometidos os veciños e veciñas de Vigo, nos anos 2000-2002 na realización das obras da empresa "R", que por ser de obrigado cumprimento o ser así contempladas na concesión de data 28 de maio de 1998 do Ministerio de Fomento, e co fin de dotar á nosa cidade das ferramentas axeitadas de telecomunicacións en banda ancha, no mínimo prazo posible e con prestacións a favor de todos. Sendo Vigo a primeira cidade en asinar convenio con "R", poñer condicións técnicas de mecanización da obra, plan anual de desenvolvemento da rede e rematar a rede principal de cable nos prazos acordados.

Por ser responsable o PP de que Galicia co 19.1% sexa a derradeira comunidade do estado en número de vivendas con acceso a Internet por banda ancha, moi lonxe da media do 30.90% estatal e con un crecemento do 5.7% fronte ó 2.2% do noso país é polo que unha vez máis dende o BNG, queremos mostrar a nosa preocupación a tempo, polo temor fundado que temos da súa incapacidade para pilotar axeitadamente a nosa cidade carú o futuro, posto que no pasado xa nos demostraron a súa falla de colaboración sendo oposición en Vigo."

INTERVENCIÓN DO SR. FERNÁNDEZ FERNANDEZ: Espero ter máis sorte porque lle fago catro preguntas sobre a operadora "R" de comunicación e cable. Son catro preguntas tan sixelas que se poden respostar cun si ou cun non, pero son moi importantes porque a nosa cidade tivo que se sacrificar moito, fomos criticados por esa bancada que agora está enfronte gobernando porque as obras eran unha desfeita; puxémoslle sentido, fálolle dun técnico que tivo que pagar o pato daquela desfeita de obras e para iso chegouse a un convenio.

A primeira pregunta é se ten vostede coñecemento de que existe un convenio que dotou a esta cidade da infraestrutura básica para que, algo tan esencial nas cidades que se chama TIC, técnicas da información e comunicación, puideran telas en termo e forma. Cun si ou cun non sóbrame.

A segunda pregunta é se ten vostede constancia dalgún incumprimento por parte deste Concello dese convenio. Tamén me basta cun si ou cun non.

A terceira é se ten vostede ordenado e por tanto posto en marcha o apartado tres deste convenio, así como do resto das contraprestacións a favor do Concello. Digo isto porque permitiría que os nenos de todos os colexios de Vigo tiveran un cable que chegase á súa porta para se poder comunicar entre todos eles gratuitamente tal como estaba nese convenio.

A cuarta é se ten vostede denunciado a vixencia deste convenio porque se é así todas estas prestacións tampouco terían efecto.

Polo tanto basta cun si ou cun non, porque xa ve que son tipo test e sinxelas, se me pode respostar neste Pleno.

Sinceiramente estamos xogándonos o futuro; un compañeiro de Corporación fixo unha moción fermosa, das que nos gustan ós que estamos en política,

pero o que si está claro é que estas son os do día a día, as que fan que as cousas funcionen ou non. Que vaia para diante a cidade todos os días e que non se quede todo en propaganda.

A nosa terra, o noso país está case a dez puntos por detrás do resto do Estado e neste intre se algún cidadán ou cidadá pide un préstamo dos que nos anuncian tanto a Xunta como o Goberno central para mercar un ordenador, se non pode conectarse a unha rede de banda ancha non llo dan, miren o castigo que temos por culpa da ineficacia de facer propaganda pero non facer realidade a conexión.

Se vostede cré que tampouco me pode respostar neste Pleno, esperaremos unha semana que non pasa nada.

A PRESIDENCIA: Sabe que sempre resposto por escrito todas as preguntas tal e como o contempla o ROF pero, xa que son tan curtas, voulle respostar porque sei a resposta.

Á primeira, si; á segunda, non e a terceira non sei como mo pregunta porque cando tomei posesión xa pasaran dous anos de que rematara ese convenio. Como penso que van vostedes arranxar todo o mal feito, quero dar unha resposta con respecto ó que ten que ver en canto ás competencias duns e outros.

A esixencia do Goberno de Madrid de dispoñer de banda ancha precisamente para acceder ás subvencións na compra de ordenadores, ás veces é discriminatoria non só con Galicia, senón con todas as áreas rurais como vostede sabe, xa que a banda ancha só se instala nas urbes. Esa é a resposta.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e oito minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.

S.Ordinaria 30.01.06